É por isto que a USC intenta dende 2012, e debido aos cambios normativos no sistema universitario, transformar este título propio en un grao oficial de criminoloxía que teña validez en todo o territorio español, primeiro porque reúne todas las condiciones para facelo, pero tamén porque a implantación do título de grao en criminoloxía xa se produciu en mais de trinta universidades públicas e privadas dende 2013. De feito Galicia, a pesar de ser das primeiras en ter estes estudos, agora é a única autonomía poliprovincial que non conta con título oficial e isto formula un problema moi grave aos e ás estudantes da USC que non poden competir cos alumnos e alumnas de grao doutras universidades. Pero a Xunta de Galicia sempre negou a transformación deste título e a implantación do grao.

Esta negativa é inexplicable porque esta titulación xa demostrou a súa viabilidade docente, social e económica. Conta con todos os recursos, docentes e técnicos, para implantarse. Ten unha altísima demanda, porque todos os anos teñen mais de 50 alumnos en primeiro, o esixido pola Xunta de Galicia para manter un título de grao, e 400 de media en toda a titulación. As súas saídas laborais son cada vez maiores, como demostra o feito de que tan alto número de universidades públicas e privadas implantaran este grao. Conta con un recoñecemento académico moi importante polo longo traballo realizado, os seus alumnos levan tempo sendo admitidos para realizar prácticas en institucións públicas como la Academia Galega de Seguridade Pública.

Como pode observarse, o título de criminoloxía cumpre todos os requisitos para asegurar a súa viabilidade, e os cambios ou necesidades novas son mínimas. Pero sobre todo é inexplicable e inadmisible que a Secretaría Xeral de Universidades, contando os estudos de criminoloxía con todos estes elementos de

Grupo Parlamentario

viabilidade e prestixio, abandone aos alumnos e permita, por non implantar o título de grao, que os alumnos de criminoloxía da USC non podan competir cos das outras universidades porque o seu título no ten validez oficial. Isto non importaba cando estes estudos eran en todas as universidades títulos propios, pero si agora que existen títulos de grao. Si os galegos queren facer estes estudos teñen que irse a outra universidade, a máis próxima en Salamanca, e todo iso cando xa están implantados e teñen unha alta tradición en Santiago de Compostela.

Agora, a secretaria xeral de Universidades está inmersa nun proceso de modificación do Mapa de Titulacións do Sistema Universitario de Galicia. Este é o momento de implantar este grao de tanto tradición na USC, que practicamente non ten custes e que daría un futuro aos miles de alumnos e alumnas que cursaron ao longo dos anos criminoloxía.

Non hai ningún motivo para discriminar aos alumnos de criminoloxía tal como está a facer a Consellería de Educación e negar a implantación de este título solicitado pola USC. Estar en esta situación proba o que moitas veces mantivemos os socialistas, que todo o proceso de cambios no Mapa de Titulacións se está a levar sen criterios firmes, con cambios de opinión continuos, sen pensar realmente nos intereses de Galicia, sen dialogo e con continuas imposicións inexplicables

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar na USC, no seno do cambios do Mapa de Titulacións do Sistema Universitario de Galicia, o título de Grao en Criminoloxía para dar continuade e validez oficial aos estudos de criminoloxía que teñen tanta tradición e conseguiron tan bos resultados dende fai décadas en Galicia.

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/07/2017 16:40:32

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/07/2017 16:40:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/07/2017 16:40:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez** e **Paula Quinteiro Araújo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre as investigacións que están sendo levadas a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne pertencente a Consellería de Medio Rural e sobre a integración de dito centro na Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 21 de xullo os axentes da Unidade de Delincuencia Especializada e Violenta (UDEV) da Policía Nacional realizaron unha entrada e rexistro nas instalacións do Centro Tecnolóxico da Carne, una fundación dependente da Consellería de Medio Rural, en busca de probas que poidan demostrar, de ser o caso, un presunto delito contra a facenda pública por prevaricación, falsidade documental e malversación de fondos.

O CTC ten 35 empregados e empregadas, e está dirixido por un padroado composto por representantes das Consellerías de Industria e Innovación, Medio Rural e pola Deputación de Ourense.

Os axentes, impediron o paso ás oficinas a tódolos traballadores e traballadoras da sede e, durante varias horas, estiveron recopilando documentos aínda que non se realizou ningunha detención.



A actuación policial deriva das dilixencias abertas fai meses dende a Fiscalía de Ourense.

O Centro Tecnolóxico da Carne, xestiona un orzamento anual que ronda os 3,5 millóns de euros, dos que boa parte proceden de subvencións da Axencia Galega da Innovación e da Consellería de Medio Rural.

Segundo os datos da prensa escrita, posto que dende a xerencia do CTC que leva D. Miguel Fernández Rodríguez, non se fixeron declaracións, podíanse estar a investigar presuntos desvíos de subvencións que se destinaron a fins para os que non foron concedidas.

Durante o rexistro, os axentes incautaron numerosas caixas de documentos, onde están a ser analizadas ata que diriman si procede querela ou o arquivo da mesma.

Dende En Marea, no mes de abril, poñiamos de manifesto o que cremos que debía ser o centro tecnolóxico e como debía de integrarse na Axencia Galega de Calidade Alimentaria, posto que o Consello da Xunta, no marco do proceso de racionalización das entidades integrantes do sector público autonómico, iniciado no ano 2009, acordou, con data do 16 de febreiro de 2012, aprobar o II Plan de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia. Este plan incluía unha serie de medidas e recomendacións para aplicar sobre un total de 55 organismos da Administración instrumental, destinadas a acadar unha maior eficacia e eficiencia no funcionamento do sector público.

Entre as medidas incluídas nesta segunda fase de desenrolo do citado plan, figuraba o de levar a cabo os traballos conducentes á integración da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CTC), xunto co Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), na futura Axencia Galega de Calidade Alimentaria, que se creará de conformidade co disposto na Disposición transitoria terceira 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga).



Moitos dos organismos que no Consello da Xunta do 16 de febreiro de 2012, se acordou a súa extinción, xa están integrados en diferentes axencias, sen embargo, descoñécese os motivos ou intereses particulares que paralizan ou impiden a integración do CTC na citada axencia.

Segundo o proxecto de decreto polo que se aproban os Estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dita Axencia englobaría aos Centros que están formando parte do INGACAL (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Abegondo-A Coruña) do que depende a Estación Experimental de Gandaría de Montaña Marco da Curra (Monfero-A Coruña), a Estación Experimental Agrícola de Baixo Miño en Salceda de Caselas (Salceda de Caselas-Pontevedra); a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Leiro-Ourense) da cal depende a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia (Pontevedra); o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (Abegondo-A Coruña); Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra).

A Axencia será o instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade. Así mesmo, é obxecto da Axencia a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector agroalimentario, desenvolvendo actividades de I+D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal; impulsar o desenvolvemento rural e a transferencia tecnolóxica.

Con funcións e fins moi semellantes, o Centro Tecnolóxico da Carne é unha fundación de interese galego que pretende dinamizar e mellorar a capacidade competitiva do sector agroalimentario de Galicia: Fomentar a Investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación (I+D+i); coordinar o asesoramento e a transferencia tecnolóxica, para unha eficiente utilización dos medios tecnolóxicos; asistir ao sector nos procesos de adaptación e contribuír a mellorar



as técnicas de xestión produtiva; atender a formación profesional dos recursos humanos.

O CTC persegue os mesmos obxectivos e finalidades na súa actividade que a Axencia, como é o desenrolo de proxectos de investigación no sector agroalimentario, impulsando a transferencia de tecnoloxía e prestando servizos tecnolóxicos de I+D+i e formativos.

Se un dos fins do Plan de racionalización da administración paralela da Xunta consiste na supresión ou agrupación de entes similares e que desempeñen funcións moi semellantes ca finalidade de buscar unha Administración “máis eficaz, máis eficiente e menos custosa” sen afectar a prestación dos seus servizos e da súa calidade, non se pode entender a non inclusión, a día de hoxe, da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne na Axencia Galega de Calidade Alimentaria, ambas pertencentes á mesma Consellería e Dirección Xeral.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que dende a Consellería de Medio Rural se informe aos diferentes grupos desta Cámara sobre as investigacións que se están a levar a cabo nas dependencias do Centro Tecnolóxico da Carne, da cal forma parte a través do padroado.
2. Integrar a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne na Axencia Galega de Calidade Alimentaria.
3. Por en funcionamento a Axencia Galega de Calidade Alimentaria.



Santiago de Compostela a 26 de xullo de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo,

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/07/2017 16:46:18

Paula Quinteiro Araújo na data 27/07/2017 16:46:30

Luis Villares Naveira na data 27/07/2017 16:46:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, sobre os incumprimentos graves en materia de prevención de riscos laborais e seguridade no Parque Natural do Invernadoiro (Ourense).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O martes 4 de xullo deste 2017, no Parque Natural do Invernadoiro, un neno accidentouse rompendo a clavícula. Tivo que baixalo un traballador no coche do servizo sen poder este cumprir as normas de seguridade o non ser coñecedor das mesmas.

No 2016, unha nena atopouse mal, mareouse e sangraba polo nariz. A responsable da excursión tivo que percorrer con dous rapaces de 14 anos, preto de 7 quilómetros para coller o vehículo e ir a buscala (non podían avisar a ninguén por mor do apagón analóxico). Cando chegaron o Hospital Comarcal de Verín, pasaran máis de 3 horas dende que se puxo enferma en recibir atención sanitaria.

Hai 2 anos morreu un traballador dunha empresa externa e o ano pasado un peón sufriu un accidente e tivo problemas para realizar a evacuación.

O pasado día 14 de xullo do presente ano, a Central Intersindical Galega presentou unha denuncia en contra da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de Ourense na Inspección de



Traballo e Seguridade Social o observar incumprimentos moi graves en materia de prevención de riscos laborais e de seguridade.

Dende o apagón analóxico en decembro de 2016, o persoal e usuarios/as do Parque Natural do Invernadoiro están totalmente incomunicados (non hai nin emisoras nin cobertura móbil), situación que se mantén a día de hoxe.

Non se respectan as medidas preventivas mínimas que garantan a seguridade e saúde e a vida das persoas.

Non existe Plan de Emerxencias e Evacuación e a Avaliación de Riscos co plan preventivo, e de existir, é descoñecido polos traballadores e traballadoras do Parque Natural do Invernadoiro. Non existe ningún protocolo de traballo e evacuación e non hai información nin formación en materia de seguridade e primeiros auxilios, feito mais grave pola situación de illamento territorial e de comunicación na que se atopan.

Ademais o persoal non ten EPI`s adecuados, a maquinaria esta obsoleta, non teñen roupa adecuada para as tarefas e que os protexan das oscilacións térmicas características desta provincia e da alta montaña e os vehículos non son avaliados tendo algún de mais de 300.000km.

Esta situación faise en moitos casos extensiva a moitos centros da Galiza, xa que o persoal da Dirección Xeral do Patrimonio Natural non ten emisoras dende o 1 de xaneiro de 2017.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Dotar dun Plan de Emerxencia e Evacuación específico para o Parque Natural do Invernadoiro.
2. Dar formación específica as traballadoras e traballadores do Parque Natural do Invernadoiro para levar a cabo o Plan de Emerxencia.
3. Arranxar os problemas de cobertura móbil e dotar as traballadoras e traballadores do parque de emisoras para desempeñar as súas labores de vixía e custodia do territorio.

Santiago de Compostela a 26 de xullo de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/07/2017 18:02:39

Luis Villares Naveira na data 27/07/2017 18:02:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 10:58
Nº Rexistro: 13235
Data envío: 28/07/2017 10:58:51.479

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a implantación do Grao oficial de Criminoloxía na Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) oferta desde o ano 1981 a titulación de Criminoloxía o que a converte na terceira máis antiga do conxunto do Estado español.

Porén, malia as mudanzas lexislativas que permiten a implantación destes estudos con carácter oficial de Grao en Criminoloxía a Secretaría Xeral de Universidades rexeitou esta posibilidade de maneira reiterada desde 2012. Neste senso, Criminoloxía mantense mais como titulación propia da Universidade.

Unha decisión que contrasta coa adoptada noutros territorios. Por exemplo, Catalunya e Madrid implantaron senllos Graos oficiais en 2013 e, na actualidade, son máis de 30 as universidades que o ofertan en todo o Estado español, tanto públicas como privadas.

Por esta razón, o estudantado de Criminoloxía da USC denuncia a situación de discriminación que a a negativa da Xunta de Galiza carrega en relación a outros territorios pois fican, entre outras cuestións, excluídas e excluídos do acceso á escala executiva das Forzas e Corpos de Seguridade e de Institucións Penitenciarias, por exemplo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 10:58
Nº Rexistro: 13235
Data envío: 28/07/2017 10:58:51.479

Así mesmo, malia que en diversas ocasións estudantes de Criminoloxía tentaron manter un encontro con responsábeis da Consellaría de Educación para lles expor as súas demandas nunca foron recibidos polo Goberno galego.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a apoiar a implantación da titulación oficial de Grao en Criminoloxía na Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 10:58
Nº Rexistro: 13235
Data envío: 28/07/2017 10:58:51.479

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2017 10:34:34

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2017 10:34:40

Ana Pontón Mondelo na data 28/07/2017 10:34:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/07/2017 10:34:45

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2017 10:34:47

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2017 10:34:49

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O día 15 de xullo, un terrible incendio afectaba a unha nave e a unha vivenda en Tenorio, no concello de Cerdedo-Cotobade, en Pontevedra. A extinción dese lume foi a última evidencia de que o modelo de xestión dos parques provinciais do servizo contra incendios e dos medios de emerxencias necesita unha urxente revisión. Cómpre contar con medios que dean cobertura ás denominadas “zonas de sombra” nas provincias galegas e que dificultan as labores de intervención áxil ante unha emerxencia de calquera clase. Por poñer un exemplo, os tempos de resposta á comarca de Pontevedra dende os parques de Bueu ou Ribadumia son, no mellor dos casos, de case unha hora.

Xa no mes de xaneiro do pasado ano, a Deputación de Pontevedra trasladaba ao Vicepresidente da Xunta de Galicia a necesidade de abordar de xeito inmediato un novo modelo, demandando unha modificación do mapa para a implantación dun mapa de emerxencias baseado nas isocronas, que garanta tempos de resposta axeitados ante os incendios e as emerxencias, e contando con novos subparques que melloren as atencións das emerxencias na provincia de Pontevedra. Esta posición foi tamén reforzada por distintos grupos municipais, polo colectivo de profesionais contra incendios de Galicia e polas deputacións de A Coruña e Lugo.

Mentres, como xa nos ten acostumados, o Goberno galego non ten nomeado o seu representante na Comisión Técnica aprobada o 27 de abril de 2017 para a modificación do mapa de emerxencias que implante o modelo de isocronas.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que revise o modelo de xestión mediante a implantación dun mapa de emerxencias baseado nas isocronas, que garanta tempos de resposta axeitados ante os incendios e as emerxencias, e contando con novos subparques que melloren as atencións das emerxencias en Galicia.

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/07/2017 12:43:49

José Antonio Quiroga Díaz na data 28/07/2017 12:43:55

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/07/2017 12:44:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/07/2017 12:44:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/07/2017 12:44:07

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

En xuño de 2009, Augas de Galicia elaboraba o anteproxecto de construción e explotación da Edar de Ribeira, presentando a solicitude de cualificación ambiental en xullo daquel ano. Dende entón, o Goberno do PP ten feito un “plan” para o saneamento da ría; un estudo de impacto ambiental e unha promesa electoral do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de executar o proxecto de pluviais e fecais en Ribeira, no borde marítimo, cun importe de 3.000.0000 de euros. Dende o ano 2014, a sociedade estatal ACUAES iniciaba a obra da depuradora, no marco dun convenio entre os gobernos do Estado e a Xunta, financiada con fondos Feder.

Non obstante, ademais dos problemas co emisario submarino, do mal funcionamento dos tanques de tormenta e dos sifóns e dos vertidos ao mar de lixo e de augas non debidamente depuradas, hoxe hai 475 denuncias por problemas de salubridade derivados do mal funcionamento da edar en probas. Informes técnicos sobre a edar din que se observan medicións moi altas de sulfhídrico nas estacións de bombeo e que, nalgúns casos, se sitúan fóra de rango.

A propia conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio recoñecía estes problemas no Pleno do Parlamento de Galicia e incluso prometía arranxalos. Pois ben, a situación segue a ser a mesma; tanto que en maio deste ano, ante denuncia dun dos veciños afectados, a Fiscalía de Medio Ambiente decidiu abrir dilixencias informativas de investigación penal pola posible existencia de vertidos potencialmente contaminantes e perigosos que puidesen constituír acción de delito. Por tal motivo, o fiscal oficiou ao Concello de Ribeira, ás empresas COPASA e EPTISA e a Augas

Grupo Parlamentario

de Galicia (a esta última, para que informe sobre se os feitos descritos na denuncia deron lugar a algunha actuación, o seu resultado e se existiron expedientes tramitados, solicitando copia dos mesmos).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solucionar de maneira inmediata os problemas de vertidos existentes en Ribeira co fin de poder recepcionar canto antes a obra da Edar de Ribeira por parte de Augas de Galicia.

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

M^a Dolores Toja Suárez

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/07/2017 13:02:13

María Dolores Toja Suárez na data 28/07/2017 13:02:19

Raúl Fernández Fernández na data 28/07/2017 13:02:25

María Luisa Pierres López na data 28/07/2017 13:02:31



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/07/2017 13:02:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 13:26
Nº Rexistro: 13279
Data envío: 28/07/2017 13:26:59.827

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a xestión das visitas ao Pazo de Meirás pola Fundación Francisco Franco.

A Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña denunciou publicamente que a xestión das visitas no Pazo de Meirás están en mans da Fundación Francisco Franco. Unha entidade destinada á divulgación da figura e pensamento dun fascista e xenocida cuxo réxime ditatorial asasinou, reprimiu, vexou, torturou, violou e encarcerou milleiros de persoas na Galiza e no Estado español.

Esta situación produciuse despois da incoación por parte do Goberno galego dun expediente á familia do ditador por incumprir, de maneira reiterada, coa súa obriga legal de abrir o Pazo ás visitas durante un mínimo de catro días ao mes de acordo co fixado na Lei de Patrimonio Cultural de Galiza para os Bens de Interese Cultural (BIC). Feito que tivo lugar despois dun acordo parlamentar unánime na Comisión 4ª.

Cabe preguntarse se pode ser este ente capaz de trasladar unha información veraz do acontecido neste espazo durante a ditadura ao igual que arredor do réxime xenocida que non só lexitima senón que defende e promove.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 13:26
Nº Rexistro: 13279
Data envío: 28/07/2017 13:26:59.827

Que agora sexa a Fundación Francisco Franco quen xestione as visitas supón unha burla desde calquera punto de vista e un insulto máis á memoria das vítimas da ditadura fascista.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Dirixirse á familia Franco para lle trasladar formalmente o rexeitamento do Goberno galego a que sexa a Fundación Francisco Franco quen xestione as visitas ao Pazo de Meirás pois supón unha burla á memoria e á dignidade de Galiza.
- Crear unha comisión de estudo que procure a devolución do Pazo de Meirás aos seus lexítimos propietarios.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 13:26
Nº Rexistro: 13279
Data envío: 28/07/2017 13:26:59.827

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2017 13:24:58

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2017 13:25:05

Ana Pontón Mondelo na data 28/07/2017 13:25:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/07/2017 13:25:10

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2017 13:25:12

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2017 13:25:14

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Moisés Rodríguez Pérez, Antonio Mouriño Villar e Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno galego está a desenvolver unha estratexia de ensino e aprendizaxe en liña para facilitarlles o acceso á formación de lingua galega ás persoas adultas que desexan adquirir ou mellorar a súa competencia lingüística aproveitando as vantaxes que ofrecen as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) no ámbito da formación. Non podemos esquecer a dispersión da nosa poboación e os residentes no exterior, feitos que dificultan o acceso aos cursos presenciais

Esta aposta ten cristalizado na convocatoria de diferentes edicións de cursos en liña preparatorios para as probas de certificación de lingua galega no seu primeiro nivel, cun considerable número de solicitantes. Trátase de accións formativas dirixidas, nomeadamente, a persoas estranxeiras, non galegofalantes ou que non contén con formación en lingua galega e que estean interesadas en achegarse ao idioma para melloraren a súa competencia lingüística básica en galego.

Dende o Grupo Parlamentario Popular, consideramos que a estratexia de formación en liña pode ser un elemento de atracción para todas as persoas que desexen adquirir as competencias lingüísticas de diferentes niveis en galego, polo que consideramos que pode ser interesante ampliar a oferta de cursos CELGA en liña a outros niveis de competencia lingüística.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a avanzar na formación da lingua galega para adultos, a través de medidas como a posta en funcionamento do CELGA 4 en liña; ademais de potenciar e facilitar a realización dos exames que acrediten a competencia lingüística en galego”.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 13348
Data envío: 01/08/2017 09:30:52.818

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/07/2017 14:23:15

César Manuel Fernández Gil na data 31/07/2017 14:23:25

Maria Antón Vilasánchez na data 31/07/2017 14:23:28

Teresa Egerique Mosquera na data 31/07/2017 14:23:36

Carlos Gómez Salgado na data 31/07/2017 14:23:47

Carlos Enrique López Crespo na data 31/07/2017 14:23:55

Moisés Rodríguez Pérez na data 31/07/2017 14:24:04

Antonio Mouriño Villar na data 31/07/2017 14:24:12

Martín Fernández Prado na data 31/07/2017 14:24:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 10:10
Nº Rexistro: 13363
Data envío: 01/08/2017 10:10:43.490

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O comunicado feito público no día de hoxe, 31 de xullo de 2017, pola Fundación Franco sobarda todos os límites. Constitúe unha provocación, unha burla da lei de memoria histórica, unha ofensa a todas as vítimas do franquismo e do Ditador, e un escandaloso exemplo da impunidade con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Esta actitude desafiante e chulesca é posíbel pola complicidade e a permisividade do PP e da Xunta de Galiza, que consenten, amparan e protexen a Illa de impunidade e o parque temático franquista en que se converteu o Pazo de Meirás. Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leve o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación –por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergoña que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a converta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 10:10
Nº Rexistro: 13363
Data envío: 01/08/2017 10:10:43.490

admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Para rematar con esta ignominia e esta provocación, o BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1. Abandonar a actitude de permisividade e complicidade con que actúa a Xunta de Galiza en relación coa familia Franco no que ten que ver co uso do Pazo de Meirás.

2. Facer unha condena pública, firme e rotunda, do uso do Pazo por parte da Fundación Franco para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador.

3. Aprobar unha lei galega de memoria histórica que prohiba, persiga e sancione os actos de exhaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

4. En relación co Pazo de Meirás:

- Con carácter inmediato, velar porque as visitas ao Pazo non se utilicen para contar unha versión manipulada da historia e ofensiva para as vítimas do franquismo.

- A curto prazo, promover ou colaborar na creación dunha comisión de estudo para a devolución do Pazo de Meirás ao patrimonio público e das propiedades privadas espoliadas aos seus lexítimos donos ou persoas herdeiras.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 10:10
Nº Rexistro: 13363
Data envío: 01/08/2017 10:10:43.490

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2017 10:06:30

María Montserrat Prado Cores na data 01/08/2017 10:06:33

Ana Pontón Mondelo na data 01/08/2017 10:06:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/08/2017 10:06:37

Olalla Rodil Fernández na data 01/08/2017 10:06:40

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2017 10:06:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** parao seu debate en **Pleno, relativa á necesidade dun centro de día en Rianxo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O envellecemento da poboación fai necesario un planeamento serio e axeitado dos recursos de atención ás persoas maiores e tamén ás persoas dependentes. Neste aspecto toman especial relevancia os recursos públicos destinados a tal fin, que deben dar resposta ao que é un dereito social.

Entre as diversas figuras e ferramentas de atención toman especial relevancia os centros de día como elementos que evitando unha institucionalización continua, poden permitir a conciliación da vida familiar. Os centros de día son o chanzo de proximidade na atención sociosanitaria. Nese senso, a proximidade aos domicilios familiares é chave para garantir esa verdadeira posibilidade de conciliación, evitando longos transportes e facilitando o acceso ás persoas maiores ou dependentes nas nosas vilas.

Este feito fai dificilmente comprensible que se negue a posibilidade de que a vila de Rianxo conte cun centro de día de seu, coma así acontece co resto de concellos da contorna. É comprensible a necesidade de planificación comarcal e provincial dos recursos, algo que imposibilita por razóns operativas, ter unha residencia de maiores en cada pobo ou cidade.



Sen embargo, un centro de día, trátase dun recurso básico, menos especializado, cuxa principal característica debe ser a proximidade, entre outras.

Tampouco é un recurso que se substitúa por un centro sociocomunitario, tamén necesario, pero cuxa actividade de lecer non ten que ver cos coidados de saúde e de atención social dun centro de día para persoas maiores e dependentes.

A veciñanza de Rianxo leva meses pelexando por un centro de día, reclamado xa moito tempo atrás. Tras unha exitosa recollida de sinaturas, chegaron as mobilizacións e hoxendía permanecen soportando un longo peche nas dependencias do Concello no que reclaman seren escoitadas e escoitados pola Consellería de Políticas Sociais.

En Marea ten trasladado a debate na Comisión de Políticas Sociais a proposta de dotar de este medio a Rianxo, mais a maioría popular ten votado en contra. Consideramos necesario insistir en relación a este asunto, que cremos é prioritario para as necesidades de veciñas e veciños.

Ante estes feitos, **En Marea** realiza a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia e en concreto á Consellería de Políticas Sociais a:

- 1.- Recibir e escoitar ás veciñas e veciños de Rianxo.**
- 2.- Orzamentar para 2018 a construción do novo centro de día para Rianxo, axeitado ás necesidades poboacionais e licitando o proxecto antes de final de 2017.**



Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/08/2017 10:40:36

Luis Villares Naveira na data 01/08/2017 10:40:43

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Ante a sorpresa e indignación manifestada polas asociación en defensa da memoria histórica e diversos partidos políticos, entre eles o PSdeG, polo feito de que as visitas ao Pazo de Meirás estean xestionadas pola Fundación Francisco Franco, esta acaba de emitir un comunicado que poderíamos considerar absolutamente grotesco e risible dado o ton empregado, o vocabulario utilizado e a absurda manipulación histórica que realiza, se non fora porque supón un auténtico insulto, burla e provocación a todos os galegos e galegas e a toda a cidadanía democrática. Por iso consideramos que é un comunicado inadmisíble e que a Xunta de Galicia non o pode admitir sen dicir nada.

Non se pode permitir que a Fundación Francisco Franco afirme que as visitas ao Pazo de Meirás van constituír unha excelente oportunidade para “mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco...” Como non se pode consentir que falsee la historia dicindo que o pazo foi doado polo pobo de Galicia cando todos sabemos pola documentación histórica existente que o pazo chegou a mans do ditador a través de espolios, roubo de recursos públicos e subscricións obrigatorias, froito de ameazas e presións.

Todo o comunicado é realmente unha apoloxía do franquismo e unha nova provocación dos herdeiros do ditador e da Fundación Francisco Franco ás forzas democráticas e a cidadanía que un goberno democrático como a Xunta de Galicia non pode consentir estando calado.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer público un comunicado oficial no que claramente sexan reprobadas todas as declaracións da Fundación Francisco Franco que enaltecen a figura do ditador e a utilización do Pazo de Meirás para a exaltación dunha figura culpable do asasinato de miles de galegos e españois.
2. Manifestarlle claramente aos herdeiros de Franco a oposición do Goberno galego a que unha Fundación fascista como a de Francisco Franco xestione as visitas ao pazo
3. Manifestarlle claramente aos herdeiros de Franco e a Fundación que non poden utilizar as visitas ao pazo para enaltecer a figura do ditador.

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/08/2017 13:11:03

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/08/2017 13:11:10

 Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/08/2017 13:11:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2017 13:11:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:18
Nº Rexistro: 13380
Data envío: 01/08/2017 13:18:13.321

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás necesarias modificacións lexislativas para a modificación dos coeficientes redutores aplicados ás xubilacións anticipadas.

A Confederación Estatal de Asociacións e Federacións de Prexubilad@s e Xubilad@s de Telefónica (CONFEDETEL) da que é parte a Asociación de Prexubilad@s e xubilad@s de Telefónica (APRETEL) de Pontevedra e Ourense, e a Confederación Estatal de Prexubilad@s e Pensionistas (CEPYP) representan a prexubilad@s e pensionistas en todo o ámbito do Estado. Ambas as organizacións naceron por mor da falla de protección normativa suficiente para un novo sistema de cesamentos de contrato laboral coñecido por prexubilacións. Representantes destas asociacións puxéronse en contacto co BNG, para solicitarnos a presentación da seguinte iniciativa, no obxectivo de modificar a situación.

As Cortes de Aragón, a Xunta Xeral do Principado de Asturias, Andalucía e Castilla León aprobaron Proposicións non de Lei dirixidas ao Goberno do Estado co fin de dignificar as pensións daqueles/as xubilad@s anticipad@s con longas carreiras de cotización. Sabemos que en Madrid, Valencia, Navarra, Cataluña, e Illas Canarias están presentados a trámite un documento similar. Estase xestionando na mesma liña no País Vasco, Castela A Mancha, Galiza, Extremadura, Illas Baleares, Cantabria. A Rioxa e Murcia, pendentes de comezar xestións.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:18
Nº Rexistro: 13380
Data envío: 01/08/2017 13:18:13.321

O artigo 41 da Constitución configura un sistema de Seguridade Social de natureza pública, de contía suficiente en canto ao seu nivel de protección, de carácter universal e irregresivo.

Diversas normas pertencentes ao sector laboral e de seguridade social do ordenamento xurídico establecen sistemas de xubilación graduais e flexibles, posibilitándose a anticipación da mesma co correspondente quebranto económico que afecta @s xubilad@s anticipad@s, contravíndose a natureza contributiva desta prestación, o dereito constitucional a unha pensión suficiente ao cumprirse a idade legal de xubilación e vulnerándose a irregresividade, que debe ser obxecto de especial consideración para os xubilados a partir dos 65 anos, nunha interpretación concorrente do citado artigo 41 da norma fundamental e o artigo 50 da mesma. Debe considerarse que non todas as xubilacións anticipadas son de carácter voluntario. Pola contra, a maior porcentaxe das mesmas correspóndese coa execución de plans de reconversión industrial que afectan a sectores maduros da nosa economía e que se fundamentan na aplicación de coeficientes redutores @s xubilad@s anticipad@s, coeficientes que deben ser obxecto de remoción no momento de alcanzar os mesmos a idade de 65 anos. Razóns de equidade e o cumprimento dos requirimentos constitucionais indicados aconsellan modificar normas como a Lei Xeral de Seguridade Social, que produce un notable quebranto económico na pensión de xubilación que corresponde a partir dos 65 anos @s xubilad@s anticipad@s.

En ningún caso a Seguridade Social debe obter beneficio polo feito de acceder á xubilación anticipada, como sucede na actualidade. Ademais, nas carreiras de longa cotización, a partir dos 35 anos cotizados deben reducirse os coeficientes redutores, ata a súa desaparición cando @ afectad@ cotízase 40 ou máis anos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:18
Nº Rexistro: 13380
Data envío: 01/08/2017 13:18:13.321

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en pleno.

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español, para demandarlle as seguintes actuacións:

- Realizar as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos casos nos que se accedeu á xubilación anticipada. Aplicarase unha penalización inferior á que existe actualmente dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei, con 35 anos cotizados e unha redución progresiva dos mencionados coeficientes ata a súa desaparición total cunha cotización de 40 anos. A Lei, a partir da súa entrada en vigor, será de aplicación @s que se atopan penalizad@s antes da promulgación da citada Lei e @s futur@s pensionistas.

Para os efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só computarase o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

- Realizar as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de que nos casos de acceso á xubilación anticipada por vontade d@ interesad@ nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte @ traballador/a para cumprir a idade legal de xubilación, conforme ao disposto no artigo 208 do mesmo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:18
Nº Rexistro: 13380
Data envío: 01/08/2017 13:18:13.321

texto legal, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento no que @ pensionista cumpra a idade legal de xubilación.

- O previsto na presente proposición non de lei non se verá afectado polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación nos mesmos termos aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables @ traballador/a, previstos no artigo 207.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:18
Nº Rexistro: 13380
Data envío: 01/08/2017 13:18:13.321

María Montserrat Prado Cores na data 01/08/2017 13:05:51

Ana Pontón Mondelo na data 01/08/2017 13:05:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/08/2017 13:05:59

Olalla Rodil Fernández na data 01/08/2017 13:06:01

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2017 13:06:04

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2017 13:06:06

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de Xustiza, foi un paso para a súa modernización. Regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. Facíase así efectivo o dereito á tutela xudicial efectiva, sendo un dos elementos máis relevantes a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías, que permiten abaratar os custos do servizo público de xustiza e que actualizan o dereito fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas. En virtude desta lei, o día 1 de xaneiro de 2016 comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema LexNet, con multitude de problemas.

Ademais, xa hai tempo que os distintos operadores xurídicos advertían de que a fiabilidade do sistema non era boa, que non era fiable nin controlable, polo que tiña sentido realizar unha auditoría externa que avaliasse a implantación do sistema LexNet. Pois ben, nestes días esa falla de fiabilidade amosouse: o día 27 de xullo pola tarde, soubemos dun fallo no sistema de seguridade que permitía o acceso á plataforma, de maneira que todos os datos e ficheiros da Administración de Xustiza foron de libre acceso para calquera persoa. O propio subdirector Xeral do Ministerio de Xustiza así o confirmou ata que o Ministerio decidiu desconectala.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha auditoría externa que avalíe a implantación do sistema LexNet en Galicia.
2. Demandar ao Goberno do Estado a dimisión do director xeral de Xustiza.

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/08/2017 13:28:09

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/08/2017 13:28:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2017 13:28:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2017 13:28:22

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A poboación menor de 18 anos, destinataria da Convención sobre os Dereitos do Neno, cífrase en Galicia en 410.674 nenos e nenas, que representan o 14,5 % da poboación total.

Todos os programas e proxectos de acción que implementen os organismos públicos e que afecten á infancia deben estar baseados na Convención sobre os Dereitos do Neno, recollendo os principios reitores deste tratado internacional, que son: a non discriminación, o interese superior do/da neno/nena, o dereito á supervivencia e o desenvolvemento, e o dereito á participación.

A Convención sobre os Dereitos do Neno establece, en forma de Tratado internacional, que os Estados Partes deben asegurar que todos os nenos e nenas gozan dos dereitos e liberdades que consagra o Tratado; que teñen acceso á educación e aos servizos de saúde, que poden desenvolver plenamente as súas capacidades físicas, psíquicas, sociais e morais; que crecen nunha contorna de felicidade, protección, benestar e comprensión, que gozan do esporexemento, a cultura, as artes e o deporte e que poden participar dunha forma accesible e activa en todo este proceso.

O 6 decembro de 1990 España ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno, por canto debe observala e facer que se cumpra en todas as súas partes. A Constitución Española no seu Artigo 10.2 afirma que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais. Así mesmo, no seu Artigo 96.1 CE sinala que os tratados internacionais validamente celebrados formarán parte do ordenamento interno.

A Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e a Resolución A3-0172/92, do 8 de xuño de 1992, do Parlamento Europeo sobre unha Carta Europea dos Dereitos do Neno, foron dotando aos nenos e nenas dun adecuado marco xurídico de protección, consecuente coa filosofía da Convención sobre os Dereitos do Neno.

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa no campo da protección da familia, da infancia e da adolescencia nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27, apartados 23º e 24º, dos que o primeiro deles dá lugar ás transferencias de funcións nas materias de servizos e asistencia sociais), e das institucións de protección e tutela de menores.

O Plan estratéxico galego de infancia e adolescencia 2007-2010 supuxo un paso adiante na estratexia de atención á infancia da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias. Este plan concíbese tomando como base de actuación a Convención sobre os Dereitos do Neno, para desenvolver unha cultura da promoción do bo trato á infancia e á adolescencia en Galicia, mediante actuacións cuantificables e concretas en tres ámbitos: a prevención, a protección e a reeducación.

En función do artigo 25 da Lei de bases de réxime local, os gobernos locais teñen competencias en áreas que afectan directamente o benestar e desenvolvemento da infancia. Estas institucións e as súas entidades, como a administración máis próxima ao cidadán e canle de participación, socialización e convivencia, son aliados clave para lograr que os nenos e nenas de Galicia atopen na súa cidade, o seu barrio e pobo unha contorna segura e enriquecedora para o seu pleno desenvolvemento.

Así mesmo, as asociacións que habitualmente desenvolven accións no ámbito da infancia, as cales se orientan á prevención das situacións que interfíren no normal desenvolvemento persoal e social do/da neno/nena ou adolescente, acrecentan e fortalecen a súa participación cotiá na súa comunidade local, creando espazos de aprendizaxe para a participación e fomentando actitudes e valores como a solidariedade, a paz, a tolerancia ou a xustiza social, son fundamentais na materialización e desenvolvemento dos principios reitores da Convención sobre os Dereitos do Neno. A

Grupo Parlamentario

participación infantil nas súas múltiples formas (artigo 12, artigo 13- 16 e artigo 29) é un aspecto de primordial importancia para asegurar a implementación de todas as disposicións da Convención sobre os Dereitos do Neno e para o correcto enfoque das medidas, programas e estratexias que se adopten a favor da infancia.

Neste marco normativo o 4 de abril de 2011, os tres grupos que tiñan daquela representación na Cámara galega -PP, PSOE e BNG- asinamos con Unicef o denominado Pacto Galego pola Infancia, no que nos comprometíamos a incluír aos menores entre as prioridades da axenda política e social a nivel local e autonómico, promover a súa participación cidadá, crear "ciudades amigas" e mitigar os efectos da crise, a exclusión e a pobreza sobre os nenos e nenas.

Un dos puntos que recollía o acordo era a elaboración e posta en marcha do segundo Plan estratéxico galego de infancia e adolescencia 2011-2014, ademais de avogar por desenvolver nas institucións públicas órganos estables de participación infantil, manter e optimizar os recursos económicos para servizos a menores, elaborar plans municipais de infancia, ou establecer medidas para promover a protección da explotación, a violencia e o abuso. O acordo incluía ademais a creación dunha comisión de seguimento, que se debía reunir anualmente para analizar e facer público o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe sobre o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos no Pacto Galego pola Infancia asinado no ano 2011.
2. Poner en marcha de maneira urxente a Estratexia galega de infancia e adolescencia para o período 2018-2022, como instrumento para determinar as políticas públicas do goberno galego como garante do benestar e calidade de vida dos e das menores.
3. Crear durante o ano 2017 o Observatorio de infancia e adolescencia de Galicia.

4. Impulsar durante esta lexislatura a Lei de infancia e adolescencia de Galicia que recolla cando menos os seguintes obxectivos:

- a) A definición do ámbito competencial de todas as administracións públicas de Galicia con responsabilidades en materia de infancia e adolescencia.
- b) Determinar a transversalidade da infancia e a adolescencia en todas as administracións públicas da nosa Comunidade Autónoma.
- c) A regulación da implicación e a responsabilidade de toda a sociedade no benestar da infancia e a adolescencia.
- d) coñecemento e afianzamento dos dereitos e deberes da infancia e adolescencia.
- e) A protección da contorna familiar e social das persoas menores de idade.
- f) A regulación do compromiso dos poderes públicos no exercicio da participación infantil, coa creación dun órgano de participación da infancia e a adolescencia, o Consello Galego de Nenos e Nenas e Adolescentes.

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2017 13:44:18

Julio Torrado Quintela na data 01/08/2017 13:44:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2017 13:44:29

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado no barrio compostelá de Salgueiriños, programouse no ano 2007 co obxectivo de ser un centro de vangarda, pioneiro no Estado para o tratamento integral da discapacidade. O complexo está preparado para facilitar a mobilidade e tratamento de persoas dependentes, e dotado de múltiples espazos e servizos, todos encamiñados á promoción da autonomía persoal de persoas con discapacidades físicas e a súa integración e desenvolvemento social. Principalmente, ofrecerá asistencia para persoas dependentes, aínda que, nos seus locais haberá locais administrativos, formativos, de rehabilitación, de investigación e de recursos de apoio. A previsión era daquelas que cando estivera a pleno rendemento podería atender a un total de 162 persoas con discapacidade ao día: setenta das súas prazas serían para formación; 60 destinaríanse para habilitación funcional, emocional e psicosocial; e as 32 restantes para residencia. Ademais, o proxecto contemplaba unha zona de cafetería e de comedor, que estaría aberta ao público da cidade.

O centro segue pechado na actualidade malia que as obras, supuxeron un investimento de máis de 13 millóns de euros.

Na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, continuación e consecuencia do primeiro plan, non se fai mención á apertura do Cegadi como parte dos obxectivos para executar neste período.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha de maneira urxente, e a pleno rendemento, o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado en Santiago de Compostela.

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2017 13:39:42

Julio Torrado Quintela na data 01/08/2017 13:39:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2017 13:39:52

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Concepción Burgo López, José Antonio Quiroga Díaz e Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia ten unha riqueza extraordinaria de xacementos arqueolóxicos: castros, petróglifos, mámoas, pedrafitas ..., se reparten por toda a nosa xeografía, con unha maior concentración en zonas rurais, algunhas non habitadas. Estes bens arqueolóxicos conforman fitos na paisaxe e configuran unha parte dun territorio modelado ao longo do tempo.

Esta gran riqueza arqueolóxica e paisaxística está sendo atacada sistematicamente. Continúas son as noticias de espolios e destrucións sen arranxo posible. E un dos elementos máis nocivos para a nosa riqueza arqueolóxica é a política forestal levada a cabo polo goberno. Esta situación é un exemplo máis dunha realidade causada por un modelo de xestión do Patrimonio Cultural insostible e na práctica pouco operativo.

En efecto, asociacións de defensa do Patrimonio como Mariña Patrimonio acaba de poñer de manifesto con datos como a industria do eucalipto está destruindo xacementos arqueolóxicos.

Así afirma esta asociación que no norte da provincia de Lugo, segundo o listado de fichas de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio, hai uns 500 xacementos. Deles en torno a metade están plantados de eucaliptos.

Dos aproximadamente 250 xacementos que non teñen eucaliptos, 70 están en zonas onde non se pode plantar (zonas urbanas, castros costeiros), e a maior parte dos 180 xacementos restantes, polo de agora libres de eucaliptos están nas zonas máis altas e frías, onde o eucalipto glóbulus non tería acomodo pero si o fai o eucaliptus nitens que se está introducindo. En

Grupo Parlamentario

todo caso todos eles poden ser destruídos pola maquinaria pesada utilizada para as plantacións.

Estas son as grandes cifras, pero se poden poñer múltiples exemplos particulares de castros e outros bens destruídos, como por exemplo o Castro da Rilleira por dúas veces arrasado por unha plantación de eucaliptos. Hai que ter en conta que a utilización de maquinaria pesada, a construción de camiños para mover a madeira, os movementos de terra para a tala e as plantacións, arrasan literalmente uns bens que son de por si moi delicados, e isto non está a pasar con xacementos descoñecidos, senón con bens arqueolóxicos inventariados e catalogados.

A realidade é que a política forestal da Xunta de Galicia non contempla en absoluto a existencia e defensa dos xacementos arqueolóxicos nin calquera outro elemento da paisaxe cultural como valados, cruceiros, etc. Nin na Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia, nin o Plan forestal de Galicia (PFG), que é o verdadeiro instrumento de planificación estratéxica da política forestal do noso país, contemplan nin unha soa vez, nin sequera con unha soa palabra, o patrimonio arqueolóxico en particular nin o patrimonio cultural en xeral.

Por outra parte, o PFG tiña un horizonte de aplicación de 40 anos. Transcorridos 25 dende a súa aprobación, as previsións sobre o crecemento do eucaliptos víronse desbordadas. Estimábase que se chegaría a 245.000 has. en 2032, pero a día de hoxe temos 425.000 has., un 76 % máis do previsto. E todo isto sen ningunha medida de protección dos xacementos arqueolóxicos, cuxa destrución tamén creceu considerablemente nestes anos.

Nestes momentos estase a proceder a revisión do Plan forestal de Galicia, pero polo que imos coñecendo podemos afirmar que nada vai cambiar na protección do patrimonio, e que a Xunta de Galicia non está en absoluto facendo a política transversal que os bens arqueolóxicos necesitarían.

E dicimos isto porque no grupo de traballo encargado de elaborar as directrices da renovación do PFG hai representantes de empresarios, ecoloxistas, cazadores, asociacións forestais...pero nin un só arqueólogo ou profesional do patrimonio. Por outra parte, nas directrices elaboradas por

Grupo Parlamentario

este grupo de traballo non hai nin unha soa mención a xacementos arqueolóxicos ou a súa protección, e iso que di que o Goberno quere un aproveitamento sostible do monte. Semella que a nosa historia e o noso patrimonio, que por certo teñen unha clara vertente económica, non entra dentro desta categoría de “sostible”.

Igualmente a Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia non contempla o dano o patrimonio nin sequera como infracción, pero tampouco, o que nos parece máis grave, marca ningunha distancia mínima obrigatoria para facer plantacións cerca dun xacemento arqueolóxico. Faise referencia as distancias mínimas para o labradío, para canles fluviais, para vivendas, para urbanizacións, para industrias... pero en ningún momento se cita ao patrimonio o que nos parece moi grave porque dificulta a petición de responsabilidades.

É certo que existe a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que teoricamente defende a pervivencia dos xacementos arqueolóxicos e que, tamén teoricamente, ten que dar permiso para certas accións de reforestación, pero son medidas moi xenéricas, como proban os feitos, e non conseguen frear o deterioro do patrimonio nas zonas de explotación forestal.

Por outra parte, e independentemente da Lei de patrimonio cultural, parecemos fundamental que o Plan forestal de Galicia trate o tema do patrimonio, dando directrices claras que faciliten a súa protección e impidan as continuas desfeitas da maquinaria pesada e das talas e plantacións. E, claramente necesario neste tema unha acción transversal de goberno.

O PFG debe incorporar as zonas de protección integral como zonas excluídas e de amortecemento, definindo as distancias mínimas como fai para outros elementos.

Así mesmo é necesario que nos grupos de traballo participen arqueólogos como persoal especializado e que realmente sabe que medidas hai que tomar para que, sen impedir o desenvolvemento forestal, protexa e ampare a nosa historia/paisaxe.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incluír nos grupos de traballo e supervisión do Plan Forestal de Galicia a especialistas en arqueoloxía
2. Introducir, co asesoramento de arqueólogos, medidas de protección, defensa e conservación dos xacementos arqueolóxicos no Plan Forestal de Galicia. En todo caso, e como mínimo, deben prohibirse totalmente as plantacións ou repoboacións de eucaliptos ou calquera outra especie arbórea nos terreos de xacementos arqueolóxicos, delimitar un área de protección suficientemente ampla para protexer o ben patrimonial onde tampouco se poda plantar nin facer ningún traballo con maquinaria pesada e marcar as pautas de actuación e uso de maquinaria nas áreas protexidas.
3. Establecer as compensacións necesarias para paliar as posibles perdas económicas que estas medidas podan ocasionar aos propietarios.
4. Modificar a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia para establecer medidas de protección, defensa e conservación dos xacementos arqueolóxicos, incluíndo distancias mínimas dos bens patrimoniais para as plantacións ou repoboacións forestais, e introducindo as medidas de protección xa existentes na lexislación sectorial de patrimonio.
5. Tomar medidas de protección de determinados camiños tradicionais fronte á maquinaria agrícola, sobre todo se teñen valados e ordenar as marxes dos camiños con distancia de seguridade e plantacións de pantallas de frondosas.

Pazo do Parlamento, 21 de xullo de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
José Antonio Quiroga Díaz
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/08/2017 10:46:01

José Antonio Quiroga Díaz na data 02/08/2017 10:46:07

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 02/08/2017 10:46:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2017 10:46:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Anxeles Cuña Bóveda** e **Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa á titulación de Criminoloxía da USC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Universidade de Santiago de Compostela leva impartindo unha titulación propia en Criminoloxía (Diploma Superior en Criminoloxía) dende os anos oitenta. Tras varios anos xa solicitando por parte da USC a implantación do grado en Criminoloxía, a Secretaría Xeral de Universidades que dirixe o goberno do Partido Popular ven denegando continuamente tal demanda con febles e pouco fundamentadas alegacións. Na actualidade este título non ten validez oficial algunha e tanto a situación dos alumnos agora matriculados como a dos máis dos 10.000 alumnos xa egresados é desesperante e incomprensiblemente desigual.

Neste senso hai que destacar que Galicia trátase da única comunidade do Estado que xunto con Asturias non dispón do Grado en Criminoloxía nas súas universidades, o que ten unha incidencia clara na igualdade de oportunidades do alumando, independentemente do seu lugar de residencia, así como repercusións persoais e económicas importantes. Deste xeito, os estudos de criminoloxía impartidos en Compostela dende o ano 1981 fixeron que Santiago conte co terceiro instituto de Criminoloxía máis antigo do Estado que recibe, cada ano uns 300 estudantes. Falamos polo tanto dunha titulación con alta demanda, percorrido histórico e con un amplo abano de saídas laborais. Por iso, dende o



ano 2012 a Universidade de Santiago de Compostela vén solicitando a implantación dunha titulación oficial homologable á existente noutras comunidades e en todos os países da nosa contorna. Sen embargo, a Xunta de Galicia por medio da Secretaría Xeral de Universidades, leva rexeitando ano tras ano esta solicitude sen que medie xustificación clara. Todo o contrario aconteceu nas Universidades de Madrid e Barcelona que xa en 2013 contaron con este título para logo ser ofertado en máis de 30 universidades tanto públicas como privadas. Títulos cunha elevada demanda que mostran as elevadas notas de corte que chegaron a 10,790 no caso da Universidade Complutense de Madrid para o curso 2016/2017.

Esta diferenza de consideración implica unha merma de dereitos importantísimas para estudantes e egresados de Santiago de Compostela que se atopan cun título sen validez legal para, por exemplo, acceder a certos niveis de emprego público. Alén dunha minusvaloración no eido privado fronte a titulados doutros lugares do estado que contan con título de grao.

Ante esta situación, e de acordo coa demanda feita polo colectivo de estudantes afectados, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Estimar a solicitude da Universidade de Santiago de Compostela para incluír no mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego a titulación de Criminoloxía.
2. Establecer o proceso de homologación pertinente entre o título oficial de Criminoloxía e o grao universitario.



Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/08/2017 12:45:42

Luca Chao Pérez na data 02/08/2017 12:45:50

Luis Villares Naveira na data 02/08/2017 12:45:57

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A redución de servizos sanitarios no verán foi obxecto de debate parlamentario a instancias de iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista nas pasadas semanas. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidera ser comprobada, segundo se desprende da negativa do parlamentario popular e da Xunta de Galicia a facilitar calquera estudio ou informe que a avale, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial para os galegos e galegas quen, partindo dun sistema xa debilitado pola súa falta de persoal notoria, ven como no verán os seus servizos perden persoal que non se repón incluso nas cuestións máis básicas.

Estas problemáticas afectan de maneira especial ao eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do Sergas e da consellería a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención dende os centros de saúde.

O municipio de Cuntis está a sufrir a coincidencia destas dúas eivas na xestión dos servizos sanitarios, chegando a darse a situación de que o centro de saúde non tivo facultativo que atenderá o servizo ao inicio deste mesmo luns 31 de xullo. O goberno municipal, para constatar este abandono por parte do Sergas fixo comprobar á Policía Local a ausencia de cobertura para todos os veciños e veciñas, froito das dificultades que a Consellería de Sanidade pon para cubrir vacacións e baixas dos profesionais nos centros de saúde.

Grupo Parlamentario

A veciñanza de Cuntis, a través do seu Goberno local, reclama a necesidade de que o se substitúa de maneira efectiva ao persoal e non volver a estar sen atención sanitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que garanta o servizo sanitario de maneira permanente no concello de Cuntis, substituíndo ao persoal que se atope de baixa ou en vacacións de maneira inmediata e con eficacia, para non deixar á poboación sen atención sanitaria.

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2017 11:48:05

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2017 11:48:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2017 11:48:16

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Luis Manuel Alvarez Martínez, José Manuel Pérez Seco e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A publicación o día 4 de xullo de 2017 do Decreto 60/2017, do 22 de xuño, de reorganización de centros docentes de determinadas localidades consolida a extinción do CPI Monte Caxado de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

Con independencia de que por parte dos responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se fixo un especial esforzo en que as palabras “peche” e “supresión” fosen eliminadas da comunicación pública da medida, o certo é que este centro extingúese, o que deixa para a discusión lingüística si pechar, suprimir ou extinguir un centro son realidades moi distintas entre si; para a comunidade educativa son a mesma realidade.

Tras a mobilización da comunidade educativa deste centro, que nun primeiro momento se tentou neutralizar con promesas da Xefatura Territorial de A Coruña e máis tarde foi cualificada de excesiva polo propio conselleiro, está a defensa dunha condicións concretas que se verán modificadas como consecuencia da extinción deste centro.

De maneira moi destacada, podemos mencionar as seguintes:

1. Non se coñece como se vai a levar a cabo a atención ao alumnado que estaba escolarizado no CPI Monte Caxado e que presenta necesidades específicas de apoio educativo. Debe terse moi en conta que este centro funcionaba, de feito, como centro de referencia a nivel comarcal para este tipo de alumnos/as dada a súa dotación de persoal e traxectoria.

Grupo Parlamentario

2. Non está asegurada a conciliación das vidas familiar e laboral xa que moitos pais e nais elixiran o CPI Monte Caxado tendo en conta o seu horario, que pasará a ser distinto.

Faise polo tanto necesario que se arbitren medidas que minimicen o impacto desta medida entre as que se pode destacar o aprazamento da reorganización prevista no Decreto 60/2017 de xeito que se poidan pautar doutro xeito as modificacións, negociando coa comunidade educativa a súa aplicación.

Ante a situación descrita, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se aprace a aplicación do Decreto 60/2017 e se inicien negociacións coa comunidade educativa do CPI Monte Caxado de forma que se poidan adecuar as modificacións pertinentes minimizando o impacto sobre as familias e o alumnado ao permitir elixir centros en función das circunstancias persoais.

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2017

Asdo.: Luis Manuel Alvarez Martínez

José Manuel Pérez Seco

Concepción Burgo López

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 02/08/2017 12:53:36

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/08/2017 12:53:43

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/08/2017 12:53:50



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2017 12:53:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa á atención do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de xullo, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte publicou un informe estatístico acerca do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE). O obxecto da estatística é facer un seguimento das políticas formativas levadas a cabo pola administracións educativas co obxecto de satisfacer as demandas concretas deste alumnado.

Entre os datos salientables que ofrece o informe, observamos unha asimetría notable entre o ACNEAE matriculado nos centros de titularidade pública ou concertada no conxunto do Estado (un 7,7% e un 5,8% do alumnado deses centros, respectivamente) e o ACNEAE matriculado nos centros de titularidade privada (un 1%). É claro, polo tanto, que os centros públicos e concertados vense na obriga de facer un esforzo maior na integración e formación do ACNEAE.

Se atendemos as cifras, comprobamos que Galicia non é unha excepción a esta norma.



- Nas escolas públicas galegas hai 13.945 alumnos e alumnas con trastornos da aprendizaxe. Nas privadas, 3.308.
- Nas escolas públicas hai 6.467 alumnos e alumnas con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación. Nas privadas, 1489.
- Nas escolas públicas hai 3.589 alumnos e alumnas que sofren problemáticas derivadas de situacións de desvantaxe socioeducativa. Nas privadas, 477.
- Nas escolas públicas hai 176 alumnos e alumnas cun descoñecemento grave da lingua de ensinanza. Nas privadas, 34.
- Nas escolas públicas hai 355 alumnos e alumnas cun retraso madurativo. Nas privadas, 90.

A necesidade de reforzar os medios cos que contan as escolas públicas galegas para integrar e formar ao ACNEAE vese aínda mellor ao comparar as porcentaxe do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade ou a trastornos graves

- En **España** constitúen o 2,8% do alumnado matriculado nun centro público. En **Galicia**, o 3,8%.
- En **España** constitúen o 2,6% do alumnado matriculado nun centro concertado. En **Galicia**, o 4,7%.
- En **España** constitúen o 0,4% do alumnado matriculado nun centro privado. En **Galicia**, o 1,3%.

Así, aínda que en Galicia a porcentaxe do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade ou a trastornos graves matriculado nun centro privado é maior que no conxunto do estado, a súa diferenza con respecto



as porcentaxes que atopamos no ensino público e concertado son tamén moito maiores, o que pon en evidencia a necesidade de reforzar a ensinanza que recibe o ACNEAE galego.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego á creación de novas prazas de mestres de educación especial nos centros públicos en función do número do ACNEAE.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 02/08/2017 13:10:52

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/08/2017 13:11:00

Luis Villares Naveira na data 02/08/2017 13:11:07

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O colectivo de persoas xordas sofre unha serie de dificultades na súa adaptación á vida cotiá derivadas da súa xordeira, que son solventables dende a Administración pública no que se refire á igualdade de acceso aos servizos públicos.

No específico sobre o acceso ao sistema sanitario, as persoas xordas precisan, fundamentalmente, de axustar o servizo de intérpretes as súas necesidades, ademais de necesitar certa comprensión e adaptación por parte do sistema. Problemas como a atención ou consulta telefónica, incluso para cuestións aparentemente sinxelas como a marcaxe dunha cita a través dunha chamada, son escalóns de difícil salvación para este colectivo.

O acceso á atención sanitaria conleva a dificultade de ter que acudir a consulta con un intérprete. Esta situación conleva dificultades no momento en que os horarios se demoran, e os tempos que o intérprete ten marcados para o acompañamento da persoa doente terminan, tendo o intérprete que acudir a outra atención. A isto pódese engadir que non existe, por limitación económica, servizo de intérpretes para urxencias fóra do horario laboral e para fin de semana. Estas condicións dificultan a igualdade de acceso ao sistema. Cabe lembrar que a demanda dos servizos de intérprete para o eido sanitario cóbrese grazas ao convenio coa Consellería de Política Social, sendo allea a Consellería de Sanidade.

Por estas circunstancias, resulta necesario adaptar algúns funcionamentos do sistema sanitario para que o colectivo de persoas xordas teña garantida a igualdade de acceso e de trato, ao máximo nivel posible.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Mellorar a adaptación do sistema sanitario ás necesidades das persoas xordas, ampliando os recursos necesarios para garantir igualdade de acceso e trato en todo o sistema co resto da poboación.
2. Incorporar aos sistemas de atención ao doente especificacións que indiquen a condición de persoa xorda, para poder utilizar sistemas de comunicación accesibles, como o correo electrónico ou outros.
3. Contribuír a través da Consellería de Sanidade ao financiamento ou cofinanciamento da rede de intérpretes de acompañamento para persoas xordas, de forma que se poida garantir o acceso en igualdade de condicións ao sistema.
4. Establecer, na medida do posible, criterios de prioridade de atención para as persoas xordas dentro do sistema de consultas, atendendo ás necesidades de ser asistidos por intérpretes que teñen tempo limitado para dispoñer na súa asistencia.

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2017 11:47:44

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2017 11:47:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2017 11:47:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A reforma laboral consolidou un cambio drástico do mercado de traballo, que supón un retroceso de décadas en condicións e, sobre todo, en dereitos laborais. Certo é que estamos ante o inicio dun novo ciclo cunha certa recuperación económica e a consecuente creación de emprego, pero, lonxe de estar asentada, ten o seu reverso no preocupante aumento da precariedade laboral.

Os datos dinnos que o novo emprego é precario, de peor calidade, con maior temporalidade, de alta parcialidade dos contratos, e salarios máis baixos. Como mostra, en Galicia, en xuño de 2017 apenas un 6,9 % dos contratos subscritos tiveron carácter indefinido. Ademais, a enorme e crecente rotación de traballadores é outra das características do novo emprego temporal. Por exemplo, en 2016 en Galicia case un de cada catro novos contratos laborais subscritos tivo unha duración de sete días ou menos.

Segundo os datos do SEPE, a duración media dos contratos temporais reduciuse en case dous días no último ano, dende os 60,69 de setembro de 2016, aos 59,92 días do mes pasado. A diferenza aínda é maior se nos remontamos aos anos previos á crise, xa que o tempo medio dos contratos recortouse en 30 días respecto dos 88,01 días que duraban de media os contratos temporais en setembro de 2007, ano no que o emprego crecía ao 3,2 % segundo datos da EPA.

A parcialidade consolídase como un elemento estrutural máis do noso mercado de traballo. En 2016 o número de asalariados a tempo parcial ascendía a 45.400, alcanzando unha media do 55% de parcialidade involuntaria (por non poder traballar a xornada completa).

Grupo Parlamentario

Por outra banda, o traballo máis aló da xornada laboral legal ou convencionalmente establecida converteuse nunha realidade cotiá e xeneralizada, incidindo de maneira substancial na precarización do mercado laboral, ao afectar a dous elementos esenciais da relación laboral: o tempo de traballo e o salario.

Segundo datos da EPA, en España cada ano as persoas traballadoras por conta allea fan de media 2,28 millóns de horas extraordinarias, cantidade notablemente incrementada desde o inicio da crise, e estímase que delas máis da metade non se abonan. Segundo un cálculo realizado polas organizacións sindicais estas horas realizadas sobre a xornada ordinaria legal ou pactada equivalerían aproximadamente a 4.500 empregos.

Este incremento das horas extraordinarias levou á utilización dos contratos a tempo parcial de forma abusiva e indiscriminada facendo que os excesos na xornada de traballo sexan unha práctica habitual nas empresas. En multitude de ocasións, este feito fai que os contratos a tempo parcial encubran unha verdadeira explotación laboral, pois se xeneralizou o traballo a soldo parcial e a tempo completo. O exceso de tempo de traballo realizado e non pago ten consecuencias negativas non só para o traballador, senón tamén para o sistema da Seguridade Social, para a recadación das arcas públicas e, en consecuencia, para toda a sociedade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera urxente e necesario requirir a actuación da Xunta de Galicia así como do Goberno de España no exercicio das súas competencias, co obxectivo de tratar estas prácticas en materia de xornada, contrato e encadramento na Seguridade Social como medio de loitar contra os abusos laborais, a economía mergullada e o emprego non declarado en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar, coa participación dos interlocutores sociais, e en colaboración coa Inspección de Traballo e a Seguridade Social, un plan de control contra os abusos laborais en Galicia, de maneira prioritaria cara a aquelas condutas fraudulentas que vulneren os

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- dereitos dos traballadores baixo as fórmulas de falsos contratos temporais, falsos contratos a tempo parcial, falsos autónomos, falsos bolseiros, e as horas extraordinarias non sometidas ao réxime legal.
2. Realizar campañas cuxo obxecto sexa sensibilizar ao conxunto da sociedade galega sobre os efectos negativos do emprego non declarado e a economía mergullada, así como das sancións aplicables en caso da súa utilización.
 3. Publicar todos os datos relacionados coa presenza da economía mergullada na nosa comunidade autónoma, a súa incidencia segundo colectivos, sectores ou ramas de actividade, e segundo zonas xeográficas, facendo especial fincapé naqueles ámbitos afectados particularmente por esta problemática.
 4. Retirar ou extinguir os contratos con empresas que teñan contratos e/ou concesións administrativas coa Xunta de Galicia, cando sexan sancionadas por explotación laboral.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

1. Incrementar en Galicia o número de actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social no control do cumprimento de todo o marco de normativa laboral e Seguridade Social, así como dos medios humanos e materiais necesarios para o efecto.
2. Difundir as sancións firmes impostas por infraccións moi graves no marco da normativa laboral e Seguridade Social, na forma establecida pola normativa específica existente, co fin de disuadir, na medida do posible, a futuros infractores.

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 03/08/2017 09:27:33

Julio Torrado Quintela na data 03/08/2017 09:27:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/08/2017 09:27:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

As Fragas do Eume é un parque natural do norte de Galicia que foi creado o 30 de xullo de 1997 e protexe aproximadamente 9100 ha nas ribeiras do río Eume, concretamente nos municipios de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez.

Despois do devastador incendio de finais de marzo de 2012, do que a día de hoxe aínda se poden ver as súas consecuencias, o Concello da Capela, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, a través de Agader, cofinanciaron a construción dun punto de acceso ás Fragas do Eume. Este portal serve como centro interpretativo e alberga unha zona administrativa, un punto de información e sala de exposicións. Ademais, dende este portal estase a regular a entrada de visitantes ao parque.

O Parque Natural Fragas do Eume conta con outros dous puntos de información, que son: Centro de Interpretación das Fragas do Eume, no concello de Pontedeume e Centro de Visitantes de Monfero, no concello de Monfero. Estes dous puntos de información teñen a disposición dos visitantes do Parque Natural Fragas do Eume a “compostelana”, presentada no mes de abril pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Engadir aos servizos de información turística e guía de rutas de sendeirismo que xa se prestan no *Portal* das *Fragas* do *Eume*, información a respecto da “compostelana” dos parques naturais.
2. Incluír na páxina web da Consellería de Medio Ambiente información sobre os servizos que se prestan no Portal das Fragas do Eume, no concello de A Capela.

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2017

Asdo.: José Manuel Pérez Seco

Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/08/2017 10:53:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/08/2017 10:53:14

Raúl Fernández Fernández na data 03/08/2017 10:53:19

María Luisa Pierres López na data 03/08/2017 10:53:24

 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/08/2017 10:53:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Manuel Lago Peñas, Eva Solla Fernández, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- De acordo coas informacións auto-publicitadas pola Fundación Francisco Franco, as visitas ao BIC Pazo de Meirás serán xestionadas por dita fundación. Unha fundación que, de acordo cos seus propios Estatutos, ten como obxectivo o difundir o legado do ditador e asasino Franco, o cal se reafirma no propio comunicado no que a Fundación dá a coñecer a asunción da xestión do réxime de visitas ao BIC :

http://www.fnff.es/Comunicado_El_Pazo_de_Meiras_3667_c.htm

2.- Ademais existe constancia no tempo do incumprimento reiterado do réxime de visitas que legalmente se estableceu, recollida na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os Bens de Interese Cultural. Esta lei estableceu que as visitas ao BIC Pazo de Meirás se teñen que facer mínimo 4 días ao mes. Tamén existiu incumprimento na atención telefónica mediante un número que aparecía na páxina web da Xunta para concertas as visitas que estivo desconectado durante



meses. Reproducimos a nota de prensa de EL CONFIDENCIAL de data de 26/02/2017 *“la página de Turismo de Galicia, de la Xunta, detalla los requisitos. Para visitar el pazo es necesario reservar en el correo visitaspazomeiras@gmail.com y facilitar nombre, apellidos y DNI de las personas que lo quieran franquear. Nadie responde en esa dirección. Como teléfono de información figura el 609 419 096. No existe. De ser atendidos, los potenciales visitantes tendrían que encajar sus recorridos en el horario establecido. Solo los viernes a las 11:00, 12:30, 15:00 o 16:30. En agosto, para que nada altere el descanso vacacional de los herederos, se concentran entre los días 28 y 31, cuando se supone que la familia ha regresado ya a sus quehaceres de invierno. Pero es igual: con los sistemas de cita desconectados entrar en el pazo es simplemente imposible.”*

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural abriu un expediente a familia do ditador “propietaria” do mesmo con apercibimento de sanción pola comisión dunha infracción administrativa en materia de patrimonio cultural, que será como máximo de 6000 euros, por considerarse unha falta leve. A sanción é ridícula para os propietarios, que poden seguir a incumplir o réxime das visitas por un módico prezo, malia que o patrimonio dos propietarios se estime en 500 millóns de euros.

3.- A xestión das visitas do Pazo de Meirás pola fundación é unha provocación a toda a sociedade do Estado e especialmente a galega, obrigada a facer doazóns en diñeiro, terreos, traballos, e que sufriu espolio e roubo directo nos seus bens e propiedades chamado eufemisticamente “subscrición voluntaria”, mediante o que se conseguiron os cartos obtidos pola “junta pro pazo” que despois mercaría o mesmo e que llo regalaría ao militar golpista.

A compra do Pazo por esa comisión que mercaría despois o Pazo aos herdeiros de Emilia Pardo Bazán, co fin de regalarllo ao ditador, estivo sempre rodeada de temor polos cidadáns nun contexto de terror, e inclusive despois seguíronse



facendo expropiacións nas leiras e casas dos veciños para ampliar as terras arredor do mesmo. Outros concellos como o de Dodro sufriron espolios nos seus bens para regalarllos ao ditador e que inda hoxe non foron devoltos.

Foi a propia Xunta de Galicia a que estableceu que fose a familia do ditador a que xestionase as visitas a sabendas que o propio proceso de declaración do Pazo de Meirás como BIC estivera rodeado de incumprimentos e atrancos pola propia familia que obrigou a acudir á orde xudicial para poder entrar no Pazo. E inda así concedeulle a propia xestión das visitas a pesar de que o concello de Sada se ofrecera voluntario para a xestións das mesmas.

Noutros países da contorna serían hoxe impensables este tipo de fundacións, que estarían prohibidos por facer exaltación dunha ditadura que deixou miles de asasinadas froito dun golpe de estado contra a lexitimidade democrática republicana vixente na época, e despois dunha guerra que deu paso a 40 anos de ditadura na que perderon a vida miles de persoas inocentes.

O Estado español inda garda nas súas cunetas e en fosas comúns das que hai rexistradas 2382 e identificadas polo Ministerio de Xustiza, permanecendo milleiros de vítimas nelas, e das que só se escavaron aproximadamente 200. Somos o segundo país despois de Camboia con maior número de fosas comúns.

A memoria democrática deste país esixe que as vítimas sexan obteñan memoria, xustiza e reparación.

A Lei 52/2007, de 26 do decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura contempla no artigo 15 a retirada de subvencións a propietarios que de xeito privado ou colectivo que exalten a sublevación militar, a guerra civil e da represión da ditadura.

Este é o caso máis flagrante de exaltación da sublevación, da guerra e da represión ditatorial e fascista levada a cabo en España por o caudillo, que



asasinou a milleiros de persoas, que seguen sen exhumar ca complicidade das administracións. Agora a fundación ven facer a exaltación dun asasino criminal ao Pazo de Meirás, aproveitando a laxitude da aplicación da lei.

4.-A Xunta de Galicia non pode tolerar pasivamente a detención pola fundación da xestión do réxime de visitas ao BIC. Moito menos cando lle consta a dita Xunta, e por escrito, a disposición formal do Concello de Sada a asumir dita función.

En primeiro lugar, o réxime de visitas, o seu control e tutela, é competencia da Xunta (Artigo 48 e Disposición Adicional Sexta Lei de Patrimonio Cultural de Galicia).

En segundo lugar, resulta radicalmente inadmisíbel que unha fundación que ten por obxecto a gabanza ao réxime asasino e á persoa do ditador franquista sexa quen xestione as visitas ao BIC, en aberta contradición coa Lei de Memoria Histórica e os obxectivos do seu réxime xurídico (Lei 52/2007, entre outras).

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar todas as actuacións tendentes a impedir e /ou no seu caso non autorizar a que sexa a fundación -de exaltación dun ditador- a que xestione as visitas ao BIC Pazo de Meirás.
- 2.- Condenar unanimemente o negacionismo do golpe de estado e da ditadura, así como da exaltación da mesma na persoa do ditador feita pola fundación, e impropia dun estado social democrático e de dereito recollido no artigo 1 da constitución española.
- 3.- Esixir aos propietarios detentadores do inmovible o cumprimento do réxime de visitas ao BIC segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con



independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista na lei para ditas infraccións.

4.- Realizar as actuacións tendentes a que sexa o Concello de Sada o que faga a xestión das visitas ao Pazo de Meirás, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

5.- Realizar e prestar apoio institucional a todas aquelas actuacións encamiñadas a recuperar o Pazo de Meirás para a titularidade e uso públicos.

6.- Formalizar declaración institucional de condena expresa ao comunicado vertido por dita fundación e a reparar e apoiar a memoria das vítimas do franquismo.

7.- Obrigar a esta e outras fundacións e entidades, ao respecto máximo a legalidade vixente tanto estatal como a propia de Galicia, empezando pola non degradación das Institucións Parlamentarias e de Goberno de Galicia e o cumprimento das leis de normalización lingüística, que prohiben a deturpación da toponimia oficial.

8.- Obrigar a fundación a emitir un desculpa pública ás vítimas da represión, tanto a través de internet como en medios privados de ampla tirada, segundo o artigo 15.1 e 4 da Lei 52/2007, de 26 do decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.

9.- Instar as Cortes de España, aos Grupos Parlamentarios e ao Goberno español a promover iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración de ilegais daquelas que como a antedita teñan por obxecto a homenaxe e exaltación da vida e obra criminais do ditador.



Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 03/08/2017 12:14:24

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/08/2017 12:14:34

Juan José Merlo Lorenzo na data 03/08/2017 12:14:40

Carmen Santos Queiruga na data 03/08/2017 12:14:43

Antón Sánchez García na data 03/08/2017 12:14:46

Eva Solla Fernández na data 03/08/2017 12:14:48

Luca Chao Pérez na data 03/08/2017 12:14:51

Paula Quinteiro Araújo na data 03/08/2017 12:14:55

Luis Villares Naveira na data 03/08/2017 12:14:58

Magdalena Barahona Martín na data 03/08/2017 12:15:01

José Manuel Lago Peñas na data 03/08/2017 12:15:04

Francisco Casal Vidal na data 03/08/2017 12:15:07



David Rodríguez Estévez na data 03/08/2017 12:15:11

Marcos Cal Ogando na data 03/08/2017 12:15:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2017 12:39
Nº Rexistro: 13597
Data envío: 03/08/2017 12:39:10.960

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, sobre a presenza da lingua galega nos informativos da TVE e os investimentos da Corporación da RTVE dirixidos á produción de cinema e series en galego

Na Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión pública de titularidade estatal sinálase entre as encomendas do servizo público a promoción da cohesión territorial, a pluralidade e a diversidade lingüística e cultural do Estado español; así como a proxección exterior das linguas e culturas existentes neste espazo político (artigo 3).

Con estes obxectivos tense adaptado a estrutura da CRTVE co obxectivo de atender de maneira acaída as funcións de servizo público (artigo 7) a través das desconexións territoriais que se desenvolven nas correspondentes linguas propias de aqueles territorios que, como acontece na Galiza, as teñen.

Así mesmo, o Manual de estilo da Corporación de RTVE sinala como principal mecanismo para garantir o respecto desa pluralidade e diversidade cultural e lingüística o subtítulo das intervencións que se produzan en calquera outro idioma que non for o castelán.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2017 12:39
Nº Rexistro: 13597
Data envío: 03/08/2017 12:39:10.960

Porén, e como denuncia a CGT, desde as distintas xefaturas da CRTVE requírese ao cadro de persoal que cando recollan as declaracións de persoas (denominadas totais) o fagan tanto en galego coma en castelán coa finalidade de que poidan ser inseridas na lingua orixinal na desconexión territorial mais en español cando se incorporen aos informativos estatais.

Unha práctica que non comezou agora senón da que consta unha queixa rexistrada pola CNT perante o Consello de Informativos da CRTVE no ano 2014. Así mesmo, e despois de analizaren até 65 informativos da TVE nos dous horarios de emisión (TD1 e TD2) concluíu a sección sindical da CGT-CRTVE que apenas 10 dos totais recollidos na Galiza contiñan declaracións en lingua galega fronte a 75 en español.

Dito doutra maneira, dos 50'54'' se información enmarcada no noso país no conxunto dos informativos analizados só 54 segundos contiñan totais en galego. Isto é, o 1,75%.

Así as cousas, o desleixo da CRTVE coa lingua galega non fica só nos informativos. Entre as obrigas legais á que está suxeita a Corporación atópase o investimento do 5% dos seus ingresos na produción de cinema e series. Deses fondos, o 60% debe dirixirse a algunha das linguas oficiais do Estado español, entre elas o galego.

Porén, nun contexto de recortes xeneralizados foi a lingua galega a que máis os padeceu suprimíndose no 75% dos investimentos á produción audiovisual en lingua galega da CRTVE en apenas unha lexislatura.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2017 12:39
Nº Rexistro: 13597
Data envío: 03/08/2017 12:39:10.960

Neste senso, dos 2,03 millóns de euros que destinaba a CRTVE entre 2008 e 2011 a longametraxes en galego, de 2012 a 2015 esta cifra non chegou aos 500 mil euros.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate no Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Dirixirse formalmente á CRTVE para lle lembrar as súas obrigas legais reclamando que nas desconexións territoriais e nos informativos estatais se garanta a presenza da lingua galega nas declaracións persoais (totais) que integren as novas sendo esta a lingua que priorizarán xunto co seu subtítulo cando as emisións se dirixan ao conxunto do Estado.

b) Dirixirse formalmente á CRTVE para pedir explicacións das razóns polas que se teñen recortado nun 75% os fondos dirixidos á produción de cinema e series en lingua galega entre os anos 2012 e 2015, así como as cifras de investimento correspondentes ao 2016 e 2017.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2017 12:39
Nº Rexistro: 13597
Data envío: 03/08/2017 12:39:10.960

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/08/2017 12:37:28

María Montserrat Prado Cores na data 03/08/2017 12:37:35

Ana Pontón Mondelo na data 03/08/2017 12:37:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/08/2017 12:37:39

Noa Presas Bergantiños na data 03/08/2017 12:37:41

Xosé Luis Bará Torres na data 03/08/2017 12:37:43

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nun contexto de recuperación económica e crecemento, unha das preocupacións fundamentais desde as diferentes administracións debe ser a de favorecer a creación de emprego da maior calidade posible. Para isto, é necesario que os traballadores que se incorporen ao mercado laboral o fagan cos perfís mellor adaptados ao que este demande en cada momento.

Nesta adaptación xoga un papel central a formación, segundo as competencias que os empregadores demandan para os novos empregos e a que as persoas que buscan un traballo consideren que mellor poden reforzar as súas capacidades profesionais.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos fundamental avanzar na actualización e na renovación do sistema de formación, para que sexa axeitado ás necesidades das empresas; para poder facer efectivo o dereito dos traballadores á súa formación; e para poder avaliar todo o sistema en función dos resultados acadados.

En definitiva, hai que potenciar a liberdade na oferta e na demanda de formación e na satisfacción das necesidades do mercado, con especial atención aos sectores emerxentes da nosa economía, á simplificación dos custes e á certificación das competencias adquiridas. Así o recolleu o noso partido no programa electoral co que acadou un respaldo maioritario nas urnas nas últimas eleccións autonómicas.

No mesmo sentido, en setembro de 2015, as Cortes aprobaron, cun 90% de respaldo parlamentario, a Ley 30/2015 que regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no eido laboral e que establece que os Servizos Públicos competentes poderán, como alternativa ao financiamento das convocatorias a través de subvencións, proporcionar un “cheque-formación” aos traballadores desempregados. O desenvolvemento regulamentario, aprobado por Real decreto o pasado 3 de xullo,

habilita a adopción por parte das Comunidades Autónomas desta ferramenta desde a súa publicación.

Segundo o exposto naquel momento, as Comunidades Autónomas que queiran poñer en marcha o cheque formación poderán facelo sempre que realicen a consulta ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas, delimiten os sectores nos que se aplicará e informen á Conferencia Sectorial de Empleo y Asuntos Laborales.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a introducir o cheque formación, para que as persoas traballadoras desempregadas dispoñan dun crédito de formación, escollan a formación que queren recibir e a entidade na que queren que se imparta”.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/08/2017 13:16:02

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/08/2017 13:16:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/08/2017 13:16:18

María Ángeles Garcia Míguez na data 03/08/2017 13:16:24

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/08/2017 13:16:31

Marta Rodríguez Arias na data 03/08/2017 13:16:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/08/2017 13:16:45

María Soraya Salorio Porral na data 03/08/2017 13:16:55

Raquel Arias Rodríguez na data 03/08/2017 13:17:00

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A redución de servizos sanitarios no verán foi obxecto de debate parlamentario a instancias de iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista nas pasadas semanas. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidera ser comprobada, segundo se desprende da negativa do parlamentario popular e da Xunta de Galicia a facilitar calquera estudio ou informe que a avale, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial para os galegos e galegas quen, partindo dun sistema xa debilitado pola súa falta de persoal notoria, ven como no verán os seus servizos perden persoal que non se repón incluso nas cuestións máis básicas.

Estas problemáticas afectan de maneira especial ao eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do Sergas e da consellería a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e/ou pediatras e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención dende os centros de saúde.

O caso do Centro de Saúde de Dena (Meaño) é paradigmático desta situación. Parte da súa poboación debe ser atendida no Centro de Saúde de Baltar (Sanxenxo), que foi obxecto dunha redución de servizos a pesares de constituír a terceira poboación de Galicia no verán debido ao incremento poboación que se acumula neste concello. As reivindicacións sobre o Centro de Saúde de Baltar foron rexeitadas polo Grupo Popular no Parlamento de Galicia. En Dena, a poboación comprobou como o pediatra do centro de saúde so puido atender durante un día á semana no mes de xullo, e existe a previsión de que non exista este servizo durante o mes de

Grupo Parlamentario

agosto. Sendo esta comarca relevante no seu impacto turístico, tanto dende a perspectiva rural como da súa proximidade a zonas de praia de moita ocupación, e xa que o verán é un tempo de aumento de poboación, debería ser habitual o incremento ou, polo menos, a non redución dos servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir o servizo sanitario en atención primaria, tanto para a poboación adulta como a infantil, no centro de saúde de Dena que asiste ao concello de Meaño, coa contratación do persoal necesario para manter o mesmo nivel de atención en verán que no resto do ano.

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/08/2017 13:14:30

Noela Blanco Rodríguez na data 03/08/2017 13:14:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/08/2017 13:14:40

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 7 de xullo, a Secretaría de Estado de Medio Ambiente publicaba no BOE unha resolución pola que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto chamado “Prolongación da autovía A-57 no tramo Pilarteiros-Barro e conexión coa AP-9 en Curro (Galicia)”, adoptando a solución “Alternativa CO3 con melloras” e que inclúe dous cambios con relación á alternativa CO3 orixinaria.

Ocorre que esta decisión do Goberno do Estado é contraria á postura unánime no Concello de Barro, onde se situará a reforma, tanto que ata todas as forzas políticas -co apoio da Deputación de Pontevedra- teñen votado como alternativa a chamada “Alternativa C5” como a que mellor se adapta á realidade do territorio, presentado alegacións ao proxecto tanto o concello como a cidadanía, suficientemente coñecidas polas distintas Administracións. A Xunta de Galicia, mediante a Axencia Galega de Infraestruturas, consideraba tamén esta alternativa como a axeitada, aínda que, sen argumentar motivo algún, nos seus últimos informes semellaba considerar tamén aceptable a alternativa CO3.

Resulta paradigmático que, nun asunto desta importancia -calquera que coñeza a estrada saberá de que estamos a falar-, non teña existido diálogo e sexa o BOE a maneira elixida para optar pola “Alternativa CO3”.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a:

1. Que suspenda a decisión de declarar a “Alternativa CO3” como a solución definitiva escollida para o trazado da autovía A-57 ao seu paso polo municipio de Barro (Pontevedra).
2. Que abra unha Mesa de Diálogo co Concello de Barro que permita escoller a alternativa que mellor responda á configuración do territorio e das diferentes parroquias do concello, así como ao conxunto do sistema viario das zonas afectadas.

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/08/2017 13:56:50

Raúl Fernández Fernández na data 03/08/2017 13:56:55

María Luisa Pierres López na data 03/08/2017 13:57:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/08/2017 13:57:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O martes 4 de xullo saía publicado no DOGA o acordo do 19 de xuño de 2017, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto modificado do parque eólico Mouriños, nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas, na provincia da Coruña.

Este proxecto vai supoñer que na Serra do Gontón (concellos de Zas e Cabana de Bergantiños) e nas inmediacións da Rede Natura se instalen catro grandes aeroxeradores cunha altura máxima de 151 metros, 4 centros de transformación, e a ocupación de máis de 100.000 metros cadrados, que afectarán a máis de 234 persoas propietarias.

A empresa Renovables Aragón, S.L.U. é a promotora deste Parque Eólico Mouriños (filial de Gas Natural Fenosa) que se situará este parque eólico ante o estuario fluvial do río Anllóns e nunha serra virxe da Costa da Morte, cunha inversión superior aos dez millóns de euros.



Salvemos Cabana e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) como xa cuestionaron e criticaron o propio proxecto, facendo tamén alegacións sobre o impacto que vai ter dito proxecto, que afectará a magnífica paisaxe do estuario fluvial, do mirador do Pico de Sinde, e ao desenvolvemento turístico da zona, xa que nel atopamos a Zona de Especial Conservación Costa da Morte, a Zona de Especial Protección para as Aves Costa da Morte Norte e a unha importante área de paxaros con máis de 300 especies (“Important Bird Area”). Ademais as previsións de mortalidade das aves é moi baixa segundo a SGHN que sitúa esa cifra entre os 1.500 e os 5.300 individuos. O estudo de Impacto Ambiental é deficiente, e contra el farán as súas alegacións.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar En Marea, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a :

- 1.- Protexer a Serra de Gontón e garantir o seu uso potencial como motor turístico para a zona.
- 2.- Non autorizar o proxecto de construción do parque eólico os Muíños como está concibido de forma inicial, pois provocará a destrución do patrimonio natural.
- 3.- Estudar outras alternativas para a construción do parque eólico, con menor dimensión e impacto na natureza, co establecemento dos beneficios que lles reportará a construción aos concellos e poboacións afectadas.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:



Marcos Cal Ogando na data 03/08/2017 14:31:27

Antón Sánchez García na data 03/08/2017 14:31:36

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a eficacia do dispositivo galego do dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Facendo un análise pormenorizado da evolución incendiaria e a eficacia do dispositivo galego do dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais de Galiza, empregando para elo os datos do Ministerio de Medio Ambiente, chegamos a seguinte conclusión: a actividade incendiaria en Galiza é a máis alta de todo o territorio nacional, cuns datos medios de case que 10.000 incendios ano ata o ano 2005, cunha superficie medio por incendio de 2,7 ha/incendio, datos que demostran a altísima eficacia do dispositivo público que ata esas datas era practicamente o 70% de todo o dispositivo global.

A partir do ano 2005 e durante o sexenio seguinte prodúcese unha diminución considerable da actividade incendiaria, reducíndose o número de lumes totais de case 10.000 lumes/ano a uns 4600lumes/ano de media. Pero curiosamente incrementase neste período a superficie queimada por lume pasa de 2,7 ha/lume a 6,2 ha/lume.

A partir do ano 2011 ata o ano 2015 redúcese a actividade incendiaria pero curiosamente a superficie queimada oscila entre 4,7Ha/lume e 5,2 Ha/lume, cuns datos metrolóxicos bastante favorables aloxándose de novo a taxas de eficacia da peor época incendiaria de Galiza.

Isto require unha análise profunda do asunto, do que percibimos catro causas principais.

En primeiro lugar o peso do SPDCIF no dispositivo total, o cal, nos peores anos incendiarios de Galiza, rozaba o 82% do total do dispositivo ata o a actualidade onde representa o 40% do total do dispositivo. Polo tanto entendemos que a atomización do dispositivo redunda nunha peor eficacia do mesmo. Por iso como alternativa plantexamos o retorno total do dispositivo do SPDCIF a mans da Xunta.

En segundo lugar, a evolución climática e o incremento da carga de combustible que poden crear incendios potencialmente mais destrutivos causando elevadísimas complicacións a o dispositivo de extinción.

Terceiro... a diminución da capacidade de extinción dos medios aéreos debido a unha diminución paulatina da auga transportada sendo moi claro nos helicópteros de tipo medio os cales pasan de 1.500 litros aos actuais 1.200 litros ou incluso menos debido a limitación da carga que se pode percibir visualmente debido ao estrangulamento dos bambis.

E cuarto, a redución importante da capacidade de vixilancia ao pechase máis do 50% puntos de vixilancia deixando moitas veces que sexa o 085 exclusivamente o único elemento de información sobre lumes para o dispositivo.

Durante o pasado ano 2016, segundo os datos oficiais do Ministerio de Medio ambiente , atopamos algún dato positivo: a importante redución do numero de lumes (2400). Así mesmo observamos dúas cousas curiosas, primeiro a superficie queimada total é de 21.112 Ha, isto supón unha superficie queimada por lume de 8,78 Ha/lume que é o dato mais alto dos últimos 28 anos.

Parécenos preocupante esta perda de eficacia do dispositivo. Paralelamente, dos 22 Grandes Incendios Forestais que se producen en España, 8 danse na Galiza, sendo o 7% da superficie do estado, polo tanto, algo grave esta a pasar no territorio da Galiza cando unha tipoloxía de lume mais frecuente noutras partes do estado Español comezase a dar con moita frecuencia na Galiza.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Acabar coa atomización do dispositivo de prevención e extinción de incendios e retomar o control da lacra dos lumes ao dispositivo do SPDCIF.
2. Mellorar a capacidade de extinción dos medios aéreos apostando por medios con maior capacidade de auga (curiosamente Galiza carece de helicópteros pesados e moi eficaces, con alta estabilidade en condicións de moito vento como por exemplo o Kamov que pode descargar ata 5000 litros de auga).

3. Incrementar a vixiancia e disuasión a través de casetas de vixiancia, pechadas a día de hoxe, e volver introducir brigadas de vixiancia móbil no servizo, substituíndo a operación centinela que é un gasto moi importante (aproximadamente 600.000€).
4. Establecer unha mesa de análise para estudar a nova tipoloxía de lumes moito mais perigosos e complexos, como son os lumes de cuarta e quinta xeración, e lumes de tipo convectivo.
5. Crear protocolos precisos para a actuación dese tipos de lumes, moito mais perigosos e destrutivos.
6. Establecer reténs de bulldozer, tres por provincia xa que son moi operativos tanto de día como de noite para o control de lumes de alta velocidade de propagación.
7. Aplicar unha formación específica para os bombeiros forestais de Galiza ante a multiemerxencia das tipoloxías anteriormente especificadas.
8. Modificar o Decreto 37/2006 das listaxes de contratación eliminando o guión para que as traballadoras e traballadores de tres meses poidan optar a cubrir vacantes e non vacantes.
9. Suprimir, das cláusulas dos contratos, as mencións ou engadidos : “a duración máxima, establécese en tres meses” e a de “apoio á campaña de verán de alto risco”
10. Solicitar a ampliación dos contratos das traballadoras e traballadores de tres a nove meses en base ao capital humano que achegan e a favorecer unha contratación digna.



Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/08/2017 11:22:11

David Rodríguez Estévez na data 04/08/2017 11:22:16

Luis Villares Naveira na data 04/08/2017 11:22:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2017 13:21
Nº Rexistro: 13665
Data envío: 04/08/2017 13:21:16.396

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao peche das liñas de ESO do CPI Tomás de Lemos, as razóns da Xunta de Galiza para a súa decisión e as súas consecuencias.

O pasado xoves 22 de xuño, fíxose pública a decisión da Xunta de Galiza de que a Educación Secundaria Obrigatoria pasase a desaparecer do CPI Tomás de Lemos, que pasa a converterse nun CEIP, pasando a ser alumnado e profesorado asimilados polo IES do Ribeiro situado a algo máis dun quilómetro de distancia. Este feito desatou numerosas protestas, mobilizacións e peticións de rectificación tanto na comarca do Ribeiro, por parte da cidadanía, profesorado, alumnado e asociacións de pais e nais, como noutras moitas comarcas afectadas polas modificacións da Consellaría de Educación que, porén, non rectificou ningunha delas.

A propia xunta de persoal docente non universitario de Ourense (da que forman parte a CIG, STEG, CCOO, FETE-UGT e ANPE amosaba o seu rexeitamento e alertaba a finais de xuño de 2017 de que esta decisión tería consecuencias no plano laboral, xa que derivaría tanto na incerteza do profesorado arredor do seu destino vindeiro como na redución de postos de traballo, co consecuente incremento na ratio de alumnado e redución na calidade educativa.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2017 13:21
Nº Rexistro: 13665
Data envío: 04/08/2017 13:21:16.396

Semanas despois, o 13 de xullo de 2017, coñecíase a oferta da Consellería de Educación de prazas definitivas para o profesorado do centro Tomás de Lemos no IES do Ribeiro a partir da reorganización unilateral por parte da Xunta de Galiza. Trátase dunha oferta de 10 prazas, 5 cubrirían prazas ocupadas no IES O Ribeiro por provisionais. Segundo denuncian fontes consultadas no IES O Ribeiro existe unha previsión de dúas xubilacións polo que cabe prever que do traslado de case 180 alumnos e alumnas dun centro a outro só se aumenta o profesorado en 3 persoas. Desta forma, os efectos do cambio das ensinanzas da ESO vai supoñer eliminar un total de 16 postos de traballo, 14 de secundaria e 2 do corpo de mestres e mestras. Vista esta situación non resulta críbel a promesa do goberno galego de manter o numero de grupos e o número de profesorado e recursos destinados á educación dos nenos e nenas da comarca do Ribeiro e parece confirmarse unha operación de desmantelamento do ensino público xa que con estas actuacións impedirase unha boa atención á diversidade e cabe agardar inmediata redución de oferta educativa.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para restituír os postos de traballo eliminados coa modificación da organización dos centros de ensino do concello de Ribadavia e garantir a variedade de oferta educativa, a non masificación das aulas e a atención ás necesidades educativas específicas do alumnado.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2017 13:21
Nº Rexistro: 13665
Data envío: 04/08/2017 13:21:16.396

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/08/2017 13:12:44

María Montserrat Prado Cores na data 04/08/2017 13:12:50

Ana Pontón Mondelo na data 04/08/2017 13:12:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/08/2017 13:12:55

Olalla Rodil Fernández na data 04/08/2017 13:12:57

Xosé Luis Bará Torres na data 04/08/2017 13:12:59

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Na sesión plenaria do pasado 11 de xullo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia formulou ao Goberno galego a pregunta urxente, rexistrada co número 7011, para a súa resposta oral, sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos. Esta pregunta, tiña orixe en toda a problemática derivada da forma de licitar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os servizos de limpeza dos edificios administrativos e outros locais do sector público autonómico.

Esta cuestión foi obxecto ademais de outra serie de iniciativas defendidas, tanto en Pleno coma na Comisión 1ª, desde o anuncio da devandita licitación publicado no DOG número 17 do 25 de xaneiro ata a renuncia á subscrición deste contrato acordada pola Xunta de Galicia o 9 de xuño deste ano.

Na indicada sesión do Pleno do 11 de xullo, o Sr. Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, anunciou a intención do Goberno galego de aprobar na sesión do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xullo unha nova licitación deste servizo tendo en consideración as peticións formuladas polas asociacións de pequenas e medianas empresas, reformulando así esta nova licitación que pasa a cingirse, basicamente, aos centros administrativos xa incluídos no contrato vixente, deixando fóra, para a súa contratación independente, máis dos 156 centros que estaban nas previsións iniciais.

Esta nova configuración, unida á división da presente licitación en tres lotes, facilitará o acceso das pequenas e medianas empresas. O contrato así

Grupo Parlamentario

resultante terá por obxecto a limpeza de 305.581 metros cadrados distribuídos en 74 centros, cun orzamento de licitación de 6,8 millóns de euros anuais. Estas son as explicacións que a Vicepresidencia trasladou ao noso grupo parlamentario en resposta do pasado día 2 de agosto actual.

Sen embargo, as catro asociacións provinciais de empresas de limpeza veñen de manifestar o seu total desacordo e decepción con esta nova licitación do “macroconcurso” de limpeza, xa que os tres lotes resultan totalmente desproporcionados, cando un só dos lotes ascende a un total de máis de 12 millóns de euros, que superaría os 30 no suposto de prórrogas e eventuais modificacións, e inclúe locais de limpeza de máis de 13 localidades.

Isto demostra a clara falta de vontade da Xunta de Galicia en garantir o acceso das Pemes e de empresas incipientes aos contratos públicos autonómicos, en contravención das directivas da UE e da propia lexislación autonómica, como xa temos lembrado nas iniciativas a que fixemos referencia inicial.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a elaborar un programa de traballo, consensuado co sector, para facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos.

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2017

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada

Patricia Vilán Lorenzo

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/08/2017 12:09:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/08/2017 12:09:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/08/2017 12:09:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/08/2017 12:09:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13751
Data envío: 07/08/2017 13:42:32.497

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á retirada do Anteproxecto de lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galiza.

A Consellaría de Sanidade ven de presentar o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galiza. Presentación feita con nocturnidade e aleivosía, proba dilo é telo feito en pleno mes de agosto con moitos profesionais de vacacións, sen diálogo previo nin na mesa sectorial, nin cos colectivos sociais, con un prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días, en pleno período vacacional.

Esta modificación vai provocar máis deterioro na sanidade pública, consolida a liña de recortes, prioriza o criterio económico en detrimento das necesidades dos usuarios e usuarias e afecta negativamente á calidade asistencial.

A Lei Galega de Sanidade en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase “*tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación*”, no anteproxecto establece que se fará “*tendo en conta os recursos sanitarios existentes*”. Esta modificación é inaceptábel, xa que non prioriza as necesidades sanitarias d@s galeg@s, senón que será en función dos recursos que o Partido Popular decida destinar á sanidade pública, que como é unha evidencia, non deixou de recortar desde que volveu ao Goberno da Xunta.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13751
Data envío: 07/08/2017 13:42:32.497

Suprímense as actuais áreas sanitarias para crear unhas áreas maiores na súa extensión territorial, afastando deste xeito a resolución dos problemas da cidadanía e d@s traballadoras/es.

Estas sete áreas son coincidentes coas EOXIS que o Goberno do PP creou no ano 2010, cando iniciou a súa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes. Naquela altura, as mobilizacións e a forte oposición da cidadanía e profesionais, conseguiu que o primeiro intento de desmantelamento non fora tan lonxe como pretendían, aínda que coa posta en marcha das estruturas organizativas de xestión integrada conseguiron unha boa parte dos seus obxectivos, e a sanidade nas áreas con Hospitais comarcais como O Barco, Monforte, Burela ou O Salnés quedou seriamente comprometida e a perda das xerencias nos hospitais comarcais significou a perda de capacidade organizativa e resolutiva

A creación das EOXIs condicionou tamén de xeito negativo o desenvolvemento da Atención Primaria. Desapareceron as xerencias e perdeu autonomía no desenvolvemento dos seus proxectos, quedando funcionalmente subordinada ás estratexias de xestión do centro hospitalario de referencia. A Atención Primaria precisa de maior impulso para mellorar a súa calidade, a dotación de persoal e recursos, e acadar un correcto funcionamento da súa carteira de servizos, actualmente subdesenvolvida.

Coa modificación que pretende aprobar o Partido Popular, esta situación vai agravarse aínda máis, de xeito que os Hospitais Comarcais e Atención Primaria pasan a ser meros apéndice dos grandes hospitais, con unha máis que evidente perda de autonomía, capacidade de decisión e dirección. Os grandes hospitais absorberán a maior parte dos recursos sanitarios



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13751
Data envío: 07/08/2017 13:42:32.497

Os mecanismos de participación social recórtanse dun xeito alarmante, quedan totalmente amordazados. A composición tanto do Consello Galego de Saúde como dos Consellos de Saúde de Área deixan de estar recollida na Lei, e determinárase por decreto da Xunta. Retíraselle capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, e só manteñen capacidade de asesoramento e consultivo. Incluso suprime a procura dunha composición paritaria dos mesmos.

O Partido Popular pretende levar a cabo esta modificación da Lei de Sanidade de Galiza, sen ter levado a cabo ningunha avaliación de cales foron as consecuencias para a sanidade pública galega da creación das EOXIS.

O BNG manifesta a súa oposición a esta modificación, que significa confirmar o afastamento dun modelo sanitario de calidade, próximo á poboación, comunitario, participativo e orientado á prevención, e consideramos que hai que ir xusto na dirección contraria, e por iso presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

1.- Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galiza.

2.- Mantemento das Áreas sanitarias establecidas na Lei de Saúde de Galiza 8/2008 e crear as Áreas de Verín, Barbanza e Cee, para favorecer o coñecemento dos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13751
Data envío: 07/08/2017 13:42:32.497

problemas de saúde da súa zona e, ao mesmo tempo, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para @s usuari@s:

- Desenvolver xerencias de área sanitaria próximas, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.
- Posta en valor dos Hospitais Comarcais, descentralizar as tomas de decisión, respectar as competencias e a autonomía das áreas sanitarias comarcais.
- Dotar aos centros comarcais do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.
- Recuperación das xerencias nos Hospitais Comarcais.

3.- Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego:

- Dotala cos recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.
- Devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencias directas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13751
Data envío: 07/08/2017 13:42:32.497

4.- Mantemento tanto do Consello Galego de Saúde de Galiza como dos Consellos de Saúde de Área correspondentes ás áreas sanitarias establecidas na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, coa composición e competencias que se contemplaba na mesma:

- Constitución e convocatoria inmediata dos mesmos.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2017 13:05:09

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2017 13:05:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2017 13:05:17

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2017 13:05:18



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13751

Data envío: 07/08/2017 13:42:32.497

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2017 13:05:21

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2017 13:05:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa as medidas a tomar diante da falta de persoal nos PACs da comarca de Ferrol.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Os recortes, a redución dos orzamentos dedicados á sanidade, rebaixa continua dos cartos dedicados á sanidade pública galega, recortes en persoal, materiais, formación e inversións. Os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, deterioro asistencial.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Neste contexto, temos coñecemento que nos Puntos de Atención Continuada (PAC) de Ferrol, Narón, Fene e Pontedeume estase levando a cabo unha redución do persoal médico nos domingos e festivos dos meses de verán.

Todo isto supón que tanto no PAC de Ferrol como no de Narón, quedará o servizo con dous médicos e no caso de Pontedeume e Fene haberá tan só unha/un médic@.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:57
Nº Rexistro: 13759
Data envío: 07/08/2017 13:57:51.884

Nestes centros que atenden a urxencias dos Concellos de Ares, Mugardos, Cabanas, Vilarmajor e Monfero con gran afluencia de visitantes no período estival, implica que se hai que abandonar o Centro debido a unha asistencia domiciliaria ou calquera outra urxencia fora do centro, non quedará persoal médico algún para atender outras urxencias.

As consecuencias desta decisión son a presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival. Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da calidade asistencial. Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a manter na súa totalidade o cadro de persoal dos PACs de Ferrol, Narón, Fene e Pontedeume, e que proceda a substituír de inmediato ao persoal, tanto nas súas licenzas como vacacións.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:57
Nº Rexistro: 13759
Data envío: 07/08/2017 13:57:51.884

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2017 13:52:25

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2017 13:52:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2017 13:52:38

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2017 13:52:40

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2017 13:52:44

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2017 13:52:46

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, Paula Prado del Río, Ángeles García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos:

O Partido Popular no programa electoral co que se presentou as pasadas eleccións autonómicas, asumía o compromiso de conquistar unha Xustiza con medios do século XXI.

A pesar das dificultades orzamentarias, na pasada lexislatura, o goberno do Partido Popular foi quen de impulsar as infraestructuras xudiciais, así como outras cuestións importantes no eido da Xustiza como a revisión dos baremos de xustiza gratuíta e a mediación.

O obxectivo marcado para esta lexislatura é avanzar máis nas infraestructuras, na organización xudicial, na axilización da xustiza e na administración electrónica.

No marco da axilización da xustiza o compromiso do Partido Popular pasa por demandar do Ministerio de Xustiza a creación daquelas unidades xudiciais necesarias, e o reforzo dos órganos xudiciais nas xurisdiccións necesitadas de apoio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte
Proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar ao Ministerio de Xustiza que, canto antes, establezca o número de xulgados que lle corresponden a Galicia para 2018
- 2.- Asumir, apoiar e dotar de medios a todos os xulgados que o Ministerio de Xustiza asigne para Galicia”

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/08/2017 09:42:11

Paula Prado Del Río na data 08/08/2017 09:42:34

María Ángeles Garcia Míguez na data 08/08/2017 09:42:51



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 09:44
Nº Rexistro: 13811
Data envío: 08/08/2017 09:44:52.925

María Isabel Novo Fariña na data 08/08/2017 09:43:03

César Manuel Fernández Gil na data 08/08/2017 09:43:16

Antonio Mouriño Villar na data 08/08/2017 09:43:23

Alberto Pazos Couñago na data 08/08/2017 09:43:37

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/08/2017 09:43:53

Jacobo Moreira Ferro na data 08/08/2017 09:44:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 11:57
Nº Rexistro: 13814
Data envío: 08/08/2017 11:57:03.433

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á concentración parcelaria de Cures.

Hai máis de 17 anos que comezou a Concentración Parcelaria de Cures, en Boiro, cunha superficie afectada de 643 hectáreas entre terreo agrario e forestal. A Xunta de Galiza vén de acordar a toma de posesión das novas fincas de substitución (DOG 9 de xuño de 2017), previa notificación informal á veciñanza con tres días de antelación á referida publicación, nunha reunión ó efecto convocada e celebrada o día 6 de xuño no lugar de Ameán (Cures).

O proceso de concentración parcelaria que comezou coa aprobación do decreto o 15/07/1999 (DOG 28/07/1999), encóntrase nestes momentos na fase de comezo de construción dos "camiños secundarios", así como o "marqueado" dos lindes das novas fincas de atribución, segundo a FASE ACORDO (os veciños aínda non saben nada das súas alegacións realizadas mediante o "recurso de alzada").

Desde o BNG, se ben mostramos a nosa satisfacción coa próxima finalización dos proceso de concentración parcelaria após tantos anos desde o seu inicio, vimos, non obstante, a criticar que a entrega da posesión das fincas de substitución se realice sen garantir os dereitos dos seus titulares, ao non contar parte das mesmas con acceso, e se



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 11:57
Nº Rexistro: 13814
Data envío: 08/08/2017 11:57:03.433

atopar pendentes de execución obras imprescindibles para un uso axeitado destas, tales como as que se indican a continuación:

- Faltan por executar pistas secundarias, nalgúns casos por falta de consentimento de patrimonio.
- Faltan marcos delimitadores das parcelas.
- Falta a colocación de tubos dun metro de diámetro que serven para solucionar o acceso a aquelas parcelas que contan con regatos nas súas inmediacións.
- Falta a execución de entradas axeitadas aos usos das parcelas de reemprazo.
- Parte das parcelas contan no seu interior con terra amoreada pola execución no ano 2009 dos denominados “camiños principias”, instando a Xunta de Galiza aos seus propietarios a realizar á súa costa a actuacións precisas para a retirada e adecuación das fincas aos seus fins, sendo non obstante ditas actuacións de obrigada execución por parte da administración galega.

Conforme ó sinalado, e sendo conscientes de que nos atopamos unicamente ante a fase da entrega de posesión das fincas e que o proceso de concentración parcelaria non remata ata a entrega definitiva dos títulos de propiedade aos titulares das parcelas de substitución, desde o BNG entendemos, non obstante, que a entrega da posesión das mesmas debeuse realizar de maneira que se garantise o uso destas polos seus titulares, conforme ao sinalado no “ *ANUNCIO do 24 de maio de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se publica a toma de posesión dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de Cures-Boiro (Boiro-A Coruña).* ” publicado no DOG de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 11:57
Nº Rexistro: 13814
Data envío: 08/08/2017 11:57:03.433

data 9 de xuño de 2017 por parte da Consellería de Medio Rural e no seu que indica que:

“Os prazos para a toma de posesión son os seguintes:

b) Para os labradíos sen colleita pendente, prados, pastos e montes sen arboredo: o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.”

Así mesmo, a propia Consellería da Xunta de Galiza sinala na súa páxina web mediante publicación de data 9 de xuño do 2017 que:

“Con este anuncio dáse un paso máis no proceso concentrador e ponse en coñecemento dos veciños que poden comezar a usar desde hoxe as novas leiras resultantes do proceso de reorganización. Deste xeito, a Xunta de Galicia contribúe a mellorar os accesos ás novas parcelas e aumentar o valor da base territorial das explotacións da zona.”

As eivas expostas impiden, non obstante, realizar un uso das parcelas axeitado á súa finalidade.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Acometer as actuacións precisas para dotar ás fincas de substitución do PROCESO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CURES dos servizos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 11:57
Nº Rexistro: 13814
Data envío: 08/08/2017 11:57:03.433

axeitados que permitan facer un uso das mesmas conforme ao acordo adoptado pola Consellería do Medio Rural publicado no DOG o pasado 9 de xuño de 2017.

- Proceder á retirada de terra amoreada nas parcelas de substitución coa finalidade de que os seus titulares poidan realizar un uso das mesmas de conformidade co acordo adoptado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galiza publicado no DOG o pasado 9 de xuño de 2017.

- Executar calquera outra actuación tendente a solucionar todos os problemas existentes na zona de Concentración Parcelaria de Cures que permita aos titulares das parcelas de substitución facer uso das mesmas conforme ao acordo adoptado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galiza publicado no DOG o pasado 9 de xuño de 2017.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 11:57
Nº Rexistro: 13814
Data envío: 08/08/2017 11:57:03.433

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/08/2017 11:55:47

María Montserrat Prado Cores na data 08/08/2017 11:55:56

Ana Pontón Mondelo na data 08/08/2017 11:55:58

Olalla Rodil Fernández na data 08/08/2017 11:56:00

Noa Presas Bergantiños na data 08/08/2017 11:56:02

Xosé Luis Bará Torres na data 08/08/2017 11:56:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13820
Data envío: 08/08/2017 13:01:27.342

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións que levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza a respecto do incendio de Verín e Vilardevós iniciado o pasado día tres de agosto de 2017

O pasado día tres de agosto de 2017 a comarca de Monterrei sufriu un grande incendio que rematou por alcanzar un total provisional de máis de 1360 hectáreas, supoñendo no momento o incendio máis grande da comarca, da provincia ourensá e do país. Máis aínda, cómpre recordar que malia as baixas temperaturas deste verán, xa na última semana de xullo varios incendios na provincia ourensá, que absorbeu a práctica totalidade de lumes rexistrados coa excepción dalgún do sur de Lugo cunhas condicións climáticas moi semellantes, xa tiñan devastado máis de 350 hectáreas polo que se avenciñaba un agosto delicado no caso de se incrementar as condicións favorábeis para os lumes.

Este grande incendio da primeira semana de agosto iniciouse en Vilamaior para propagarse polo monte de Queirugás e chegar tamén aos Concellos do Riós e de Vilardevós, onde mesmo tiveron que desalojar varias casas durante a noite do tres ao catro de agosto pola proximidade das lapas. Cómpre recordar en xeral que esta é unha



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13820
Data envío: 08/08/2017 13:01:27.342

zona de moita afectación pola lacra dos incendios e en concreto que no que ía de tempada estival a zona de Vilamaior xa tivera tres conatos de incendios.

De forma concreta, no referido ao proceso de inicio e extinción deste incendio, a Xunta de Galiza insiste na rápida resposta do dispositivo. Desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o excelente traballo que desenvolveron e desenvolven cada un dos traballadores e traballadoras que malia as condicións sacan adiante o mellor traballo posíbel. Porén, entendemos que cómpre avaliar os feitos para desenvolver as correccións necesarias e mellorar a actuación. Neste sentido, tal e como denuncia o goberno municipal, diferentes fontes oculares contrastadas tanto polo concello como polos medios de comunicación, indican que o foco inicial no monte de Vilamaior emerxeu sobre as 16.00 horas do día tres de agosto. Cómpre indicar, tamén, que esta localización está situada a menos dun quilómetro da base de helicópteros. Aínda tendo en conta o vento que se estaba a dar no momento e que favoreceu a rápida propagación, non deixa de sorprender que o incendio fora alertado, segundo fontes oficiais da Consellaría de Medio Rural, ás 16.36 h. momento en que se activou o dispositivo de extinción. É obvio, polo tanto, que houbo máis de media hora en demora en detectar e comunicar ao distrito correspondente a aparición do lume. Finalmente, a primeira actuación efectiva de descarga de auga mediante medios aéreos produciuse arredor das 17:00 horas, é dicir, case unha hora despois do inicio do incendio ao que se suma a tardanza dos medios terrestres que denuncia a veciñanza, así como unha evidente falta de coordinación entre o Parque de Bombeiros Comarcal e o SPDCIF.

Todos estes elementos constatan que as actuacións levadas a cabo por parte da Xunta de Galiza tanto para a prevención como para a pronta detección e extinción non son suficientes e teñen grandes deficiencias que fan que adoeza dunha falta de vixilancia preventiva, demora na intervención, falla de previsión sobre o estado dos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13820
Data envío: 08/08/2017 13:01:27.342

depósitos e balsas de auga e escaseza de medios dispoñíbeis en plena tempada de alto risco nunha comarca que xa ten protagonizado importante danos particulares, públicos, forestais e ambientais.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Elaborar e acordar de forma consensuada un plan específico de actuación para a prevención e extinción de incendios na provincia de Ourense no que se teñan en conta as súas especificidades climatolóxicas, xeográficas e poboacionais para aplicar a partir de abril de 2017.

2. Incrementar o investimento en materia preventiva en colaboración cos concellos establecendo convenios para a xestión de biomasa nas franxas de protección de núcleos e nas vías de comunicación municipais, ampliando a dimensión desa faixa.

3.- Levar a cabo medidas de urxencia para a mellora do dispositivo na comarca de Verín-Monterrei, entre as que deben estar:

3.1 - Mellora do sistema de detección e vixilancia dos focos incendiarios, a comezar pola reposición das brigadas de primeira intervención ou vixilancia móbil.

3.2 - Incremento dos recursos para o ámbito preventivo de investigación e vixilancia nas zonas de repetición de incendios e introdución de melloras tecnolóxicas para estas funcións.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13820
Data envío: 08/08/2017 13:01:27.342

3.3 - Incrementar medios aéreos de carga en terra ou aparatos anfibios que poidan utilizar o embalse das Portas ou o das Conchas.

3.4 - Desenvolver unha auditoría e revisión periódica do estado dos depósitos e balsas de auga para garantir o seu axeitado estado de conservación e que son reenchidas de ser necesario.

3.5 - Levar a cabo as actuacións necesarias para garantir a limpeza dos perímetros de seguridade e marxes da A-52 e N-525.

3.6 - Incrementar o persoal do SPDCIF e establecer medidas para a mellora das súas condicións laborais e a mellora da coordinación entre os diferentes dispositivos.

3.7 -Garantir o desenvolvemento e continuidade das tarefas de restauración e repoboación forestal nos montes de Vilamaior e Queirugás

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13820
Data envío: 08/08/2017 13:01:27.342

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/08/2017 12:49:51

María Montserrat Prado Cores na data 08/08/2017 12:49:56

Ana Pontón Mondelo na data 08/08/2017 12:49:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/08/2017 12:50:00

Olalla Rodil Fernández na data 08/08/2017 12:50:02

Xosé Luis Bará Torres na data 08/08/2017 12:50:04

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Ánxeles Cuña Bóveda, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A eutrofización é o proceso polo que se trasvasa auga dun pantano a outro. Mediante a publicación no BOE do 19 de maio do 2017 formulouse declaración de impacto ambiental do proxecto Central hidroeléctrica reversible Salas-Conchas, e modificación das características do aproveitamento hidroeléctrico do río Salas (Salto de Salas) e do río Limia (Salto das Conchas) nos concellos de Muíños, Lobios, Lobeira e Entrimo, Bande e Calvos de Randín, en Ourense.

O promotores son a empresa GAS NATURAL SDG S.A. e a Confederación Hidrográfica do Miño- Sil.

Este proxecto de construción afecta á Rede Natura 2000, en concreto aos valores dos espazos ZEPA Baixa Limia- Serra do Xurés, e LIC Baixa Limia.

De facerse efectiva esta proposta da que xa consta a declaración de impacto ambiental implicará a contaminación de feito do encoro das Conchas pola auga que vai ser turbinada desde o encoro de Salas, e que está contaminada por cianobacterias, como xa ocorre noutros embalses como o de Caldas de Reis, e outros do noso país.

A contaminación por cianobacterias prodúcese por tres factores clave: encoro de augas, o nivel alto de temperaturas debido ao quentamento global, e a contaminación das propias augas procedente de vertidos non controlados.

A construción desta turbina que moverá as augas do encoro de Salas contaminada por cianobacterias ao encoro das Conchas producirá efectivamente a contaminación dos dous encoros.

É especialmente grave que se autorice a construción pola contaminación que leva aparellada dun encoro que está limpo e que abastece as poboacións colindantes co obxecto de enriquecemento de Gas Natural, e que non vai supoñer unha mellora efectiva do abastecemento de enerxía eléctrica dos concellos e poboacións que si se verán afectados por contra da contaminación.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :

- 1.- Tomar todas aquelas medidas conducentes á descontaminación do encoro de Salas.
- 2.- Promover todas as actuacións necesarias para garantir o abastecemento de auga as poboacións.
- 3.- Garantir que a construción da turbina non implique a contaminación do pantano das Conchas.
- 4.- Obrigar a Gas Natural e en xeral, aos titulares dos aproveitamentos hidroeléctricos, a tomar todas aquelas medidas conducentes a garantir e conservar os mínimos estándares de calidade nas augas encoradas, a descontaminación das mesmas, e a apertura das portas con seguridade para



mover un mínimo de auga que permita a circulación da mesma e que non haxa contaminación nas mesmas e o abastecemento as poboacións e concellos afectados.”

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Ánxeles Cuña Bóveda

Marcos Cal Ogando

Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/08/2017 13:22:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/08/2017 13:22:45

Marcos Cal Ogando na data 08/08/2017 13:22:55

Luis Villares Naveira na data 08/08/2017 13:23:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A partir do 11 de decembro de 2017 a fábrica ELNOSA, vinculada a ENCE, e instalada en Lourizán (Pontevedra) non poderá usar mercurio na elaboración de cloro. Así se dispón na normativa europea e nunha resolución do director xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, que esixe que a partir de finais deste ano non se use nin se prorrogue o uso do mercurio.

A factoría ELNOSA comprometérase ca Consellería de Medio Ambiente da Xunta a finalizar a produción de cloro líquido en decembro do 2016 e tiña ata agosto deste ano 2017 para rematar a de ácido clorhídrico e hipoclorito sódico. Inexplicablemente e pola porta de atrás a Xunta concedeulle no ano 2016 un ano de prórroga, contravindo a normativa municipal e europea, e en plena campaña pre-electoral. Ademais, Elnosa solicitou a ampliación da concesión da Autorización Ambiental Integrada (AAI). Os representantes sindicais buscan que o proxecto de incidencia supramunicipal evite os requirimentos administrativos do goberno local de Pontevedra, sendo así a Xunta a competente para outorgar ou denegar dita autorización.

No DOGA do día 3 de agosto saía publicado o sometemento a información pública a documentación para a revisión de autorización ambiental integrada outorgada a ELNOSA para a planta de cloro-alcáli de Lourizán. Nela contense o



proxecto para a revisión da autorización ambiental integrada, o proxecto de desmantelamento e o proxecto de descontaminación de solos e augas subterráneas aos efectos de formular alegacións.

A factoría tenta ampliar pola vía da prórroga durante 2,5 anos máis a produción de cloro con tecnoloxía de mercurio despois de non terse adaptado á normativa europea que obriga a facelo a través da tecnoloxía de membrana, ademais de pretender conseguir unha nova autorización ambiental integrada que lle permita seguir instalada na ría de Pontevedra, como fixo no seu día ENCE.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a :

- 1.- Adoptar todas as medidas tendentes ao desmantelamento da fábrica de Elnosa en Lourizán, e a obrigar á empresa a adopción de cantas medias sexan necesarias para a descontaminación da ría e dos vertidos procedentes dela, dun xeito integral en toda a ría a data de 11 do decembro de 2017.
- 2.- Recuperar de xeito integral a ría de Pontevedra.
- 3.- Obrigar a ELNOSA a reciclar o mercurio que teña almacenado na fábrica e ao seu tratamento.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 08/08/2017 13:44:34

Antón Sánchez García na data 08/08/2017 13:44:43

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia. Este anteproxecto inclúe unha serie de modificacións sobre a citada lei de moito calado, e con moita relevancia para o sistema sanitario galego, en termos de participación, de organización do mapa sanitario e os seus recursos, de formación, investigación e outras áreas.

A intención por parte do Goberno de Galicia de iniciar este proceso de reforma da Lei de saúde de Galicia de forma oscurantista en pleno mes de agosto, supón de por si un problema grave en canto ás formas. Os 15 días de achegas e participación a través do portal de transparencia quedan reducidos ás dúas semanas de menor actividade social, profesional e cidadá de todo o ano (a primeira quincena de agosto). O nulo coñecemento previo por parte de asociacións de pacientes, sindicatos, partidos políticos e cidadanía en xeral das intencións de levar adiante este procedemento neste momento evidencian a intención de esconder as propostas coa vontade de ser ocultadas e non debatidas.

No referido ao fondo da proposta de reforma, resulta sorpresiva a atribucións de funcións á acción directa do Consello da Xunta de Galicia vía decreto. De entrada así se inclúe no caso da participación cidadá, anteriormente canalizada a través dos Consellos de Saúde de Galicia e de Área, cuxa conformación quedaba perfilada na Lei de 2008 e incluía a representantes das administracións locais correspondentes, representantes de traballadores/as, rede social e económica das áreas sanitarias

correspondentes, etc. No intento de modificación dos artigos 23.3 e 26 que propón o anteproxecto se delimita que a conformación dos Consellos de Saúde se determinará “por decreto do Consello da Xunta”. Retíranse as referencias explícitas a que os Consellos de Saúde puideran obter e solicitar información relevante de carácter sanitario para interese xeral, o que supón a non participación dos representantes políticos e sociais nas decisións estratéxicas que afecten ás comarcas.

A reorganización do mapa sanitario de Galicia é outra das cuestións fundamentais que inclúe o anteproxecto de lei, pois reformula a ordenación actual cara un modelo máis concentrado e que perde atención ás comarcas e áreas sanitarias rurais e semiurbanas. A proposta pretende retirar da lei as delimitacións sobre áreas sanitarias, e as especificacións sobre funcións, características e fundamentos da súa relevancia, creando unha nova división entre áreas, distritos e zonas que, como se apunta na propia proposta de modificación, quedarán a expensas de ser determinadas “por decreto do Consello da Xunta” (modificación dos artigos 67 e 70). Ao fío desta nova delimitación do mapa sanitario, quedan no aire as áreas sanitarias especialmente sinaladas, que son as de O Salnés, Mariña Lucense, Monforte e Valdeorras, por ser áreas comarcais ás que se abre a porta da perda de servizos a favor das concentracións de servizos nos Centros Hospitalarios das grandes urbes. Esta concentración, que xa foi iniciada coa implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, foi sinalada xa dende entón como un erro por parte da meirande parte dos profesionais do sistema sanitario, e constatada polos usuarios coa perda progresiva de servizos nos hospitais comarcais. No caso de actual anteproxecto, a modificación dos artigos 68 e 69, que determinan a referencia aos Hospitais, quedaría a expensas dun decreto do Consello da Xunta que puideran perder, incluso, a atribución dun hospital. Segundo a normativa que se pretende impor, existiría a posibilidade de que un decreto deixara ser servizos sanitarios mínimos dun hospital aos centros das áreas sanitarias comarcais. A perda da condición de área sanitaria nas zonas referidas anteriormente afondaría na rebaixa de servizos, na dependencia do persoal dos grandes hospitais, e na constatación dura e imposta dun modelo de hospitais de segunda que se converterían en grandes ambulatorios, mais que non terían a capacidade sanitaria que precisan.

Grupo Parlamentario

A gravidade das propostas de modificación en participación e definición do mapa sanitario, así como noutras áreas como inspección ou investigación, fai necesario abrir un debate profundo na busca do acordo sobre as modificacións deste nivel sobre unha lei de tal relevancia. Por esta cuestión, resulta imprescindible que este procedemento modifique o camiño iniciado neste pasado 2 de agosto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Retirada do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia
2. Conformación dun grupo de traballo, que inclúa a representantes de todos os partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia, Fegamp, sindicatos, asociacións de pacientes e outros colectivos de relevancia no eido sanitario galego, para determinar as posibles necesidades de modificación da lexislación sanitaria. Este grupo de traballo elaborará un informe de conclusións que será de acceso público e que propondrá as posibles melloras normativas no sistema sanitario galego, de ser precisas.

Pazo do Parlamento, 8 de agosto de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 09/08/2017 10:41:35

Noela Blanco Rodríguez na data 09/08/2017 10:41:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/08/2017 10:41:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

O 21 de setembro de 2004 aprobouse no Parlamento Galego, por unanimidade, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, un plan no que se recollen máis de catrocentas medidas concretas, elaboradas a partir da realidade lingüística de Galicia, para favorecer o uso do idioma nos distintos ámbitos da sociedade e garantir que calquera cidadán poida vivir plenamente en galego.

Este documento, concibido coa participación de máis dun cento de profesionais representativos de todos os ámbitos da sociedade galega, constitúe un dos avances máis importantes en política de extensión do uso social do galego, tras a aprobación da Lei de normalización lingüística de Galicia, en xuño de 1983.

O Plan xeral de normalización da lingua galega establece obxectivos xerais e concretos, estruturados en dous grandes bloques sectoriais de actuación. O primeiro bloque integra os sectores de carácter transversal: dereitos lingüísticos, novas tecnoloxías e implementación do corpus. O segundo grupo correspóndese cos denominados bloques verticais, correspondentes aos sete ámbitos sociais nos que se pretende actuar: Administración, educación, familia e mocidade, economía, sanidade, sociedade e proxección exterior da lingua.

Pois ben, desta volta queremos centrar o foco de atención na transmisión da lingua galega dentro do ámbito familiar, como unha medida que permita tamén fornecer o uso do galego na mocidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha unha campaña de concienciación ás familias, como unidade de transmisión do galego como primeira lingua, evidenciando as vantaxes que supón o uso do galego na formación dos nenos e nenas”.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/08/2017 13:21:02

César Manuel Fernández Gil na data 09/08/2017 13:21:20

Maria Antón Vilasánchez na data 09/08/2017 13:21:27

Teresa Egerique Mosquera na data 09/08/2017 13:21:39

Carlos Enrique López Crespo na data 09/08/2017 13:22:09

Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2017 13:22:53

Antonio Mouriño Villar na data 09/08/2017 13:23:48

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/08/2017 13:24:07

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

A toponimia é a ciencia que estuda os nomes con que identificamos determinados espazos do territorio. É, sen dúbida, un dos campos máis enriquecedores e apaixonantes para quen estude a lingua e a cultura de calquera país. Os nosos antepasados foron bautizando en diversos momentos da historia os lugares que habitaban e cultivaban. Ademais, a maior parte dos topónimos tiñan, e moitos aínda teñen, un significado axeitado á realidade xeográfica en que naceron. Co tempo, esta realidade foi mudando e hoxe en día xa hai centos e centos de topónimos opacos, é dicir, que non nos dan pistas reais sobre o que denominan. Pero, grazas ao seu estudo, podemos coñecer mellor a nosa lingua e a nosa historia.

A toponimia forma parte dos elementos culturais que a Unesco denomina *patrimonio inmaterial* dos pobos. O carácter permanente dos topónimos faíños monumentos históricos, que se manteñen en pé a través dos séculos e que funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva.

Todo isto conleva que as administracións públicas deben comprometerse coa conservación e difusión da nosa toponimia coma patrimonio propio da nosa cultura e como berce da construción da nosa identidade como pobo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional, nomeadamente a través dos traballos de xeorreferenciación do nomenclator e microtoponimia, así como o desenvolvemento da aplicación colaborativa para a revisión, corrección e actualización do nomenclator de Galicia”.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/08/2017 13:52:58

César Manuel Fernández Gil na data 09/08/2017 13:53:40

Maria Antón Vilasánchez na data 09/08/2017 13:53:57

Teresa Egerique Mosquera na data 09/08/2017 13:55:15

Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2017 13:55:28

Carlos Enrique López Crespo na data 09/08/2017 13:55:54

Antonio Mouriño Villar na data 09/08/2017 13:56:06

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/08/2017 13:56:46

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e das deputadas, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar e Moisés Rodríguez ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

O goberno galego está a desenvolver unha estratexia de ensino e aprendizaxe en liña para facilitarlles o acceso á formación de lingua galega ás persoas adultas que desexan adquirir ou mellorar a súa competencia lingüística aproveitando as vantaxes que ofrecen as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) no ámbito da formación.

Esta aposta ten cristalizado na convocatoria de diferentes edicións de cursos en liña preparatorios para as probas de certificación de lingua galega no seu primeiro nivel. Trátase de accións formativas dirixidas, nomeadamente, a persoas estranxeiras, non galegofalantes ou que non contan con formación en lingua galega e que estean interesadas en achegarse ao idioma para melloraren a súa competencia lingüística básica en galego.

Dende o grupo parlamentario popular, consideramos que a estratexia de formación en liña pode ser un elemento de atracción para todas as persoas que desexen adquirir as competencias lingüísticas de diferentes niveis en galego, polo que consideramos que pode ser interesante ampliar a oferta de cursos CELGA en liña a outros niveis de competencia lingüística.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a avanzar na formación da lingua galega para adultos, a través de medidas como a posta en funcionamento do CELGA 4 en liña; ademais de potenciar e facilitar a realización dos exames que acrediten a competencia lingüística en galego”.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2.017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 13980
Data envío: 09/08/2017 14:29:21.059

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/08/2017 14:21:56

César Manuel Fernández Gil na data 09/08/2017 14:22:20

Maria Antón Vilasánchez na data 09/08/2017 14:22:24

Teresa Egerique Mosquera na data 09/08/2017 14:22:51

Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2017 14:23:12

Carlos Enrique López Crespo na data 09/08/2017 14:24:19

Antonio Mouriño Villar na data 09/08/2017 14:24:28

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/08/2017 14:25:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das deputadas e deputados **Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, en relación á dignificación das pensións das persoas xubiladas anticipadamente con longas carreiras de cotización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 41 da Constitución Española configura un sistema de Seguridade Social de natureza pública, de contía suficiente en canto ao seu nivel de protección, de carácter universal e irregresivo.

Diversas normas pertencentes ao sector laboral e de seguridade social do ordenamento xurídico establecen sistemas de xubilación graduais e flexibles, posibilitándose a anticipación da mesma co correspondente quebranto económico que afecta aos xubilados e xubiladas anticipadas, contravíndose a natureza contributiva desta prestación, o dereito constitucional a unha pensión suficiente ao cumprirse a idade legal de xubilación e vulnerándose a irregresividade, que debe ser obxecto de especial consideración para os xubilados a partir dos 65 anos, nunha interpretación concorrente do citado artigo 41 da norma fundamental e o artigo 50 da mesma.

Debe considerarse que non todas as xubilacións anticipadas son de carácter voluntario. Pola contra, a maior porcentaxe das mesmas correspóndese coa execución de plans de reconversión industrial que afectan a sectores maduros da nosa economía e que se fundamentan na aplicación de coeficientes redutores aos xubilados anticipados, coeficientes que deben ser obxecto de remoción no momento de alcanzar os mesmos a idade de 65 anos. Razóns de equidade e o cumprimento dos requirimentos constitucionais indicados aconsellan modificar normas como a Lei Xeral de Seguridade Social, que produce un notable quebranto económico na pensión de xubilación que corresponde a partir dos 65 anos aos xubilados e xubiladas anticipadas.

En ningún caso a Seguridade Social debe obter beneficio polo feito de acceder á xubilación anticipada, como sucede na actualidade. Ademais, nas carreiras de longa cotización, a partir dos 35 anos cotizados deben reducirse os coeficientes redutores, ata a súa desaparición cando o afectado cotizase 40 ou máis anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que realice as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos casos nos que se accedeu á xubilación anticipada, no sentido de que se aplicará unha penalización inferior á que existe actualmente dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei, con 35 anos cotizados e unha redución progresiva dos mencionados coeficientes ata a súa desaparición total cunha cotización de 40 anos.



A modificación de Lei, a partir da súa entrada en vigor, será de aplicación aos e ás que se atopan penalizadas antes da promulgación da citada Lei e a futuros e futuras pensionistas.

Segundo.- Trasladar ao Goberno do Estado que para os efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria co límite máximo dun ano.

Terceiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que se realicen as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de que nos casos de acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación, conforme ao disposto no artigo 208 do mesmo texto legal, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento no que o pensionista cumpra a idade legal de xubilación.

Cuarto.- Trasladar ao Goberno do Estado que o previsto na presente proposición non de lei non se verá afectado polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación nos mesmos termos aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables ao traballador, previstos no artigo 207.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/08/2017 09:36:19

Luis Villares Naveira na data 10/08/2017 09:36:32

Carmen Santos Queiruga na data 10/08/2017 09:36:40

Antón Sánchez García na data 10/08/2017 09:36:47

Magdalena Barahona Martín na data 10/08/2017 09:36:55

Marcos Cal Ogando na data 10/08/2017 09:37:14

Francisco Casal Vidal na data 10/08/2017 09:37:21

Luca Chao Pérez na data 10/08/2017 09:37:36

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/08/2017 09:37:42

José Manuel Lago Peñas na data 10/08/2017 09:37:49

Juan José Merlo Lorenzo na data 10/08/2017 09:37:56

Paula Quinteiro Araújo na data 10/08/2017 09:38:03

David Rodríguez Estévez na data 10/08/2017 09:38:12

Eva Solla Fernández na data 10/08/2017 09:38:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 12:26
Nº Rexistro: 14141
Data envío: 10/08/2017 12:26:44.625

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o estado dos BIC e da igrexa igrexa de San Salvador de Soutomerille, no Concello de Castroverde.

No Concello de Castroverde, a 6 quilómetros da cidade de Lugo e no Camiño Primitivo (catalogado como Patrimonio da Humanidade), atópase o lugar de Soutomerille. Un emprazamento histórico en ruínas do que se conservan:

- A Casa-torre, da que se descoñece a data de fundación e da que se conservan apenas algúns restos das primitivas dependencias, entre elas a porta de entrada á torre de arco de medio punto.

- A Torre de Arriba. Unha vivenda de tres alturas reedificada en 1590, con vestixios de fortaleza e orixe descoñecida. Conserva parte da fachada principal construída en cachotaría e cadeirado de granito no cercado dos ocos. A torre é a parte máis antiga que se conserva mais na que, noutrora, houbo cárcere ademais de “soga e coitelo” como castigo. Catalogada como Ben de Interese Cultural (BIC) en 1994.

- A Torre de Abaixo. Atópase abandonada e en ruínas. Sitúase xunto á prerrománica e tamén abandonada igrexa de San Salvador de Soutomerille, reformada en 1619. A Torre de Abaixo foi catalogada como Ben de Interese Cultural en 1994.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 12:26
Nº Rexistro: 14141
Data envío: 10/08/2017 12:26:44.625

- O cemiterio, considerado o máis pequeno de Galiza, está realizado en cantería galega e atópase a carón dun castro: A Croa de Soutomerille.

Malia a catalogación como BIC das dúas torres e da importancia patrimonial do lugar no seu conxunto, rodeado por castiñeiros tricentenarios, o estado no que se atopa, incluída a igrexa de San Salvador, é ruinoso.

Salienta ao se aproximar ao lugar un valo que cerca o conxunto e que foi colocado polo Goberno da Xunta no ano 2009 para iniciar un proceso de recuperación e de rehabilitación en Soutomerille que, no entanto, nunca chegou a efectivizarse malia as continuadas denuncias de colectivos como a asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde. Así mesmo, tamén se teñen denunciado roubos no interior da igrexa de San Salvador por parte da parroquia.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un Plan de actuación orzamentado que interveña a igrexa de San Salvador e a súa contorna.
2. Levar a cabo as actuacións oportunas perante as persoas propietarias para garantir a conservación e posta en valor dos inmóbeis catalogados como Ben de Interese Cultural (BIC), e demais restos arquitectónicos de Soutomerille de acordo co disposto na Lei de Patrimonio de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 12:26
Nº Rexistro: 14141
Data envío: 10/08/2017 12:26:44.625

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/08/2017 12:23:43

María Montserrat Prado Cores na data 10/08/2017 12:23:48

Ana Pontón Mondelo na data 10/08/2017 12:23:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/08/2017 12:23:52

Noa Presas Bergantiños na data 10/08/2017 12:23:55

Xosé Luis Bará Torres na data 10/08/2017 12:23:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 12:38
Nº Rexistro: 14143
Data envío: 10/08/2017 12:38:15.103

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a a anulación xudicial da licenza de explotación mineira concedida a Cementos Cosmos polo Concello de Triacastela.

En agosto de 2017 coñecíase a anulación xudicial da licenza de explotación mineira concedida a Cementos Cosmos polo Concello de Triacastela no ano 2014.

Segundo relata a sentenza a decisión fundaméntase na concesión da licenza urbanística sen a previa autorización do Consello da Xunta despois de ser escoitada a Comisión Superior de Urbanismo de Galiza. Unha tramitación necesaria para poder continuar coa devandita explotación en solo rústico de especial protección de acordo coa Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (Louga).

O fallo xudicial, favorábel á denuncia presentada pola Asociación O Iribio, foi recorrida polo Concello de Triacastela e a propia empresa que, malia todo, continúa adiante coa extracción de caliza na canteira de Vilavella. Segundo relatou aos medios de comunicación Cementos Cosmos, a súa decisión é continuar coa actividade extractiva até que a sentenza sexa firme.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 12:38
Nº Rexistro: 14143
Data envío: 10/08/2017 12:38:15.103

Cómpre lembrar que a canteira de Vilavella está situada na contorna da Cova Eirós, cuxo expediente de declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) foi incoado pola Xunta de Galiza en abril de 2017. Eirós posúe no seu interior pinturas e gravados rupestres de hai 9 mil anos, as máis antigas até o momento descubertas na Galiza.

Porén, a súa catalogación BIC refírese a ela como “monumento” e non como “xacemento arqueolóxico” (artigo 10 da Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galiza) o que carrexou importantes críticas de organizacións e colectivos ecoloxistas pola merma do espazo de protección que isto supón.

Alén diso, a contorna de protección delimitada pola Xunta contravén as recomendacións do Consello da Cultura que situaba en 200 metros esa faixa.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Adoptar as medidas necesarias para catalogar BIC a Cova Eirós como “xacemento arqueolóxico” ampliando a contorna de protección deste espazo até os 200 metros (artigos 10 e 12 da Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galiza).

2. Reclamar á empresa Cementos Cosmos o desenvolvemento dun plan de recuperación da contorna de protección da Cova Eirós atinxida pola actividade mineira na canteira de Vilavella.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 12:38
Nº Rexistro: 14143
Data envío: 10/08/2017 12:38:15.103

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/08/2017 12:37:04

María Montserrat Prado Cores na data 10/08/2017 12:37:29

Ana Pontón Mondelo na data 10/08/2017 12:37:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/08/2017 12:37:33

Noa Presas Bergantiños na data 10/08/2017 12:37:35

Xosé Luis Bará Torres na data 10/08/2017 12:37:38

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O artigo 36 da Lei 7/1985, reguladora de bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Por iso, e en coherencia coa lexislación vixente nesta materia, é polo que as deputacións aproban anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

A Deputación de Ourense ten previsto no ano en curso a colaboración cos concellos a través de varios instrumentos: o Plan provincial de cooperación, dotado con 5.308.500 euros, o Plan da Rede Viaria, presupostado con 2 millóns, o plan de emprego, con 910.000 euros (a razón de 10.000 euros por concello), o de cooperación vía convenio con concellos cun orzamento total de 1,3 millóns de euros, o plan termal e o de acción social dotados cada un deles con 1,2 millóns de euros. Deles, tan só o plan provincial, o de emprego, e o de acción social, se distribúen a todos os concellos en función de criterios predeterminados de antemán, aínda que discutibles, ao facerse de xeito lineal, con independencia do tipo de concello e das súas características. Esta achega, en relación cos 77 millóns de orzamento provincial, apenas supón un investimento de pouco máis do 6 % do total. Trátase dunha partida cativa, que non permite abordar as moitas e cada vez máis crecentes necesidades que teñen nos concellos.

Estes datos contrastan co esforzo que estean a facer as demais deputacións galegas, con cifras con enriba dos 25 % do total do orzamento (ate o 43 % no caso da Deputación da Coruña); agrupando todas as subvencións aos concellos nun plan único que permite, ademais de simplificar a burocracia

Grupo Parlamentario

e axilizar as achegas, repartir de xeito obxectivo os cartos públicos en función de criterios ponderados, reducindo drasticamente a discrecionalidade na asignación de fondos públicos provinciais, afondando así nas políticas de equidade, obxectividade, e transparencia nas accións de cooperación dos concellos.

Asemade, dende hai varios anos, unha vez feita a liquidación anual, a Deputación de Ourense vén arroxando un superávit importante que se distribúe case exclusivamente con criterios subxectivos e discrecionais, mecanismo que impide que moitos concellos poidan percibir achegas á marxe das establecidas nas subvencións mencionadas con anterioridade.

É preciso que nunha provincia que lidera os peores indicadores socioeconómicos e poboacionais, con máis de 300 núcleos deshabitados, se creen as condicións axeitadas para que os cidadáns e cidadás poidan vivir nunhas condicións dignas, con servizos e infraestruturas do século XXI, para o cal resulta imprescindible que os concellos poidan dispor de recursos, e dentro da súa autonomía municipal, destinalos aquilo que consideren perentorio e necesario.

Do mesmo xeito, é necesario respectar as decisións que se toman no seno da Fegamp, así como dos acordos que esta establece coa Xunta de Galicia. Así pois é preciso que se implementen os criterios obxectivos acordados por unanimidade na Federación Galega de Municipios e Provincias, que son os de superficie, poboación, entidades de poboación, e índice de envellecemento, e ofrecerlle aos concellos equidade e transparencia a través dun plan único. As afinidades políticas non deben influír en ningún caso na dotación de recursos para os veciños e veciñas, estes deben poder escoller democraticamente ao seu alcalde ou alcaldesa, con independencia de que vaian a recibir máis ou menos recursos para financiar os servizos municipais.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse a Deputación provincial de Ourense para que no vindeiro orzamento, e tendo en conta os criterios de reparto xa establecidos pola Fegamp, se realice o reparto de fondos aos concellos da provincia de Ourense a través dun plan único que se sitúe na fronteira do 1/3 do total do orzamento, tal e como se vén facendo nas outras deputacións provinciais da comunidade autónoma galega.
2. Esixir á Deputación de Ourense que suplemente no actual exercicio orzamentario, as partidas dedicadas a cooperación dos concellos dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ao resto das deputacións galegas.
3. Esixir de todas as administracións públicas que os recursos se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida para os cidadáns e cidadás.

Pazo do Parlamento, 10 de agosto de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 11/08/2017 10:21:06



 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/08/2017 10:21:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/08/2017 10:21:14

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/08/2017 10:21:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/08/2017 10:21:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. E a Xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta.

Esta loita precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei orgánica de 2004, que o Goberno galego ten discriminado orzamentariamente ano tras ano. Hai menos dun mes, no Congreso dos Deputados acadábase un gran Pacto contra violencia de xénero, que ha de alumear as políticas de todos os gobernos, tamén do de Galicia, que presume de apoiar todas as reivindicacións que sexan necesarias (ata a secretaria xeral de Igualdade dicía hai ben pouco que “as mulleres que sofren violencia han de saber que contan con recursos e co apoio de toda a sociedade”).

Os xulgados galegos reciben ao día unha media de 15 denuncias por maltrato contra a muller, pero en Galicia só hai 2 xulgados específicos, en Vigo e en A Coruña, e os 2 necesitan máis medios, máis funcionarios/as e novas instalacións que impidan que vítimas e maltratadores se crucen.

O de A Coruña resolveu o ano pasado arredor de 1200 asuntos (a cifra máis alta dende 2009), tanto penais como civís, número de procedementos que xa se víu incrementado neste ano 2017, pois no primeiro trimestre, segundo datos do propio Goberno do Estado, houbo 290 denuncias na cidade. E todo o mundo sabe que, estatisticamente, no verán aumentan os episodios de violencia de xénero.

Grupo Parlamentario

Pois resulta que en A Coruña un dos xulgados de garda está a asumir os asuntos que se tramitan no de Violencia porque o seu titular marchou de vacacións en agosto, non sen antes solicitar o nomeamento dun substituto, petición que lle foi denegada. En concreto, a negativa do Ministerio de Xustiza a proporcionar ao TSXG fondos para nomear un substituto provocou xa o aprazamento de medidas civís relacionadas coa violencia de xénero, como gardas e custodias, visitas ou pensións de alimentos. A única xustificación do Ministerio, a través da Dirección Xeral de Xustiza, foi que xa se ten superado nun 106 % o orzamento para contratar xuízas e xuíces de substitución para 2017.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado:

1. Que se cree unha partida específica reservada en exclusiva a contratar xuízas e xuíces de substitución, que remate con situacións esperpénticas como a do Xulgado de Violencia contra a Muller de A Coruña.
2. Que se creen novos xulgados de violencia contra a muller para Galicia en 2017.
3. Que, de maneira inmediata, se leven a cabo a reformas necesarias nas dependencias xudiciais habilitando espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores.
4. Que se dote de persoal necesario a estes xulgados.
5. Que se incremente a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da Xustiza en Galicia.

Pazo do Parlamento, 10 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/08/2017 10:33:45



 Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 11/08/2017 10:33:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/08/2017 10:33:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/08/2017 10:34:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/08/2017 10:34:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14322
Data envío: 11/08/2017 12:47:15.548

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Combater a violencia machista é ou debera ser un dos obxectivos fundamentais das institucións. Dentro dos ámbitos que deben mellorar a súa actuación para traballar no obxectivo de erradicala salienta a Xustiza. Organizacións feministas, colectivos profesionais e partidos políticos teñen demandado a corrección das súas deficiencias así como a mellora dos medios e recursos da xustiza, concretada a través de elementos fundamentais como por exemplo a dotación dos recursos necesarios para mellorar os recursos humanos e materiais das dependencias xudiciais. Neste sentido, ocupa un lugar importante a creación e mantemento de xulgados específicos en materia de violencia contra as mulleres.

Cómpre recordar que segundo datos oficiais do Informe anual sobre violencia de xénero en Galiza, ao longo de 2016 denunciaron ser vítimas de violencia machista no noso país até 5.683 mulleres, tendo a segunda maior cifra na provincia da Coruña, con 2.193, cunha cifra moi similar á provincia pontevedresa que lidera con 2.210 casos. Ademais, foi na Coruña onde máis ordes de protección se demandaron, cun total de 614.

Neste contexto, desde o Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación a nova coñecida a comezos do verán de 2017 de que o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña sería administrado durante as vacacións estivais polo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14322
Data envío: 11/08/2017 12:47:15.548

xuíz ou xuíza de instrución que se atopara de garda en cada momento e non por unha persoa substituta específica. Alén das dificultades evidentes de compatibilizar os traballos derivados do xulgado de garda cos derivados do xulgado de violencia contra a muller pola alta carga de traballo, as e os nacionalistas vemos nesta situación unha falta de atención por parte dos poderes públicos que deberan garantir tanto o funcionamento operativo do xulgado como a participación nestes procesos de profesionais con formación específica.

As razóns coñecidas para esta decisión estaban fundamentadas na limitación de orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza ao ter superadas as contías destinadas ás substitucións deste tipo. Máis aínda, resulta alarmante que coñecida e advertida esta situación tanto por forzas políticas como por colectivos profesionais como o propio Colexio de Avogados da Coruña, non se teña buscado unha solución e que no inicio de agosto non se conte, efectivamente, cunha persoa substituta específica. A diferenza doutras ocasións, o Ministerio de Xustiza non ten autorizado o adianto de fondos para substitucións, algo que para o Bloque Nacionalista Galego é unha absoluta irresponsabilidade e evidencia a irracionalidade do centralismo xudicial dun Estado español que non ten reparos en dar carta branca para incrementar o gasto orzamentario noutras partidas.

Por todas estas razóns, entendendo que a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade absoluta, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14322
Data envío: 11/08/2017 12:47:15.548

- Realizar as xestións oportunas co Ministerio de Xustiza de cara a garantir a substitución dos e das profesionais da xustiza nos xulgados específicos galegos de violencia machista cando for preciso.

- Elaborar, en colaboración con colectivos feministas e profesionais, unha avaliación diagnóstica do funcionamento dos recursos xudiciais e de atención a vítimas de violencia machista durante o verán para corrixir as deficiencias e garantir que a atención recibida ten idénticas condicións independentemente da época do ano.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/08/2017 12:38:47



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14322
Data envío: 11/08/2017 12:47:15.548

María Montserrat Prado Cores na data 11/08/2017 12:38:54

Ana Pontón Mondelo na data 11/08/2017 12:38:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/08/2017 12:38:58

Olalla Rodil Fernández na data 11/08/2017 12:39:00

Xosé Luis Bará Torres na data 11/08/2017 12:39:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de EN MAREA a través do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** e de **Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia licitou mediante concurso público a xestión da limpeza dos edificios administrativos a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicado no BOE con data de 25 de xullo de 2017 e no DOUE o 19 de xullo do 2017.

Este mesmo contrato xa fora obxecto de licitación a principios de ano, con data de 25 de xaneiro de 2017, mediante un macroconcurso, e cuns pregos de contratación que na práctica supuxeron que só puidesen concorrer a el catro grandes empresas de fóra de Galicia. A consecuencia práctica daquela foi a expulsión de todas as empresas do sector, pequenas e medianas, con sede tributaria en Galicia que dan emprego a miles de traballadoras.

O resultado do contrato supuña unha vulneración da normativa comunitaria 2014/24/UE e da galega, a Lei 14/2013 no seu artigo 29, posto que as dúas ían encamiñadas a redactar os pregos de contratación mediante a existencia de lotes que fixesen accesible o contrato a PEMES.



Despois da protesta do sector, e durante a tramitación do expediente recibíranse na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza escritos contra o macro-concurso. Finalmente, por parte desta Secretaría solicitaríase unha auditoría externa, para verificar se a organización contida nos pregos era a máis axeitada para prestar o servizo de limpeza. O informe da auditoría confirmou os presaxios do sector: a incorporación de novos centros na licitación supoñía incluír un elevado número de traballadores e locais moi diferentes e dispersos xeograficamente, polo que se xerarían dificultades operativas, no momento inicial e na xestión diaria do contrato. Ademais, a suposta vantaxe de ter un único interlocutor minguaba, co conseguinte prexuízo para o interese público.

A Xunta de Galicia renunciou á subscrición do contrato do servizo de limpeza e desistiu na adxudicación o 9 de xuño de 2017.

Agora, ca inminente transposición das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello, 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, esgotado xa o prazo da súa transposición (que remataba o 18 de abril do 2017, data a partir da que se pode invocar o efecto directo das mesmas) mediante a nova Lei de Contratos do Sector Público, aprobado no Congreso e en tramitación no Senado, a Xunta de Galicia volve convocar o concurso de limpeza con data de 25 de xullo de 2017.

Nesta ocasión o macro-concurso reparte a licitación en tres lotes, pero dun xeito formal, xa que cunha ollada constátase a diferenza entre o Lote 1 cun orzamento base de licitación estimado en 12.352.973,93 euros (Servizo de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia), e o Lote 2: 746.681,12 euros (Servizo de limpeza dos edificios e dependencias da Axencia de Turismo de Galicia e dos edificios do Centro Superior de Hostalaría de Galicia) e Lote 3: por valor de 485.431,76 euros (Servizo de limpeza da sede do Centro Integrado de



Atención ás Emerxencias 112 e da Academia Galega de Seguridade Pública, na Estrada).

A data límite de presentación de ofertas é 28 de agosto de 2017, ás 14:00 horas. A convocatoria un día festivo, como é o Día Nacional de Galicia, ca publicación no BOE o 25 de xullo, e co prazo escaso dun mes ata o 28 de agosto, data de vacacións para milleiros de persoas, fai sospeitar das consecuencias prácticas de dita convocatoria.

Estamos ante o mesmo macroconcurso orixinal, con tintes formalistas, dividindo o mesmo en lotes, pero mantendo un lote en orzamento e centros desproporcionado que é o lote nº 1.

Sospeitase que despois a este se irán engadindo novos centros, e facéndose ampliacións e prórrogas que xa se contemplan na propia licitación.

Así pois outra vez as PEMES galegas do sector limpeza volverán quedar fóra, prexudicando o tecido empresarial e a creación de emprego de calidade e duradeiro, tan falto do establecemento de xente nova que garanta un futuro estable para o noso país.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Modificar a redacción dos pregos, en xeral e en particular dividindo en lotes máis pequenos o lote número 1, conforme a nova lei de contratos do sector público, e a normativa europea, facilitando o acceso a todas as Pequenas e Medianas Empresas do sector da Limpeza galega.



2.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas ata mediados de novembro, a fin de que poidan concorrer UTEs.

3.- Modificar a redacción inicial dos pregos facendo máis números de lotes segundo provincias e áreas segundo os centros, a súa situación xeográfica e o número de traballadores, para que sexa fácil e accesible as empresas da contorna acceder a concurso.

4.- Promover a contratación de empresas do país, fortalecendo o tecido empresarial e a creación de emprego estable, duradeiro e de calidade.

5.- Axeitar todas as contratacións do sector público, de xeito práctico, a normativa europea, estatal e a galega.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/08/2017 13:39:31

Paula Vázquez Verao na data 11/08/2017 13:39:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/08/2017 13:39:42

Juan José Merlo Lorenzo na data 11/08/2017 13:39:48

Carmen Santos Queiruga na data 11/08/2017 13:39:50

Antón Sánchez García na data 11/08/2017 13:39:53

Eva Solla Fernández na data 11/08/2017 13:39:56

Luca Chao Pérez na data 11/08/2017 13:39:59



Paula Quinteiro Araújo na data 11/08/2017 13:40:02

Magdalena Barahona Martín na data 11/08/2017 13:40:04

José Manuel Lago Peñas na data 11/08/2017 13:40:07

Francisco Casal Vidal na data 11/08/2017 13:40:10

David Rodríguez Estévez na data 11/08/2017 13:40:12

Marcos Cal Ogando na data 11/08/2017 13:40:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2017 11:11
Nº Rexistro: 14332
Data envío: 14/08/2017 11:11:41.636

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe un constitúe unha provocación, unha burla da lei de memoria histórica, unha ofensa a todas as vítimas do franquismo e do Ditador, e un escandaloso exemplo da impunidade con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leve o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación –por se non estaba suficientemente claro– da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergoña que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a converta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2017 11:11
Nº Rexistro: 14332
Data envío: 14/08/2017 11:11:41.636

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicidade e a permisividade daquelas institucións do Estado que consenten, amparan e protexen a Illa de impunidade e o parque temático franquista en que se converteu o Pazo de Meirás.

Para rematar con esta ignominia e esta provocación, o BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas en Galiza.

2. Apoiar a proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada para que sexa este concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.

3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador.

4. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.

5. Facer un chamamento a todas as institucións galegas para que se adhiran e apoien a iniciativa da Xunta en Pro da Devolución do Pazo de Meirás, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os concellos de Sada e Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2017 11:11
Nº Rexistro: 14332
Data envío: 14/08/2017 11:11:41.636

Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria. Prestar apoio técnico, xurídico e económica a esta iniciativa que ten como obxectivo que o Pazo de Meirás sexa un ben público.

6. Apoiar a elaboración e aprobación dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiba, persiga e sancione os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2017 11:11
Nº Rexistro: 14332
Data envío: 14/08/2017 11:11:41.636

Xosé Luis Bará Torres na data 14/08/2017 10:42:30

María Montserrat Prado Cores na data 14/08/2017 10:42:38

Ana Pontón Mondelo na data 14/08/2017 10:42:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/08/2017 10:42:42

Olalla Rodil Fernández na data 14/08/2017 10:42:44

Noa Presas Bergantiños na data 14/08/2017 10:42:46

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA a través das súas deputadas e deputados **Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

Primeiro.- A xestión das visitas ao BIC-Pazo de Meirás pola Fundación Nacional Francisco Franco que, de acordo cos seus propios Estatutos, ten como obxectivo o difundir o legado do ditador Francisco Franco, é unha vergoña nun país democrático ademais dunha ofensa ás vítimas da represión franquista.

Mesmo recentemente dita Fundación facía público un comunicado no que a Fundación dá a coñecer a asunción da xestión do réxime de visitas ao BIC e se reafirmaba nos obxectivos de enxalzar a figura de Franco e o Réxime franquista:

http://www.fnff.es/Comunicado_El_Pazo_de_Meiras_3667_c.htm

Noutros Estados da contorna serían hoxe impensables este tipo de fundacións, que estarían prohibidos por facer exaltación dunha ditadura que deixou miles de asasinadas froito dun golpe de estado contra a lexitimidade democrática



republicana vixente na época, e despois dunha guerra que deu paso a 40 anos de ditadura na que perderon a vida miles de persoas inocentes.

Segundo.- Existe constancia reiterada no tempo do incumprimento reiterado do réxime de visitas que legalmente se estableceu, recollida na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os Bens de Interese Cultural, que se teñen que facer cando menos 4 días ao mes, e da atención telefónica mediante un número que estivo desconectado durante meses, polos que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural abriu un expediente á familia do ditador “propietaria” do mesmo con apercibimento de sanción, pola comisión dunha infracción administrativa en materia de patrimonio cultural, que será como máximo de 6000 euros.

A Xunta de Galicia non pode tolerar pasivamente a detención pola Fundación da xestión do réxime de visitas ao BIC. Moito menos cando lle consta a dita Xunta, e por escrito, e en varias ocasións, a disposición formal do Concello de Sada a asumir dita función.

Terceiro.- A memoria democrática deste país esixe que as vítimas obteñan memoria, xustiza, respecto, recoñecemento e reparación.

Reparación que non terá lugar mentres non se poña fin ao espolio que significou a adquisición por medio da ameaza, a extorsión e as presións, da propiedade do Pazo de Meirás polo Ditador, propiedade que segue a detentar os descendentes directos do Ditador.

A propiedade e desfrute do Pazo pola familia Franco supón detención, por título ilexítimo da súa causa e orixe, en canto resultado dun proceso de adquisición forzada e coactiva, fraudulentamente disfrazado en forma de doazón



e compra-venta, tal e como acreditan probas documentais e estudos de investigadores e historiadores. Dita detentación polos herdeiros de Franco supón unha ofensa para galegos e galegas, e supón un vestixio máis dos privilexios obtidos polo abuso da forza do réxime do terror.

Compre reparar a honra e a dignidade das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedades baixo risco de represalias por parte dunhas autoridades que non dubidaban en utilizar a violencia máis extrema.

Cuarto.- A modificación da Lei 52/2007, da Memoria Histórica, e da lexislación estatal de Fundacións debe ter como obxectivo común tanto un maior recoñecemento das vítimas da represión e a reparación e reversión compensadora dos efectos da mesma no primeiro caso como o impedimento legal para que fundacións como a Francisco Franco poidan impunemente e mesmo ao amparo da legalidade democrática divulgar, louvar e difundir o terror franquista, no segundo.

Obxectivo de modificación lexislativa que necesariamente debe contemplar as determinacións legais oportunas para que o Pazo de Meirás se incorpore ao patrimonio público, para a súa posta en valor asociada á memoria histórica, tal e como expresamente se prevé no PXOM de Sada, pendente de aprobación definitiva.

A loita e o obxectivo de que o Pazo de Meirás pase a formar parte do Patrimonio público como símbolo dos valores democráticos e da dignificación das vítimas debería de unir a todos os Grupos deste Parlamento.

Quinto.- Neste contexto a sociedade civil e política vense mobilizando para acadar os obxectivos de reparación, dignificación e democratización.

E tamén así o veñen facendo determinadas administracións públicas.

O pasado Pleno da Corporación Municipal de Sada, de 12 de agosto de 2017, adoptou o seguinte Acordo:

“1.- Apoio expreso do Pleno da Concello de Sada para, apoiando as solicitudes formuladas pola Alcaldía de Sada o pasado 31 de xullo e a do Concelleiro delegado de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de xullo de 2015, instar á Xunta de Galicia a solicitude de que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que realice todas as actuacións tendentes a evitar e, no seu caso, non autorizar, que sexa a Fundación Nacional Francisco Franco quen xestione as visitas ao BIC Pazo de Meirás.

3.- Instar a Xunta de Galicia a que esixa aos propietarios que detentan o inmovible que cumpran co réxime de visitas ao BIC disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista en dita Lei para ditas infraccións.

4.- Demandar da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas aquelas actuacións encamiñadas a recuperar o Pazo de Meirás para a titularidade e uso públicos.

5.- Formalizar declaración institucional de condena expresa ante os comunicados emitidos pola Fundación Nacional Francisco Franco así como de apoio á memoria das vítimas do franquismo.

6.- Instar ás Cortes do Estado, Grupos Parlamentarios e do goberno do Estado ás iniciativas legislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de



Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que como a Fundación Nacional Francisco Franco teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

7.- O Pleno da Corporación asume e comparte os acordos adoptados na sé da Deputación Provincial da Coruña en reunión celebrada o pasado día 9 de agosto de 2017, e que son os seguintes :

- 1.- Rexeitar a xestión por parte da Fundación Nacional Francisco Franco do programa de visitas ao Pazo de Meirás, apoiar a demanda do Concello de Sada de que sexa dita administración quen as xestione, e condenar as declaracións manifestadas a través dun comunicado e do seu portavoz de apoloxía do franquismo.
- 2.- Instar a modificación da Lei de Fundacións con obxecto de impedir a legalidade de fundacións que fagan apoloxía do franquismo.
- 3.- Realizar un estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público.
- 4.- Reclamar a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica galega que, entre outros obxectivos, impida o enxalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria historia.
- 5.-Constituír con carácter inmediato unha Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público coa participación de institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais e fundacións co fin de poñer fin á posesión da propiedade pola familia Franco e a súa



incorporación ao Patrimonio público. As institucións e entidades participantes, Deputación da Coruña, concellos da Coruña e Sada, Universidade da Coruña, IGM e CRMHC amosaron a súa intención de, previos os trámites preceptivos, se incorporar desde o inicio a dita Xunta.

8.- O Concello de Sada adhírese asínesmo a calquera outra iniciativa da sociedade civil tendente á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

9.- O Concello de Sada acorda expresar a vontade corporativa contraria ao proceder da familia Franco, herdeira do ditador, e en relación coas obrigas derivadas da propiedade que detenta do BIC-Pazo de Meirás. E aos efectos de tal referencia e intereses municipais, e como expresión simbólica de rexeitamento de tal proceder, declarala "non grata".

10.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes do Estado, Deputación provincial e Grupos provinciais, así como ao goberno do Estado.”

Neste acordo, que expresa a vontade de trasladalo a este Parlamento, reúnen obxectivos polos que levan loitado durante anos organizacións sociais e políticas e a cidadanía activa.

Cremos que o Parlamento galego debe de dar un apoio unánime a dito acordo e instar á Xunta a impulsar aquelas medidas concretas que nel se recollen como un compromiso por profundar na democracia e coa memoria histórica democrática.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



“O Parlamento de Galicia acorda:

Primeiro.- Esta Cámara comparte e apoia o contido do acordo aprobado polo Pleno da Corporación municipal do Concello de Sada celebrado o pasado 12 de agosto.

Segundo.- Asumir como Cámara a vontade de acordar, promover ou demandar as iniciativas lexislativas ás que se fai referencia en dito acordo.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a que dentro das súas competencias administrativas execute o acordado en dito Pleno Municipal.”

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/08/2017 11:33:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/08/2017 11:33:39

Juan José Merlo Lorenzo na data 14/08/2017 11:33:45

Carmen Santos Queiruga na data 14/08/2017 11:33:48

Antón Sánchez García na data 14/08/2017 11:33:51

Eva Solla Fernández na data 14/08/2017 11:33:53

Luca Chao Pérez na data 14/08/2017 11:33:57

Paula Quinteiro Araújo na data 14/08/2017 11:34:00

Magdalena Barahona Martín na data 14/08/2017 11:34:07

José Manuel Lago Peñas na data 14/08/2017 11:34:11

Francisco Casal Vidal na data 14/08/2017 11:34:14

David Rodríguez Estévez na data 14/08/2017 11:34:17

Marcos Cal Ogando na data 14/08/2017 11:34:20

Luis Villares Naveira na data 14/08/2017 11:34:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2017 12:41
Nº Rexistro: 14337
Data envío: 14/08/2017 12:41:22.001

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao incumprimento reiterado da lexislación en materia toponímica por parte das institucións do Estado español e as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza

A toponimia é a área de coñecemento que estuda os nomes cos que un pobo identifica determinados espazos de diferente tamaño e dimensión. A toponimia de cada lingua constitúe unha manifestación da súa riqueza e vitalidade, así como a pegada da historia de cada pobo, constituíndo un campo multidisciplinar de estudo e un elemento de identificación do territorio e da súa identidade que debe ser coidado e conservado. Máis aínda, nun contexto coma o galego, onde á convivencia diglósica entre dúas linguas temos que engadir as necesidades de reparación e restitución despois da deturpación que o españolismo ten exercido sobre os nomes dos nosos lugares.

Cómpre recordar que desde a aprobación do Estatuto de Autonomía foron diferentes os impulsos que desde o ámbito lexislativo e institucional marcaron como obxectivo a recuperación de ámbitos de uso da lingua, entre os que a toponimia foi atopando o seu oco. Deste xeito, xa a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística aprobada por unanimidade polo Parlamento Galego fai mención á recuperación e fixación da toponimia galega. Concretamente, no artigo 10 establécese



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2017 12:41
Nº Rexistro: 14337
Data envío: 14/08/2017 12:41:22.001

que "os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega" e sitúase na Xunta de Galiza a correspondencia na determinación dos nomes oficiais, como despois se desenvolvería creación da Comisión de Toponimia e na promulgación de diferentes decretos para regular a recuperación ou fixación da toponimia galega e aprobar os seus inventarios.

Porén, máis de tres décadas despois do inicio do recoñecemento das formas galegas como as únicas oficiais e correctas para denominar os nosos lugares, organizacións políticas, persoas particulares e colectivos de defensa da cultura e o idioma galegos continúan a denunciar o incumprimento da lei e a deturpación lingüística. Salienta, pola súa reincidencia e pola gravidade, o empeño por parte das institucións do Estado español por non corrixir a súa conduta contraria ao respecto polos nomes dos núcleos do noso país e o noso legado patronímico, agredíndoo constantemente.

Recentemente, o propio Parlamento de Galiza acordou por unanimidade dirixirse ao Goberno español para amosar formalmente o rexeitamento ao uso por parte de organismos e institucións oficiais de toponimia ilegal lembrando que a única forma oficial é a galega en diferentes iniciativas, tanto ao fío das deficiencias detectadas no ámbito da Xustiza como da Facenda. Porén, repítese de maneira continuada o uso de topónimos deturpados e non parece haber vontade por parte do Estado de cumprir a lei.

Lamentabelmente, a aprobación definitiva dos Orzamentos do Estado para 2017 non só se acompañou dun agravio económico para Galiza senón tamén dun novo exercicio de agravio lingüístico. Así, se consultamos a súa documentación dispoñíbel en formato dixital así como o propio BOE do 28 de xuño de 2017 onde se recolle o texto da lei 3/2017 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 podemos observar o uso de “Orense”, “La Coruña”, “O’Cebrero” ou “Tuy”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2017 12:41
Nº Rexistro: 14337
Data envío: 14/08/2017 12:41:22.001

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar por vía legal o Goberno español polo incumprimento reiterado por parte de organismos e institucións oficiais de toponimia ilegal e deturpada.
2. Dirixirse ao Goberno español formalmente para exixir a corrección inmediata dos topónimos deturpados no texto da lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 restituíndoos á súa forma legal nos soportes dixitais do goberno e publicando unha corrección no Boletín Oficial do Estado.”

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2017 12:41
Nº Rexistro: 14337
Data envío: 14/08/2017 12:41:22.001

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/08/2017 12:33:56

María Montserrat Prado Cores na data 14/08/2017 12:34:02

Ana Pontón Mondelo na data 14/08/2017 12:34:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/08/2017 12:34:06

Olalla Rodil Fernández na data 14/08/2017 12:34:08

Xosé Luis Bará Torres na data 14/08/2017 12:34:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14362
Data envío: 21/08/2017 10:39:19.517

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao anuncio de The Navigator Company de instalar en Galicia unha base de operacións destinada ó fornecemento de materia prima.

Non corren bos tempos para o eucalipto en Portugal logo da anunciada moratoria, hai xa meses, por parte do goberno portugués.

O día 19 de xullo a Asembleia da República aprobou unha serie de medidas para limitar e reduci-la plantación de especies coma o eucalipto. É evidente que isto non se debe a un capricho momentáneo nin a unha nova variable do mercado mundial da pasta de papel. É o resultado dunha análise seria da foresta portuguesa sumida nun caos semellante á galega e que provoca que ano tras ano principalmente na época estival os lumes sexan, o mesmo ca en Galicia, o pan de cada día.

O lume de Leiría foi a resposta, casual ou non, e cos seus mortos acelerou as medidas a tomar.

A Estratexia Nacional para as Florestas prevé que a superficie de eucaliptos non supere as 812.000Has. actuais desenvolvendo mecanismos que conduzan á



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14362
Data envío: 21/08/2017 10:39:19.517

redución das mesmas e aumentar a superficie de carballos e outras frondosas nun 40%.

Inmediatamente The Navigator Company anuncia a súa intención de instalar en Galicia unha base de operacións e posiblemente máis, destinada ó fornecemento de materia prima.

Este anuncio alarmou ós sectores máis sensibles coa desastrosa política forestal promovida por Ence e consentida e apoiada polo goberno do PP.

Non é admisible que unhas medidas sensatas, que desde o BNG levamos reclamando hai décadas para Galicia a respecto da ordenación do espazo forestal, diversificación de especies, multifuncionalidade... que parece ser queren iniciar no país veciño, poidan chegar a te-lo efecto contrario aquí no noso.

Por todo o exposto, e diante a ameaza de que o presumible aumento da demanda converta este País nun territorio sen lei nin orde no que a política forestal se refire, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ó Goberno galego a:

-Toma-las medidas necesarias para frea-la expansión do eucalipto prohibindo a súa plantación en novas terras.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14362
Data envío: 21/08/2017 10:39:19.517

-Iniciar medidas para inverter o proceso de eucaliptización incentivando a substitución das actuais prantacións con esta especie por outras de maior rendibilidade a longo prazo no camiño de acadar un monte multifuncional e sostible con cultivos alternativos á pasta de papel.

-Identificación e recuperación das terras agrarias ocupadas ilegal e irracionalmente por plantacións de piñeiro e eucalipto.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2017 10:35:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:39
Nº Rexistro: 14362
Data envío: 21/08/2017 10:39:19.517

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2017 10:35:37

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2017 10:35:40

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2017 10:35:45

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2017 10:35:49

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2017 10:35:58



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, relativa ao Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia.**

Exposición de motivos

Non son poucas as protestas que suscitou a eliminación de Xerencias, no Servizo Galego de Saúde, nos últimos gobernos do PP. A eliminación das xerencias de atención primaria unida á absorción de varias xerencias de hospitais comarcais deviu nunha realidade na que os grandes hospitais iniciaron a concentración do investimento sanitario.

Esta situación ten causado dificultades enormes para a atención primaria, desprovista de capacidade decisoria en canto a xestión se refire e nos pequenos hospitais, nos que a burocracia se ten incrementado e a imposibilidade de ofrecer algúns servizos tamén.

A pesares da oposición que no seu momento tivo esta circunstancia, a Xunta de Galicia decide, en pleno verán, iniciar a modificación da lei de Saúde de Galicia para suprimir, de esta vez, catro áreas sanitarias. É dicir, pasamos de eliminar xerencias a eliminar tamén as áreas que dan sentido a unha planificación sanitaria descentralizada.

A presentación do anteproxecto que modifica a Lei 8/2008 de Saúde de Galicia realizouse sen negociación algunha de xeito previo, advertindo ás centrais sindicais de esta situación o mesmo día que se publicaba o texto.



Esta situación resulta unha mostra de elevada opacidade, incompatible ademais cos principios da Lei de Transparencia e Bo Goberno e coa mínima ética agardable por parte da administración.

Sobre todo, porque esta proposta de modificación abrangue aspectos moi relevantes para a sanidade pública e a cidadanía, como o é tamén os órganos de participación (Consello Galego de Saúde) que sofren un fondo recorte e mudanza.

Esta situación, na que un ataque tan relevante á sanidade se fai de xeito sibilino, tivo unha resposta pronta de sindicatos e plataformas, iniciándose unha ampla proposta de alegacións vía web. Sen embargo, unha vez máis, sobra dicir que a publicidade para realizar estas alegacións foi case nula por parte da Xunta, incrementándose así o escurantismo, nunha sorte de proceder antidemocrático.

Ante estes feitos, **En Marea** presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Retirar o Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia.
- 2.- Negociar na Mesa Sectorial as retribucións e dereitos conxelados para os e as profesionais do Servizo Galego de Saúde.
- 3.- Reverter a supresión das xerencias de atención primaria, así coma as xerencias comarcais, organizándoas de xeito eficiente e permitindo a descentralización da xestión.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira



Deputada do GP. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/08/2017 13:49:15

Luis Villares Naveira na data 21/08/2017 13:49:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:27
Nº Rexistro: 14387
Data envío: 22/08/2017 10:27:37.963

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións necesarias por parte do goberno galego para garantir a conexión entre a cidade de Ourense e o Hospital de Piñor.

Cómpre recordar que foi xa en marzo do pasado ano 2016 cando o Tribunal Supremo anulou as concesións de transporte público que foran aprobadas de forma irregular no ano 2010 por parte da Xunta de Galiza. Fundamentalmente a motivación para dita anulación radicou en que a iniciativa do goberno galego contradicía a normativa europea, que prohibe contratos de concesión por períodos superiores a unha década, e a Xunta tiña ampliado as concesións por este período após o remate dos contratos, tanto para o transporte escolar como para o regular de viaxeiros e viaxeiras.

Polo tanto, era unha situación non sorpresiva. Porén, a política de deixar facer e pasar o tempo do goberno galego impediu traballar nun plan alternativo e consensuado, baseado en estudos sobre as necesidades reais do territorio. En consecuencia, coa presión do calendario a Xunta aprobou a lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galiza (Lei 10/2016). Esta aprobación trouxo canda si a renuncia por parte das empresas de aproximadamente o 50% dos contratos de transporte público: de 143, renunciaron 77. O maior número de renuncias producíronse en Lugo e en Ourense e no conxunto do país foron 578 liñas renunciadas dun total de 817 (o 71%).



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:27
Nº Rexistro: 14387
Data envío: 22/08/2017 10:27:37.963

Posteriormente, coa aprobación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, coñecida como lei de acompañamento dos orzamentos, aprobáronse as normas

para a Ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros. Desta forma, novas improvisacións modificaron unha lei que apenas levaba medio ano en vigor e alimentou novos problemas que derivarían en conflitos coa patronal e cos traballadores e traballadoras así como unha fonda incerteza e inseguridade a respecto do futuro de moitas conexións do noso país.

Debido ás presas (mes de agosto de 2017 como data límite para substituír as concesións renunciadas), o proceso foi precipitado, escurantista e moi pouco participativo e os estudos encargados pola Xunta a empresas de fóra do país non tiveron o alcance necesario para unha encomenda deste tipo.

Como xa se indicou máis arriba, Ourense é unha das provincias máis afectadas. A isto hai que engadir a particularidade da súa dispersión poboacional ao longo de 92 concellos, cunha soa grande cidade no seu interior e a inexistencia dunha conexión de transporte público ferroviario que poida complementar as necesidades de transporte. Polo tanto, a conexión mediante o bus é absolutamente fundamental para garantir ás e aos ourensáns o dereito á mobilidade.

Neste contexto, coñecemos e denunciemos que unha das afectacións máis graves a partir de agosto para Ourense era a drástica redución de conexións entre a cidade e Piñor, onde se atopa o Hospital de Piñor que forma parte das infraestruturas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e no que se fornecen servizos como por exemplo o de rehabilitación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:27
Nº Rexistro: 14387
Data envío: 22/08/2017 10:27:37.963

Coa oferta proposta no proxecto definitivo que facilitara a Xunta, as saídas de Ourense a Piñor pasaban de 14 a 7, cunha redución do 50% e cunha distribución horaria absolutamente ineficiente. Por poñer un exemplo, un ou unha doente que vivira no centro da cidade de Ourense e que tivera que acudir a rehabilitación ás 11:30 da mañá tería como única opción coller un bus que sairía ás 7:25 da mañá. Se ollamos as opcións horarias para o traxecto inverso podemos observar como as opcións pasaban de 12 a 9 (10 en período lectivo) cunha distribución que deixaba lagoas entre as 8:40 e as 11 da mañá e a media tarde até a noite. Nin que dicir ten que os e as pacientes de rehabilitación, aínda no caso de teren transporte privado de seu son en moitas ocasións persoas que por razón das súas lesións non poden, lóxicamente, conducir.

Comezada a implantación do Plan de transporte houbo numerosas liñas no país que, ao non axustarse a razón, foron finalmente mantidas en iguais condicións que se estaban a prestar. Unha delas, a mencionada conexión. Xa a actual oferta, de un bus cada menos de dúas horas ten insuficiencias e queixas, pero de ir cara adiante esta redución de oferta nalgún momento obrigárase ás persoas a incorrer nun gasto extra ao depender do taxi e de particulares. Así mesmo, cómpre recordar tamén a importancia desta conexión para dar servizo ás poboacións intermedias.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos fundamental o mantemento e mellora dunha liña entre Ourense e o Hospital de Piñor que teña cando menos unha saída por hora en ambas direccións e se garanta o dereito de toda persoa usuaria do servizo público de saúde a empregar as instalacións sen desigualdade a respecto doutros centros da área sanitaria.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:27
Nº Rexistro: 14387
Data envío: 22/08/2017 10:27:37.963

Por todas estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a mellorar a conexión de Ourense co Hospital de Piñor e levar a cabo as actuacións necesarias para garantir a existencia dunha liña de transporte público que conecte estes puntos con cando menos unha saída por hora en ambas direccións co obxectivo de garantir o dereito de toda persoa usuaria do servizo público de saúde e de garantir unha conexión útil ás poboacións intermedias.”

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:27
Nº Rexistro: 14387
Data envío: 22/08/2017 10:27:37.963

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2017 10:22:34

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2017 10:22:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2017 10:22:46

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2017 10:22:50

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2017 10:22:53

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2017 10:22:59



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:30
Nº Rexistro: 14441
Data envío: 22/08/2017 12:30:39.870

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía, de entre os que salienta a sanidade tanto pola magnitude do seu ámbito como pola importancia no ben xeral da veciñanza. Neste sentido, aínda que outras veces opacadas por outras áreas, salienta a importancia da Atención Primaria tanto na prevención e educación en saúde para a veciñanza como por ser a porta de entrada no sistema e polo tanto ser fundamental para un diagnóstico inicial e para evitar que calquera problema poida derivar nun maior.

Porén, unha década de recortes e privatizacións por parte do Partido Popular ten danado profundamente este marco, especialmente naquelas poboacións que adoecen de perda de habitantes e que se afastan dos grandes núcleos de poboación como as cidades e as cabeceiras de vilas, cara as que se vai derivando progresivamente toda a arquitectura sanitaria, non exento tamén de recortes. O efecto desta centralización do sistema sanitario está a ser devastador sobre as persoas máis vulnerábeis e sobre aquelas que libremente viven en concellos e poboacións pequenas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:30
Nº Rexistro: 14441
Data envío: 22/08/2017 12:30:39.870

Fronte a este proceso de desmantelamento, a alternativa consiste en artellar unha política sanitaria centrada de verdade nos intereses da saúde da cidadanía, que conte cun financiamento suficiente e que garanta a asistencia universal. Neste sentido, a asistencia universal pasa por garantir a atención primaria na proximidade dos núcleos de poboación, non obrigando a prescindir progresivamente de servizos e ter que desprazarse a outros puntos, cuestión que desde logo desincentiva a fixación de poboación e constitúe un elemento máis que agrava a nosa crise demográfica.

Nas últimas semanas este grupo parlamentar coñeceu con preocupación as inquedanzas da veciñanza de Vilamartín de Valdeorras, concello de arredor de 1700 habitantes, ao non confirmarse a substitución do seu actual médico, de xubilación inminente. Preguntada por veciñanza e profesionais da comarca, a Xunta de Galiza non dá unha resposta clara indicando unicamente que a poboación será atendida, sen garantir que esta praza é substituída. Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos prioritario que o centro de Saúde continúe a funcionar co mesmo número de facultativos e que non se reduza persoal.

Por todos estes motivos o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a cubrir a xubilación do médico do centro de saúde do concello de Vilamartín de Valdeorras e garantir que non se reducen prazas profesionais neste centro de cara



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:30
Nº Rexistro: 14441
Data envío: 22/08/2017 12:30:39.870

a garantir a calidade e universalidade do acceso á sanidade neste municipio sen afectar aos horarios e tempos de atención nin obrigar a incorrer en desprazamentos. “

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2017 12:26:21

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2017 12:26:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:30
Nº Rexistro: 14441
Data envío: 22/08/2017 12:30:39.870

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2017 12:26:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2017 12:26:37

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2017 12:26:41

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2017 12:26:44

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A finais dos anos corenta Venezuela converteuse nun país receptor de inmigración masiva debido á profunda transformación económica impulsada polo auxe petrolífero e pola política inmigratoria de portas abertas do goberno do ditador Pérez Jiménez. Entre 1953 e 1958, entraron arredor de 150.000 españois, sendo, aproximadamente, un terzo deles galegos.

A maioría aséntase na capital, onde os que xa estaban instalados infórmanos sobre os posibles postos de traballo e aloxamento, contando tamén co asesoramento dos centros galegos (Lareira Galega e Centro Galego), fundados en 1945 e 1948 respectivamente, por exiliados republicanos, entre cuxos obxectivos está o socorro mutuo e a asistencia ao emigrante recentemente chegado o país, normalmente sen familia e sen recursos económicos.

A crise en Venezuela fai referencia á crise económica que desde 2013 sofre o país, e que estendida durante anos mostrou que non soamente é unha crise económica, senón tamén unha crise institucional, política e social.

O informe anual *Venezuela 2016/2017* de Amnistía Internacional é especialmente preocupante.

Segundo este informe, o Goberno declarou o Estado de excepción e prorrogouno catro veces. A maioría das persoas sospeitosas de ser responsables de crimes de dereito internacional e violacións de dereitos humanos cometidos durante as protestas de 2014 aínda non compareceron ante a xustiza. Continua a violencia e o amontoamento nos cárceres. As sobreviventes da violencia de xénero enfrontábanse a considerables obstáculos para acceder á xustiza. Buscando o seu descrédito, lanzábanse frecuentes campañas de discriminación contra periodistas e defensores e defensoras dos dereitos humanos, que tamén sufrían agresións e intimidación. Seguiuse encarcerando a persoas críticas co Goberno e a membros

Grupo Parlamentario

da oposición política. Denunciouse o uso excesivo da forza por parte da policía e das forzas de seguridade.

A maioría das sentenzas e das ordes sobre Venezuela ditadas pola Corte Interamericana de Dereitos Humanos aínda non se cumpriran ao rematar o ano 2016.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A escaseza de alimentos e medicamentos intensificouse de xeito alarmante, o que desatou protestas en todo o país.

En outubro, o alto comisionado das Nacións Unidas para os dereitos humanos declarou que varios relatores especiais tiveran dificultades para visitar o país porque o Goberno non lles concedía os permisos pertinentes.

En contra do disposto polas normas internacionais de dereitos humanos, xulgase a civís perante os tribunais militares. As forzas policiais negábanse a cumprir as ordes de posta en liberdade ditadas polos tribunais.

O Tribunal Supremo de Xustiza limitou drasticamente mediante resolucións ás facultades da Asemblea Nacional, con maioría da oposición, o que entorpecía a capacidade dos deputados e deputadas para representar aos pobos indíxenas. O Tribunal Supremo tamén anulou unha declaración parlamentaria sobre a non discriminación relacionada coa orientación sexual e a identidade de xénero, e unha declaración que pedía o cumprimento das decisións adoptadas polas organizacións intergubernamentais.

A retirada do país da xurisdición da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (efectiva desde 2013) continuou privando do acceso á xustiza, á verdade e á reparación ás vítimas de violacións de dereitos humanos e as súas familias.

Segundo o Observatorio Venezolano de Conflitividade Social, durante o ano 2016 rexistráronse aproximadamente 590 manifestacións ao mes. A maioría estaban relacionadas con demandas de dereitos económicos, sociais e culturais, en particular co acceso a alimentos, saúde e vivenda.

Grupo Parlamentario

Seguiuse a encarcerar a persoas que se opoñían politicamente ao Goberno. Segundo o Foro Penal Venezolano, máis dun cento de persoas estaban retidas por razóns políticas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Comité de Dereitos Humanos da ONU expresou preocupación sobre os informes de abusos cometidos polo exército contra os pobos indíxenas establecidos na Guajira, Estado Zulia, na fronteira con Colombia.

A crise económica e social no país seguiu empeorando. Ante a falta de estatísticas oficiais, axencias privadas e independentes, como o Centro de Documentación e Análises para os Traballadores (Cenda), informaron de que desde novembro de 2015 ata outubro de 2016 houbo unha inflación do 552 % nos produtos alimentarios, o que dificultaba enormemente á poboación a compra de alimentos, incluso cando os encontraban. Segundo o Observatorio Venezolano da Saúde, o 12,1 % da poboación comía unicamente dúas veces ao día. A Fundación Bengoa para a Alimentación e Nutrición estimaba que o 25 % dos nenos e nenas padecían malnutrición.

Estas son algunhas das dramáticas conclusións do informe.

Neste difícil contexto político, social e económico, dende comezos de 2016, o Goberno de Venezuela non está facendo fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social ou vendo retirados os complementos de mínimos da Seguridade Social.

A situación dos galegos que residen en Venezuela están loxicamente a sufrir a situación descrita.

Estamos así diante dun grave deterioro do Estado de dereito na República de Venezuela. Este proceso acadou unha situación crítica o mércores 29 de marzo, cando o Tribunal Supremo de Xustiza venezolano asumía as competencias da

Grupo Parlamentario

Asemblea Nacional, limitando a inmunity aos seus deputados e outorgándose poderes extraordinarios en materia penal, militar, económica, social, política e civil. Este intento de abolición da máis básica das regras dun réxime democrático, o respecto á lei, que foi rectificado grazas á presión internacional, levou a que numerosos países e organismos falaran de ruptura da orde democrática en Venezuela.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dezanove países aprobaron na OEA o pasado 3 de abril unha resolución denunciando unha “violación da orde constitucional” en Venezuela, esixindo a reinstauración da separación de poderes.

O 1 de maio o presidente venezolano, Nicolás Maduro, anunciou de forma unilateral a convocatoria dunha “assemblea nacional constituínte”. A pesar das reiteradas resolucións, ditames e declaracións, provenientes da Unión Europea, así como as do presidente del Parlamento Europeo, Antonio Tajani, de organismos rexionais como Mercosur ou a Organización dos Estados Americanos (OEA) e o seu secretario xeral, Luis Almagro, ou das principais organizacións non gobernamentais encargadas de velar polos dereitos humanos, e do intento de mediación promovido por Unasur coa participación dos 3 ex presidentes e o Vaticano, o Goberno venezolano mantén o seu rumbo, ignorado sistematicamente as chamadas á sensatez e ao diálogo.

É necesario así adoptar todas as medidas precisas, no ámbito das relacións exteriores e sen deixar de confiar nas manifestacións de diálogo e mediación en marcha, para avanzar decididamente na paz social, a estabilidade política e institucional en Venezuela, con pleno dereito á democracia e respecto aos Dereitos Humanos. Os lazos entre Galicia e Venezuela, a situación dos galegos que residen naquela república e a dos emigrantes retornados, esixen que por parte da nosa Comunidade se tomen todas as iniciativas posibles.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Establecer medidas urxentes e extraordinarias para a atención das persoas galegas residentes en Venezuela coa finalidade de dispor unha liña de axuda humanitaria para a consecución de medicamentos e artigos de primeira necesidade ante a situación tan dramática que se está a vivir.

 Grupo Parlamentario

2º) Que se habilite unha partida orzamentaria para a adquisición de material farmacéutico e de necesidades básicas para a colonia galega en Venezuela.

Pazo do Parlamento, 21 de agosto de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/08/2017 12:44:40

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/08/2017 12:44:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/08/2017 12:44:58

Julio Torrado Quintela na data 22/08/2017 12:45:06

Noela Blanco Rodríguez na data 22/08/2017 12:45:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/08/2017 12:45:27

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O xabaril (*sus scofra*) leva moito tempo entre nós como testemuñan documentos históricos, esculturas e outros elementos da nosa cultura material e inmaterial.

Este mamífero que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural en xeral coa conseguinte proliferación de mato e bosque o escenario perfecto para a súa reprodución con tendencia ao crecemento exponencial axudado pola pouca incidencia do único depredador natural, o lobo.

En paralelo ao abandono do rural e decaemento da actividade agropecuaria a poboación desta especie foi medrando e entrando en conflito coa actividade agrogandeira e a circulación viaria.

Os danos xerados en praderías e cultivos como a pataca, millo e cereais en xeral aos que nos derradeiros anos se lle engadiron as desfeitas no viñado son constantes, e pódese seguir o rastro da súa incidencia a través dos medios de comunicación que a cotío reflicten o impacto negativo que están a ter nos diversos cultivos dos nosos agricultores e gandeiros. Nas derradeiras semanas os cultivos de millo, tan necesarios para as castigadas explotacións gandeiras, están sendo o branco preferido para as manadas destes animais que comen unha parte e danan de xeito irreversible outra dos campos de cultivo.

Ata 2011 chegaron as axudas que anualmente se repartían para contribuír a paliar os danos ocasionados polo xabaril. Logo en 2016 (ano de eleccións autonómicas) volvéronse a abrir, pero para esta campaña de 2017 os labregos e gandeiros seguen sen saber se van ter acceso a tales axudas, cando os danos están a resultar maiores que na derradeira campaña, e a pesar que os servizos de medioambiente seguen a recoller as reclamacións dos agricultores e gandeiros afectados.

Grupo Parlamentario

Hai que subliñar que non houbo diminución de exemplares, nin redución de denuncias polos danos causados, e parécenos incomprensible que polo feito de non haber eleccións non saían as axudas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No DOG do 17/08/2017 aparecen axudas para distintos medios que en teoría poden evitar a entrada dos xabarís ás fincas e parécenos ben, pero ata o día de hoxe nada se sabe de axudas para paliar os graves danos que ocasiona o xabaril.

Por todo isto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a proceder á convocatoria urxente de axudas dirixidas a paliar os graves danos ocasionados polo xabaril nos diversos cultivos do agro galego, que están a deteriorar máis a dificultosa situación deste sector.

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/08/2017 14:08:44

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/08/2017 14:08:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/08/2017 14:09:06

Á Mesa do Parlamento

Os Grupos Parlamentares de **En Marea**, do **Bloque Nacionalista Galego** e dos **Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da Comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Sanidade, do Goberno galego, para que de conta do Anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/08/2017 13:39:04

Ana Pontón Mondelo na data 18/08/2017 13:49:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/08/2017 13:59:59



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 10:58
Nº Rexistro: 13233
Data envío: 28/07/2017 10:58:33.620

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a implantación do Grao oficial de Criminoloxía na Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) oferta desde o ano 1981 a titulación de Criminoloxía o que a converte na terceira máis antiga do conxunto do Estado español.

Porén, malia as mudanzas lexislativas que permiten a implantación destes estudos con carácter oficial de Grao en Criminoloxía a Secretaría Xeral de Universidades rexeitou esta posibilidade de maneira reiterada desde 2012. Neste senso, Criminoloxía mantense mais como titulación propia da Universidade.

Unha decisión que contrasta coa adoptada noutros territorios. Por exemplo, Catalunya e Madrid implantaron senllos Graos oficiais en 2013 e, na actualidade, son máis de 30 as universidades que o ofertan en todo o Estado español, tanto públicas como privadas.

Por esta razón, o estudantado de Criminoloxía da USC denuncia a situación de discriminación que a a negativa da Xunta de Galiza carrega en relación a outros territorios pois fican, entre outras cuestións, excluídas e excluídos do acceso á escala executiva das Forzas e Corpos de Seguridade e de Institucións Penitenciarias, por exemplo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, malia que en diversas ocasións estudantes de Criminoloxía tentaron manter un encontro con responsábeis da Consellaría de Educación para lles expor as súas demandas nunca foron recibidos polo Goberno galego.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte Interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza que non exista Grao oficial de Criminoloxía en Galiza?

- Cales son as razóns polas que foi rexeitada a implantación do Grao oficial de Criminoloxía como solicitou a USC?

- Cre a Xunta de Galiza que a situación actual supón un agravio para o estudantado que cursa esta titulación no noso país en relación con outros territorios como Catalunya ou Madrid?

- Pensa a Consellaría apoiar a implantación desta titulación como estudos oficiais de acordo coa demanda do estudantado de Criminoloxía e da Universidade de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 10:58
Nº Rexistro: 13233
Data envío: 28/07/2017 10:58:33.620

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2017 10:41:13

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2017 10:41:19

Ana Pontón Mondelo na data 28/07/2017 10:41:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/07/2017 10:41:24

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2017 10:41:27

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2017 10:41:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 11:43
Nº Rexistro: 13252
Data envío: 28/07/2017 11:43:03.810

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

A Dirección Xeral de Medio Ambiente comunicou á Xunta de Galiza que non é posíbel ampliar o prazo para a produción de cloro empregando mercurio máis alá do 11 de decembro de 2017. Polo tanto, non é posíbel ampliar a autorización ambiental a ELNOSA máis alá desta data, toda vez que é materialmente imposíbel facer os cambios tecnolóxicos necesarios para adaptarse á normativa europea.

Segundo se fixo público onte mércores día 26 de xullo, a intención da empresa CUF é seguir producindo hipoclorito mentres se xestionan as decisións políticas necesarias para garantir a súa continuidade en Lourizán: tramitación pola Xunta do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e tramitación por Costas do Estado da ampliación da concesión.

Máis alá da aplicación da normativa europea que obriga a facer o cambio tecnolóxico antes de decembro de 2017, a realidade é que o complexo electroquímico está situado na contorna urbana de Pontevedra, nunha área densamente poboada e sobre terreos de dominio público marítimo terrestre. Razóns todas elas máis que suficientes para denegar a continuidade da fábrica na actual ubicación, promover o seu traslado e recuperar para usos sociais os terreos de dominio público. O sentido común, o sentido



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 11:43
Nº Rexistro: 13252
Data envío: 28/07/2017 11:43:03.810

da xustiza, o respecto ao medio ambiente e a propia normativa aprobada pola Xunta de Galiza (Directrices de Ordenación do Territorio e Plan de Ordenación do Litoral) son argumentos de peso para a non continuidade da fábrica nas marismas de Lourizán.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte interpelación

Comparte a Xunta de Galiza que existen razóns urbanísticas, sociais e ambientais máis que suficientes para a non permanencia da fábrica de ELNOSA en Lourizán e que polo tanto é necesario procurar unha ubicación alternativa?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 11:43
Nº Rexistro: 13252
Data envío: 28/07/2017 11:43:03.810

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2017 11:14:46

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2017 11:14:52

Ana Pontón Mondelo na data 28/07/2017 11:14:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/07/2017 11:14:57

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2017 11:14:59

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2017 11:15:01

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O día 15 de xullo, un terrible incendio afectaba a unha nave e a unha vivenda en Tenorio, no concello de Cerdedo-Cotobade, en Pontevedra. A extinción dese lume foi a última evidencia de que o modelo de xestión dos parques provinciais do servizo contra incendios e dos medios de emerxencias necesita unha urxente revisión. Cómpre contar con medios que dean cobertura ás denominadas “zonas de sombra” nas provincias galegas e que dificultan as labores de intervención áxil ante unha emerxencia de calquera clase. Por poñer un exemplo, os tempos de resposta á comarca de Pontevedra dende os parques de Bueu ou Ribadumia son, no mellor dos casos, de case unha hora.

Xa no mes de xaneiro do pasado ano, a Deputación de Pontevedra trasladaba ao Vicepresidente da Xunta de Galicia a necesidade de abordar de xeito inmediato un novo modelo, demandando unha modificación do mapa para a implantación dun mapa de emerxencias baseado nas isocronas, que garanta tempos de resposta axeitados ante os incendios e as emerxencias, e contando con novos subparques que melloren as atencións das emerxencias na provincia de Pontevedra. Esta posición foi tamén reforzada por distintos grupos municipais, polo colectivo de profesionais contra incendios de Galicia e polas deputacións de A Coruña e Lugo.

Mentres, como xa nos ten acostumados, o Goberno galego non ten nomeado o seu representante na Comisión Técnica aprobada o 27 de abril de 2017 para a modificación do mapa de emerxencias que implante o modelo de isocronas.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Pensa o Goberno galego que o modelo de xestión dos parques provinciais do servizo contra incendios e dos medios de emerxencias necesita unha urxente revisión?
2. Está de acordo o Goberno na implantación dun mapa de emerxencias baseado nas isocronas, que garanta tempos de resposta axeitados ante os incendios e as emerxencias, e contando con novos subparques que melloren as atencións das emerxencias no territorio galego?
3. Cando vai nomear o Goberno galego ao seu representante na Comisión Técnica aprobada o 27 de abril de 2017 para a modificación do mapa de emerxencias?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/07/2017 12:42:14

José Antonio Quiroga Díaz na data 28/07/2017 12:42:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/07/2017 12:42:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/07/2017 12:42:28

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, M^a Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En xuño de 2009, Augas de Galicia elaboraba o anteproxecto de construción e explotación da Edar de Ribeira, presentando a solicitude de cualificación ambiental en xullo daquel ano. Dende entón, o Goberno do PP ten feito un “plan” para o saneamento da ría; un estudo de impacto ambiental e unha promesa electoral do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de executar o proxecto de pluviais e fecais en Ribeira, no borde marítimo, cun importe de 3.000.0000 de euros. Dende o ano 2014, a sociedade estatal ACUAES iniciaba a obra da depuradora, no marco dun convenio entre os gobernos do Estado e a Xunta, financiada con fondos Feder.

Non obstante, ademais dos problemas co emisario submarino, do mal funcionamento dos tanques de tormenta e dos sifóns e dos vertidos ao mar de lixo e de augas non debidamente depuradas, hoxe hai 475 denuncias por problemas de salubridade derivados do mal funcionamento da edar en probas. Informes técnicos sobre a edar din que se observan medicións moi altas de sulfhídrico nas estacións de bombeo e que, nalgúns casos, se sitúan fóra de rango.

A propia conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio recoñecía estes problemas no Pleno do Parlamento de Galicia e incluso prometía arranxalos. Pois ben, a situación segue a ser a mesma; tanto que en maio deste ano, ante denuncia dun dos veciños afectados, a Fiscalía de Medio Ambiente decidiu abrir dilixencias informativas de investigación penal pola posible existencia de vertidos potencialmente contaminantes e perigosos que puidesen constituír acción de delito. Por tal motivo, o fiscal oficiou ao Concello de Ribeira, ás empresas COPASA e EPTISA e a Augas de Galicia (a esta última, para que informe sobre se os feitos descritos na denuncia deron lugar a algunha actuación, o seu resultado e se existiron expedientes tramitados, solicitando copia dos mesmos).

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando vai poñer fin o Goberno galego aos problemas de vertidos contaminantes ás rías galegas?
2. Ten coñecemento o Goberno galego da subsistencia dos problemas coa Edar de Ribeira?
3. Vai recepcionar o Goberno (nomeadamente, Augas de Galicia) a Edar de Ribeira?
4. Que ten que dicir o Goberno sobre a apertura por Fiscalía de Medio Ambiente de dilixencias informativas de investigación penal pola posible existencia de vertidos que puidesen constituír acción de delito?
5. Estes feitos denunciados polos veciños e veciñas de Ribeira afectados pola edar deron lugar a algunha actuación por parte de Augas de Galicia?
6. Que accións ten previsto levar a cabo o Goberno galego para subsanar as presuntas deficiencias da Edar de Ribeira?
7. Cal é o prazo previsto polo Goberno para a solucionar os problemas aparecidos e polo tanto poder recepcionar a obra?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

M^a Dolores Toja Suárez

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/07/2017 13:00:25

 Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 28/07/2017 13:00:31

Raúl Fernández Fernández na data 28/07/2017 13:00:40

María Luisa Pierres López na data 28/07/2017 13:00:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:17
Nº Rexistro: 13377
Data envío: 01/08/2017 13:17:55.618

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás necesarias modificacións lexislativas para a modificación dos coeficientes redutores aplicados ás xubilacións anticipadas.

A Confederación Estatal de Asociacións e Federacións de Prexubilad@s e Xubilad@s de Telefónica (CONFEDETEL) da que é parte a Asociación de Prexubilad@s e xubilad@s de Telefónica (APRETEL) de Pontevedra e Ourense, e a Confederación Estatal de Prexubilad@s e Pensionistas (CEPYP) representan a prexubilad@s e pensionistas en todo o ámbito do Estado. Ambas as organizacións naceron por mor da falla de protección normativa suficiente para un novo sistema de cesamentos de contrato laboral coñecido por prexubilacións. Representantes destas asociacións puxéronse en contacto co BNG, para solicitarnos a presentación da seguinte iniciativa, no obxectivo de modificar a situación.

As Cortes de Aragón, a Xunta Xeral do Principado de Asturias, Andalucía e Castilla León aprobaron Propositions non de Lei dirixidas ao Goberno do Estado co fin de dignificar as pensións daqueles/as xubilad@s anticipad@s con longas carreiras de cotización. Sabemos que en Madrid, Valencia, Navarra, Cataluña, e Illas Canarias están presentados a trámite un documento similar. Estase xestionando na mesma liña no País Vasco, Castela A Mancha, Galiza, Estremadura, Illas Baleares, Cantabria. A Rioxa e Murcia, pendentes de comezar xestións.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:17
Nº Rexistro: 13377
Data envío: 01/08/2017 13:17:55.618

O artigo 41 da Constitución configura un sistema de Seguridade Social de natureza pública, de contía suficiente en canto ao seu nivel de protección, de carácter universal e irregresivo.

Diversas normas pertencentes ao sector laboral e de seguridade social do ordenamento xurídico establecen sistemas de xubilación graduais e flexibles, posibilitándose a anticipación da mesma co correspondente quebranto económico que afecta @s xubilad@s anticipad@s, contravíndose a natureza contributiva desta prestación, o dereito constitucional a unha pensión suficiente ao cumprirse a idade legal de xubilación e vulnerándose a irregresividade, que debe ser obxecto de especial consideración para os xubilados a partir dos 65 anos, nunha interpretación concorrente do citado artigo 41 da norma fundamental e o artigo 50 da mesma. Debe considerarse que non todas as xubilacións anticipadas son de carácter voluntario. Pola contra, a maior porcentaxe das mesmas correspóndese coa execución de plans de reconversión industrial que afectan a sectores maduros da nosa economía e que se fundamentan na aplicación de coeficientes redutores @s xubilad@s anticipad@s, coeficientes que deben ser obxecto de remoción no momento de alcanzar os mesmos a idade de 65 anos. Razóns de equidade e o cumprimento dos requirimentos constitucionais indicados aconsellan modificar normas como a Lei Xeral de Seguridade Social, que produce un notable quebranto económico na pensión de xubilación que corresponde a partir dos 65 anos @s xubilad@s anticipad@s.

En ningún caso a Seguridade Social debe obter beneficio polo feito de acceder á xubilación anticipada, como sucede na actualidade. Ademais, nas carreiras de longa cotización, a partir dos 35 anos cotizados deben reducirse os coeficientes redutores, ata a súa desaparición cando @ afectad@ cotízase 40 ou máis anos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:17
Nº Rexistro: 13377
Data envío: 01/08/2017 13:17:55.618

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte interpelación:

Que opinión lle merece ao Goberno galego a situación que se acaba de describir das persoas en situación de xubilación anticipada?

Vai realizar algunha actuación para que se proceda á modificación lexislativa que se demanda?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:17
Nº Rexistro: 13377
Data envío: 01/08/2017 13:17:55.618

María Montserrat Prado Cores na data 01/08/2017 13:13:32

Ana Pontón Mondelo na data 01/08/2017 13:13:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/08/2017 13:13:40

Olalla Rodil Fernández na data 01/08/2017 13:13:42

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2017 13:13:44

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2017 13:13:46

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de Xustiza, foi un paso para a súa modernización. Regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. Facíase así efectivo o dereito á tutela xudicial efectiva, sendo un dos elementos máis relevantes a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías, que permiten abaratar os custos do servizo público de xustiza e que actualizan o dereito fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas. En virtude desta lei, o día 1 de xaneiro de 2016 comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema LexNet, con multitude de problemas.

Ademais, xa hai tempo que os distintos operadores xurídicos advertían de que a fiabilidade do sistema non era boa, que non era fiable nin controlable, polo que tiña sentido realizar unha auditoría externa que avaliase a implantación do sistema LexNet. Pois ben, nestes días esa falla de fiabilidade amosouse: o día 27 de xullo pola tarde, soubemos dun fallo no sistema de seguridade que permitía o acceso á plataforma, de maneira que todos os datos e ficheiros da Administración de Xustiza foron de libre acceso para calquera persoa. O propio subdirector Xeral do Ministerio de Xustiza así o confirmou ata que o Ministerio decidiu desconectala.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que ten que dicir o Goberno galego ante a gravidade das noticias sobre o libre aceso aos datos persoalísimos que manexa a Administración de Xustiza?
2. Ten coñecemento o Goberno do alcance deste ataque aos dereitos fundamentais da cidadanía de Galicia?

 Grupo Parlamentario

3. Tivo coñecemento o Goberno galego de que os distintos operadores xurídicos xa advertiran da nula fiabilidade e seguridade do sistema LexNet?
4. Vai realizar o Goberno galego unha auditoría externa que avalíe a implantación do sistema LexNet en Galicia?
5. Vai pedir o Goberno a dimisión do Director Xeral de Xustiza?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/08/2017 13:27:14

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/08/2017 13:27:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2017 13:27:26

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A poboación menor de 18 anos, destinataria da Convención sobre os Dereitos do Neno, cífrase en Galicia en 410.674 nenos e nenas, que representan o 14,5 % da poboación total.

Todos os programas e proxectos de acción que implementen os organismos públicos e que afecten á infancia deben estar baseados na Convención sobre os Dereitos do Neno, recollendo os principios reitores deste tratado internacional, que son: a non discriminación, o interese superior do/da neno/nena, o dereito á supervivencia e o desenvolvemento, e o dereito á participación.

A Convención sobre os Dereitos do Neno establece, en forma de Tratado internacional, que os Estados Partes deben asegurar que todos os nenos e nenas gozan dos dereitos e liberdades que consagra o Tratado; que teñen acceso á educación e aos servizos de saúde, que poden desenvolver plenamente as súas capacidades físicas, psíquicas, sociais e morais; que crecen nunha contorna de felicidade, protección, benestar e comprensión, que gozan do esporexemento, a cultura, as artes e o deporte e que poden participar dunha forma accesible e activa en todo este proceso.

O 6 decembro de 1990 España ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno, por canto debe observala e facer que se cumpra en todas as súas partes. A Constitución Española no seu Artigo 10.2 afirma que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais. Así mesmo, no seu Artigo 96.1 CE sinala que os tratados internacionais validamente celebrados formarán parte do ordenamento interno.

A Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e a Resolución A3-0172/92, do 8 de xuño de 1992, do Parlamento Europeo

sobre unha Carta Europea dos Dereitos do Neno, foron dotando aos nenos e nenas dun adecuado marco xurídico de protección, consecuente coa filosofía da Convención sobre os Dereitos do Neno.

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa no campo da protección da familia, da infancia e da adolescencia nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27, apartados 23º e 24º, dos que o primeiro deles da lugar ás transferencias de funcións nas materias de servizos e asistencia sociais), e das institucións de protección e tutela de menores.

O Plan estratéxico galego de infancia e adolescencia 2007-2010 supuxo un paso adiante na estratexia de atención á infancia da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias. Este plan concíbese tomando como base de actuación a Convención sobre os Dereitos do Neno, para desenvolver unha cultura da promoción do bo trato á infancia e á adolescencia en Galicia, mediante actuacións cuantificables e concretas en tres ámbitos: a prevención, a protección e a reeducación.

En función do artigo 25 da Lei de bases de réxime local, os gobernos locais teñen competencias en áreas que afectan directamente o benestar e desenvolvemento da infancia. Estas institucións e as súas entidades, como a administración máis próxima ao cidadán e canle de participación, socialización e convivencia, son aliados clave para lograr que os nenos e nenas de Galicia atopen na súa cidade, o seu barrio e pobo unha contorna segura e enriquecedora para o seu pleno desenvolvemento.

Así mesmo, as asociacións que habitualmente desenvolven accións no ámbito da infancia, as cales se orientan á prevención das situacións que interfíren no normal desenvolvemento persoal e social do/da neno/nena ou adolescente, acrecentan e fortalecen a súa participación cotiá na súa comunidade local, creando espazos de aprendizaxe para a participación e fomentando actitudes e valores como a solidariedade, a paz, a tolerancia ou a xustiza social, son fundamentais na materialización e desenvolvemento dos principios reitores da Convención sobre os Dereitos do Neno. A participación infantil nas súas múltiples formas (artigo 12, artigo 13- 16 e artigo 29) é un aspecto de primordial importancia para asegurar a implementación de todas as disposicións da Convención sobre os Dereitos

Grupo Parlamentario

do Neno e para o correcto enfoque das medidas, programas e estratexias que se adopten a favor da infancia.

Neste marco normativo o 4 de abril de 2011, os tres grupos que tiñan daquelas representación na Cámara galega -PP, PSOE e BNG- asinamos con Unicef o denominado Pacto Galego pola Infancia, no que nos comprometíamos a incluír aos menores entre as prioridades da axenda política e social a nivel local e autonómico, promover a súa participación cidadá, crear "ciudades amigas" e mitigar os efectos da crise, a exclusión e a pobreza sobre os nenos e nenas.

Un dos puntos que recollía o acordo era a elaboración e posta en marcha do segundo Plan estratéxico galego de infancia e adolescencia 2011-2014, ademais de avogar por desenvolver nas institucións públicas órganos estables de participación infantil, manter e optimizar os recursos económicos para servizos a menores, elaborar plans municipais de infancia, ou establecer medidas para promover a protección da explotación, a violencia e o abuso. O acordo incluía ademais a creación dunha comisión de seguimento, que se debía reunir anualmente para analizar e facer público o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia, do grado de cumprimento por parte da administración autonómica, dos compromisos adquiridos no Pacto Galego pola Infancia?
2. En cantas ocasións, dende a sinatura deste pacto no ano 2011, se reuniu a súa comisión de seguimento?
3. Vai o Goberno galego a crear o Observatorio de Infancia e adolescencia de Galicia?
4. En caso afirmativo, cando ten previsto poñelo en marcha?
5. Vai o Goberno galego a impulsar a posta en marcha do segundo Plan estratéxico galego de infancia e adolescencia, para os vindeiros catros anos?

Grupo Parlamentario

6. En caso afirmativo, cando ten previsto poñelo en marcha?
7. Que órganos estables de participación infantil a nivel autonómico hai vixentes en Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2017 13:45:15

Julio Torrado Quintela na data 01/08/2017 13:45:22

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado no barrio compostelá de Salgueiriños, programouse no ano 2007 co obxectivo de ser un centro de vangarda, pioneiro no Estado para o tratamento integral da discapacidade. O complexo está preparado para facilitar a mobilidade e tratamento de persoas dependentes, e dotado de múltiples espazos e servizos, todos encamiñados á promoción da autonomía persoal de persoas con discapacidades físicas e a súa integración e desenvolvemento social. Principalmente, ofrecerá asistencia para persoas dependentes, aínda que, nos seus locais haberá locais administrativos, formativos, de rehabilitación, de investigación e de recursos de apoio. A previsión era daquelas que cando estivera a pleno rendemento podería atender a un total de 162 persoas con discapacidade ao día: setenta das súas prazas serían para formación; 60 destinaríanse para habilitación funcional, emocional e psicosocial; e as 32 restantes para residencia. Ademais, o proxecto contemplaba unha zona de cafetería e de comedor, que estaría aberta ao público da cidade.

O centro segue pechado na actualidade malia que as obras, supuxeron un investimento de máis de 13 millóns de euros.

Na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, continuación e consecuencia do primeiro plan, non se fai mención á apertura do Cegadi como parte dos obxectivos para executar neste período.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que motivo permanece pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)?
2. A que se debe o retraso na súa posta en marcha?

 Grupo Parlamentario

3. Cando ten previsto o Goberno galego poñer en marcha a pleno rendemento o Cegadi?
4. Qué modelo de xestión implementará a Xunta de Galicia neste complexo?
5. Solicitou algunha entidade facerse cargo da xestión de espazos do centro?
6. Que número total de empregados e empregadas públicas formarán parte do cadro de persoal do Cegadi?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2017 13:38:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2017 13:38:08

Julio Torrado Quintela na data 01/08/2017 13:38:15

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, José Antonio Quiroga Díaz e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Galicia ten unha riqueza extraordinaria de xacementos arqueolóxicos: castros, petróglifos, mámoas, pedrafitas ..., se reparten por toda a nosa xeografía, con unha maior concentración en zonas rurais, algunhas non habitadas. Estes bens arqueolóxicos conforman fitos na paisaxe e configuran unha parte dun territorio modelado ao longo do tempo.

Esta gran riqueza arqueolóxica e paisaxística está sendo atacada sistematicamente. Continúas son as noticias de espolios e destrucións sen arranxo posible. É un dos elementos máis nocivos para a nosa riqueza arqueolóxica é a política forestal levada a cabo polo goberno. Esta situación é un exemplo máis dunha realidade causada por un modelo de xestión do Patrimonio Cultural insostible e na práctica pouco operativo.

En efecto, asociacións de defensa do Patrimonio como Mariña Patrimonio acaba de poñer de manifesto con datos como a industria do eucalipto está destruindo xacementos arqueolóxicos.

Así afirma esta asociación que no norte da provincia de Lugo, segundo o listado de fichas de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio , hai uns 500 xacementos. Deles en torno a metade están plantados de eucaliptos.

Dos aproximadamente 250 xacementos que non teñen eucaliptos, 70 están en zonas onde non se pode plantar (zonas urbanas, castros costeiros), e a maior parte dos 180 xacementos restantes, polo de agora libres de eucaliptos están nas zonas máis altas e frías, onde o eucalipto glóbulus non tería acomodo pero si o fai o eucaliptus nitens que se está introducindo. En todo caso todos eles poden ser destruídos pola maquinaria pesada utilizada para as plantacións.

Grupo Parlamentario

Estas son as grandes cifras, pero se poden poñer múltiples exemplos particulares de castros e outros bens destruídos, como por exemplo o Castro da Rilleira por dúas veces arrasado por unha plantación de eucaliptos. Hai que ter en conta que a utilización de maquinaria pesada, a construción de camiños para mover a madeira, os movementos de terra para a tala e as plantacións, arrasan literalmente uns bens que son de por si moi delicados, e isto non está a pasar con xacementos descoñecidos, senón con bens arqueolóxicos inventariados e catalogados.

A realidade é que a política forestal da Xunta de Galicia non contempla en absoluto a existencia e defensa dos xacementos arqueolóxicos nin calquera outro elemento da paisaxe cultural como valados, cruceiros, etc. Nin na Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia, nin o Plan forestal de Galicia (PFG), que é o verdadeiro instrumento de planificación estratéxica da política forestal do noso país, contemplan nin unha soa vez, nin sequera con unha soa palabra, o patrimonio arqueolóxico en particular nin o patrimonio cultural en xeral.

Por outra parte, o PFG tiña un horizonte de aplicación de 40 anos. Transcorridos 25 dende a súa aprobación, as previsións sobre o crecemento do eucaliptos víronse desbordadas. Estimábase que se chegaría a 245.000 has. en 2032, pero a día de hoxe temos 425.000 has., un 76 % máis do previsto. E todo isto sen ningunha medida de protección dos xacementos arqueolóxicos, cuxa destrución tamén creceu considerablemente nestes anos.

Nestes momentos estase a proceder a revisión do Plan forestal de Galicia, pero polo que imos coñecendo podemos afirmar que nada vai cambiar na protección do patrimonio, e que a Xunta de Galicia non está en absoluto facendo a política transversal que os bens arqueolóxicos necesitarían.

E dicimos isto porque no grupo de traballo encargado de elaborar as directrices da renovación do PFG hai representantes de empresarios, ecoloxistas, cazadores, asociacións forestais...pero nin un só arqueólogo ou profesional do patrimonio. Por outra parte, nas directrices elaboradas por este grupo de traballo non hai nin unha soa mención a xacementos arqueolóxicos ou a súa protección, e iso que di que o Goberno quere un aproveitamento sostible do monte. Semella que a nosa historia e o noso

Grupo Parlamentario

patrimonio, que por certo teñen unha clara vertente económica, non entra dentro desta categoría de “sostible”.

Igualmente a Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia non contempla o dano o patrimonio nin sequera como infracción, pero tampouco, o que nos parece máis grave, marca ningunha distancia mínima obrigatoria para facer plantacións cerca dun xacemento arqueolóxico. Faise referencia as distancias mínimas para o labradío, para canles fluviais, para vivendas, para urbanizacións, para industrias... pero en ningún momento se cita ao patrimonio o que nos parece moi grave porque dificulta a petición de responsabilidades.

É certo que existe a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que teoricamente defende a pervivencia dos xacementos arqueolóxicos e que, tamén teoricamente, ten que dar permiso para certas accións de reforestación, pero son medidas moi xenéricas, como proban os feitos, e non conseguen frear o deterioro do patrimonio nas zonas de explotación forestal.

Por outra parte, e independentemente da Lei de patrimonio cultural, parecemos fundamental que o Plan forestal de Galicia trate o tema do patrimonio, dando directrices claras que faciliten a súa protección e impidan as continuas desfeitas da maquinaria pesada e das talas e plantacións. E, claramente necesario neste tema unha acción transversal de goberno.

O PFG debe incorporar as zonas de protección integral como zonas excluídas e de amortecemento, definindo as distancias mínimas como fai para outros elementos.

Así mesmo é necesario que nos grupos de traballo participen arqueólogos como persoal especializado e que realmente sabe que medidas hai que tomar para que, sen impedir o desenvolvemento forestal, protexa e ampare a nosa historia/paisaxe.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a afectación que está a sufrir o noso patrimonio arqueolóxico polas plantacións de especies arbóreas especialmente eucaliptos?
2. Que medidas vai poñer en marcha para evitalo?
3. Considera que o Plan forestal de Galicia debería introducir medidas concretas que defendan e protexan aos xacementos arqueolóxicos?
4. Considera que habería que introducir algunha modificación na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia para protexer e defender o noso patrimonio arqueolóxico?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
José Antonio Quiroga Díaz
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/08/2017 10:42:29

José Antonio Quiroga Díaz na data 02/08/2017 10:42:37

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 02/08/2017 10:42:41

Á MESA DO PARLAMENTO

Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á non inclusión homologación do título de Criminoloxía da USC.

A Universidade de Santiago de Compostela leva impartindo unha titulación propia en Criminoloxía (Diploma Superior en Criminoloxía) dende os anos oitenta. Tras varios anos xa solicitando por parte da USC a implantación do grado en Criminoloxía, a Secretaría Xeral de Universidades que dirixe o goberno do Partido Popular ven denegando continuamente tal demanda con febles e pouco fundamentadas alegacións. Na actualidade este título non ten validez oficial algunha e tanto a situación dos alumnos agora matriculados como a dos máis dos 10.000 alumnos xa egresados é desesperante e incomprensiblemente desigual.

Neste senso hai que destacar que Galicia trátase da única comunidade do Estado que xunto con Asturias non dispón do Grado en Criminoloxía nas súas universidades, o que ten unha incidencia clara na igualdade de oportunidades do alumando, independentemente do seu lugar de residencia, así como repercusións persoais e económicas importantes. Deste xeito, os estudos de criminoloxía impartidos en Compostela dende o ano 1981 fixeron que Santiago conte co terceiro instituto de Criminoloxía máis antigo do Estado que recibe, cada ano uns 300 estudantes. Falamos polo tanto dunha titulación con alta demanda, percorrido histórico e con un amplo abano de saídas laborais. Por iso, dende o ano 2012 a Universidade de Santiago de Compostela vén solicitando a implantación dunha titulación oficial homologable á existente noutras



comunidades e en todos os países da nosa contorna. Sen embargo, a Xunta de Galicia por medio da Secretaría Xeral de Universidades, leva rexeitando ano tras ano esta solicitude sen que medie xustificación clara. Todo o contrario aconteceu nas Universidades de Madrid e Barcelona que xa en 2013 contaron con este título para logo ser ofertado en máis de 30 universidades tanto públicas como privadas. Títulos cunha elevada demanda que mostran as elevadas notas de corte que chegaron a 10,790 no caso da Universidade Complutense de Madrid para o curso 2016/2017.

Esta diferenza de consideración implica unha merma de dereitos importantísimas para estudantes e egresados de Santiago de Compostela que se atopan cun título sen validez legal para, por exemplo, acceder a certos niveis de emprego público. Alén dunha minusvaloración no eido privado fronte a titulados doutros lugares do estado que contan con título de grao.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Cales son os motivos para non ter estimada a solicitude da Universidade de Santiago de Compostela?
- En base a que pode xustificar o Goberno galego a clara desigualdade entre o alumnado galego e do resto do Estado?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/08/2017 12:54:34

Luca Chao Pérez na data 02/08/2017 12:54:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a atención do ACNEAE galego.

O pasado 6 de xullo, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte publicou un informe estatístico acerca do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE). O obxecto da estatística é facer un seguimento das políticas formativas levadas a cabo pola administracións educativas co obxecto de satisfacer as demandas concretas deste alumnado.

Entre os datos salientables que ofrece o informe, observamos unha asimetría notable entre o ACNEAE matriculado nos centros de titularidade pública ou concertada no conxunto do Estado (un 7,7% e un 5,8% do alumnado deses centros, respectivamente) e o ACNEAE matriculado nos centros de titularidade privada (un 1%). É claro, polo tanto, que os centros públicos e concertados vense na obriga de facer un esforzo maior na integración e formación do ACNEAE.

Se atendemos as cifras, comprobamos que Galicia non é unha excepción a esta norma.

- Nas escolas públicas galegas hai 13.945 alumnos e alumnas con trastornos da aprendizaxe. Nas privadas, 3.308.
- Nas escolas públicas hai 6.467 alumnos e alumnas con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación. Nas privadas, 1489.



- Nas escolas públicas hai 3.589 alumnos e alumnas que sofren problemáticas derivadas de situacións de desvantaxe socioeducativa. Nas privadas, 477.
- Nas escolas públicas hai 176 alumnos e alumnas cun descoñecemento grave da lingua de ensinanza. Nas privadas, 34.
- Nas escolas públicas hai 355 alumnos e alumnas cun retraso madurativo. Nas privadas, 90.

A necesidade de reforzar os medios cos que contan as escolas públicas galegas para integrar e formar ao ACNEAE vese aínda mellor ao comparar as porcentaxe do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade ou a trastornos graves

- En **España** constitúen o 2,8% do alumnado matriculado nun centro público. En **Galicia**, o 3,8%.
- En **España** constitúen o 2,6% do alumnado matriculado nun centro concertado. En **Galicia**, o 4,7%.
- En **España** constitúen o 0,4% do alumnado matriculado nun centro privado. En **Galicia**, o 1,3%.

Así, aínda que en Galicia a porcentaxe do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade ou a trastornos graves matriculado nun centro privado é maior que no conxunto do estado, a súa diferenza con respecto as porcentaxes que atopamos no ensino público e concertado son tamén moito maiores, o que pon en evidencia a necesidade de reforzar a ensinanza que recibe o ACNEAE galego.



Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

Cantas prazas de mestre de educación especial se crearon dende 2008?

Cantas foron en centros concertados?

Cantas en centros públicos?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/08/2017 13:17:14

Luca Chao Pérez na data 02/08/2017 13:17:20

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O colectivo de persoas xordas sofre unha serie de dificultades na súa adaptación á vida cotiá derivadas da súa xordeira, que son solventables dende a Administración pública no que se refire á igualdade de acceso aos servizos públicos.

No específico sobre o acceso ao sistema sanitario, as persoas xordas precisan, fundamentalmente, de axustar o servizo de intérpretes as súas necesidades, ademais de necesitar certa comprensión e adaptación por parte do sistema. Problemas como a atención ou consulta telefónica, incluso para cuestións aparentemente sinxelas como a marcaxe dunha cita a través dunha chamada, son escalóns de difícil salvación para este colectivo.

O acceso á atención sanitaria conleva a dificultade de ter que acudir a consulta con un intérprete. Esta situación conleva dificultades no momento en que os horarios se demoran, e os tempos que o intérprete ten marcados para o acompañamento da persoa doente terminan, tendo o intérprete que acudir a outra atención. A isto pódese engadir que non existe, por limitación económica, servizo de intérpretes para urxencias fóra do horario laboral e para fin de semana. Estas condicións dificultan a igualdade de acceso ao sistema. Cabe lembrar que a demanda dos servizos de intérprete para o eido sanitario cóbrese grazas ao convenio coa Consellería de Política Social, sendo allea a Consellería de Sanidade.

Por estas circunstancias, resulta necesario adaptar algúns funcionamentos do sistema sanitario para que o colectivo de persoas xordas teña garantida a igualdade de acceso e de trato, ao máximo nivel posible.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente o Goberno de Galicia das dificultades de acceso e atención no sistema sanitario que teñen as persoas xordas?
2. Como valora o Goberno de Galicia que a Consellería de Sanidade deba participar no cofinanciamento da rede de asistentes intérpretes en lingua de signos para persoas xordas que deben acudir ao sistema sanitario?
3. Ten previsto o Goberno de Galicia incrementar a dotación de recursos, humanos e materiais, para mellorar a calidade asistencial ás persoas xordas e garantir a súa igualdade de acceso ao sistema sanitario?
4. Como pensa resolver o Goberno de Galicia as dificultades de acceso ao sistema sanitario que se presenta para as persoas xordas a través do contacto telefónico?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2017 11:46:27

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2017 11:46:34

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A reforma laboral consolidou un cambio drástico do mercado de traballo, que supón un retroceso de décadas en condicións e, sobre todo, en dereitos laborais. Certo é que estamos ante o inicio dun novo ciclo cunha certa recuperación económica e a consecuente creación de emprego, pero, lonxe de estar asentada, ten o seu reverso no preocupante aumento da precariedade laboral.

Os datos dinnos que o novo emprego é precario, de peor calidade, con maior temporalidade, de alta parcialidade dos contratos, e salarios máis baixos. Como mostra, en Galicia, en xuño de 2017 apenas un 6,9 % dos contratos subscritos tiveron carácter indefinido. Ademais, a enorme e crecente rotación de traballadores é outra das características do novo emprego temporal. Por exemplo, en 2016 en Galicia case un de cada catro novos contratos laborais subscritos tivo unha duración de sete días ou menos.

Segundo os datos do SEPE, a duración media dos contratos temporais reduciuse en case dous días no último ano, dende os 60,69 de setembro de 2016, aos 59,92 días do mes pasado. A diferenza aínda é maior se nos remontamos aos anos previos á crise, xa que o tempo medio dos contratos recortouse en 30 días respecto dos 88,01 días que duraban de media os contratos temporais en setembro de 2007, ano no que o emprego crecía ao 3,2 % segundo datos da EPA.

A parcialidade consolídase como un elemento estrutural máis do noso mercado de traballo. En 2016 o número de asalariados a tempo parcial ascendía a 45.400, alcanzando unha media do 55% de parcialidade involuntaria (por non poder traballar a xornada completa).

Por outra banda, o traballo máis aló da xornada laboral legal ou convencionalmente establecida converteuse nunha realidade cotiá e

Grupo Parlamentario

xeneralizada, incidindo de maneira substancial na precarización do mercado laboral, ao afectar a dous elementos esenciais da relación laboral: o tempo de traballo e o salario.

Segundo datos da EPA, en España cada ano as persoas traballadoras por conta allea fan de media 2,28 millóns de horas extraordinarias, cantidade notablemente incrementada desde o inicio da crise, e estímase que delas máis da metade non se abonan. Segundo un cálculo realizado polas organizacións sindicais estas horas realizadas sobre a xornada ordinaria legal ou pactada equivalerían aproximadamente a 4.500 empregos.

Este incremento das horas extraordinarias levou á utilización dos contratos a tempo parcial de forma abusiva e indiscriminada facendo que os excesos na xornada de traballo sexan unha práctica habitual nas empresas. En multitude de ocasións, este feito fai que os contratos a tempo parcial encubran unha verdadeira explotación laboral, pois se xeneralizou o traballo a soldo parcial e a tempo completo. O exceso de tempo de traballo realizado e non pago ten consecuencias negativas non só para o traballador, senón tamén para o sistema da Seguridade Social, para a recadación das arcas públicas e, en consecuencia, para toda a sociedade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera urxente e necesario requirir a actuación da Xunta de Galicia así como do Goberno de España no exercicio das súas competencias, co obxectivo de tratar estas prácticas en materia de xornada, contrato e encadramento na Seguridade Social como medio de loitar contra os abusos laborais, a economía mergullada e o emprego non declarado en Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. De que mecanismos dispón o Goberno galego para loitar contra os abusos laborais en Galicia?
2. Cantos supostos de explotación laboral se investigaron en Galicia durante o ano 2016?
3. Destes casos, en cantos se iniciou expediente administrativo sancionador por parte da Inspección de Traballo?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Que valoración fai o Goberno galego da evolución dos datos de explotación laboral en Galicia durante os últimos anos?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha medidas para loitar contra os abusos laborais na nosa Comunidade Autónoma?
6. En caso afirmativo, que actuacións ten previsto levar a cabo?
7. Deuse durante os derradeiros oito anos, o caso dalgunha empresa que tivera contratos coa administración pública galega e fóra sancionada por explotación laboral?
8. En caso de empresas que tiveran contratos e/ou concesións administrativas, e foran sancionadas por explotación laboral, procedeu a Xunta de Galicia a retirar ou extinguir ditos contratos?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/08/2017 09:26:38

Julio Torrado Quintela na data 03/08/2017 09:26:44

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Na sesión plenaria do pasado 11 de xullo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia formulou ao Goberno galego a pregunta urxente, rexistrada co número 7011, para a súa resposta oral, sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos. Esta pregunta, tiña orixe en toda a problemática derivada da forma de licitar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os servizos de limpeza dos edificios administrativos e outros locais do sector público autonómico.

Esta cuestión foi obxecto ademais de outra serie de iniciativas defendidas, tanto en Pleno coma na Comisión 1ª, desde o anuncio da devandita licitación publicado no DOG número 17 do 25 de xaneiro ata a renuncia á subscrición deste contrato acordada pola Xunta de Galicia o 9 de xuño deste ano.

Na indicada sesión do Pleno do 11 de xullo, o Sr. Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, anunciou a intención do Goberno galego de aprobar na sesión do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xullo unha nova licitación deste servizo tendo en consideración as peticións formuladas polas asociacións de pequenas e medianas empresas, reformulando así esta nova licitación que pasa a cingirse, basicamente, aos centros administrativos xa incluídos no contrato vixente, deixando fóra, para a súa contratación independente, máis dos 156 centros que estaban nas previsións iniciais.

Esta nova configuración, unida á división da presente licitación en tres lotes, facilitará o acceso das pequenas e medianas empresas. O contrato así resultante terá por obxecto a limpeza de 305.581 metros cadrados distribuídos en 74 centros, cun orzamento de licitación de 6,8 millóns de

Grupo Parlamentario

euros anuais. Estas son as explicacións que a Vicepresidencia trasladou ao noso grupo parlamentario en resposta do pasado día 2 de agosto actual.

Sen embargo, as catro asociacións provinciais de empresas de limpeza veñen de manifestar o seu total desacordo e decepción con esta nova licitación do “macroconcurso” de limpeza, xa que os tres lotes resultan totalmente desproporcionados, cando un só dos lotes ascende a un total de máis de 12 millóns de euros, que superaría os 30 no suposto de prórrogas e eventuais modificacións, e inclúe locais de limpeza de máis de 13 localidades.

Isto demostra a clara falta de vontade da Xunta de Galicia en garantir o acceso das Pemes e de empresas incipientes aos contratos públicos autonómicos, en contravención das directivas da UE e da propia lexislación autonómica, como xa temos lembrado nas iniciativas a que fixemos referencia inicial.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para facilitar realmente o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos?

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2017

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada

Patricia Vilán Lorenzo

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/08/2017 12:08:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/08/2017 12:08:13



 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/08/2017 12:08:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13749
Data envío: 07/08/2017 13:42:09.857

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á retirada do Anteproxecto de lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galiza.

A Consellaría de Sanidade ven de presentar o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galiza. Presentación feita con nocturnidade e aleivosía, proba dilo é telo feito en pleno mes de agosto con moitos profesionais de vacacións, sen diálogo previo nin na mesa sectorial, nin cos colectivos sociais, con un prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días, en pleno período vacacional.

Esta modificación vai provocar máis deterioro na sanidade pública, consolida a liña de recortes, prioriza o criterio económico en detrimento das necesidades dos usuarios e usuarias e afecta negativamente á calidade asistencial.

A Lei Galega de Sanidade en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase “*tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación*”, no anteproxecto establece que se fará “*tendo en conta os recursos sanitarios existentes*”. Esta modificación é inaceptábel, xa que non prioriza as necesidades sanitarias d@s galeg@s, senón que será en función dos recursos que o Partido Popular decida destinar á sanidade pública, que como é unha evidencia, non deixou de recortar desde que volveu ao Goberno da Xunta.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13749
Data envío: 07/08/2017 13:42:09.857

Suprímense as actuais áreas sanitarias para crear unhas áreas maiores na súa extensión territorial, afastando deste xeito a resolución dos problemas da cidadanía e d@s traballadoras/es.

Estas sete áreas son coincidentes coas EOXIS que o Goberno do PP creou no ano 2010, cando iniciou a súa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes. Naquela altura, as mobilizacións e a forte oposición da cidadanía e profesionais, conseguiu que o primeiro intento de desmantelamento non fora tan lonxe como pretendían, aínda que coa posta en marcha das estruturas organizativas de xestión integrada conseguiron unha boa parte dos seus obxectivos, e a sanidade nas áreas con Hospitais comarcais como O Barco, Monforte, Burela ou O Salnés quedou seriamente comprometida e a perda das xerencias nos hospitais comarcais significou a perda de capacidade organizativa e resolutiva

A creación das EOXIs condicionou tamén de xeito negativo o desenvolvemento da Atención Primaria. Desapareceron as xerencias e perdeu autonomía no desenvolvemento dos seus proxectos, quedando funcionalmente subordinada ás estratexias de xestión do centro hospitalario de referencia. A Atención Primaria precisa de maior impulso para mellorar a súa calidade, a dotación de persoal e recursos, e acadar un correcto funcionamento da súa carteira de servizos, actualmente subdesenvolvida.

Coa modificación que pretende aprobar o Partido Popular, esta situación vai agravarse aínda máis, de xeito que os Hospitais Comarcais e Atención Primaria pasan a ser meros apéndices dos grandes hospitais, con unha máis que evidente perda de autonomía, capacidade de decisión e dirección. Os grandes hospitais absorberán a maior parte dos recursos sanitarios



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13749
Data envío: 07/08/2017 13:42:09.857

Os mecanismos de participación social recórtanse dun xeito alarmante, quedan totalmente amordazados. A composición tanto do Consello Galego de Saúde como dos Consellos de Saúde de Área deixan de estar recollida na Lei, e determinárase por decreto da Xunta. Retíraselle capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, e só manteñen capacidade de asesoramento e consultivo. Incluso suprime a procura dunha composición paritaria dos mesmos.

O Partido Popular pretende levar a cabo esta modificación da Lei de Sanidade de Galiza, sen ter levado a cabo ningunha avaliación de cales foron as consecuencias para a sanidade pública galega da creación das EOXIS.

O BNG manifesta a súa oposición a esta modificación, que significa confirmar o afastamento dun modelo sanitario de calidade, cercano á poboación, comunitario, participativo e orientado á prevención, e consideramos que hai que ir xusto na dirección contraria, e por iso presenta a seguinte interpelación:

Cal é a razón de ter presentado o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia con nocturnidade e aleivosía, en pleno mes de agosto?

Por que se presenta esta modificación sen ter levado a cabo ningunha avaliación de cales foron as consecuencias para a sanidade pública galega da creación das EOXIS?

Pode Atención Primaria e os Hospitais Comarcais prestar unha boa calidade asistencial coa perda de autonomía, capacidade de decisión e dirección que consolidan nesta modificación?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13749
Data envío: 07/08/2017 13:42:09.857

Eliminando áreas sanitarias e establecendo estruturas moito máis amplas, favorécese o coñecemento dos problemas de saúde da poboación, a eficacia, a continuidade da atención, e o beneficio d@s usuari@s?

Por que se lle retira a capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, aos Consellos de Saúde?

Coida que se avanza na igualdade de xénero suprimindo a procura dunha composición paritaria dos Consellos de saúde?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2017 13:42
Nº Rexistro: 13749
Data envío: 07/08/2017 13:42:09.857

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2017 13:38:29

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2017 13:38:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2017 13:38:37

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2017 13:38:39

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2017 13:38:41

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2017 13:38:43



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13818
Data envío: 08/08/2017 13:01:11.638

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás actuacións que levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza a respecto do incendio de Verín e Vilardevós iniciado o pasado día tres de agosto de 2017

O pasado día tres de agosto de 2017 a comarca de Monterrei sufriu un grande incendio que rematou por alcanzar un total provisional de máis de 1360 hectáreas, supoñendo no momento o incendio máis grande da comarca, da provincia ourensá e do país. Máis aínda, cómpre recordar que malia as baixas temperaturas deste verán, xa na última semana de xullo varios incendios na provincia ourensá, que absorbeu a práctica totalidade de lumes rexistrados coa excepción dalgún do sur de Lugo cunhas condicións climáticas moi semellantes, xa tiñan devastado máis de 350 hectáreas polo que se aveciñaba un agosto delicado no caso de se incrementar as condicións favorábeis para os lumes.

Este grande incendio da primeira semana de agosto iniciouse en Vilamaior para propagarse polo monte de Queirugás e chegar tamén aos Concellos do Riós e de Vilardevós, onde mesmo tiveron que desalojar varias casas durante a noite do tres ao catro de agosto pola proximidade das lapas. Cómpre recordar en xeral que esta é unha zona de moita afectación pola lacra dos incendios e en concreto que no que ía de tempada estival a zona de Vilamaior xa tivera tres conatos de incendios.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13818
Data envío: 08/08/2017 13:01:11.638

De forma concreta, no referido ao proceso de inicio e extinción deste incendio, a Xunta de Galiza insiste na rápida resposta do dispositivo. Desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o excelente traballo que desenvolveron e desenvolven cada un dos traballadores e traballadoras que malia as condicións sacan adiante o mellor traballo posíbel. Porén, entendemos que cómpre avaliar os feitos para desenvolver as correccións necesarias e mellorar a actuación. Neste sentido, tal e como denuncia o goberno municipal, diferentes fontes oculares contrastadas tanto polo concello como polos medios de comunicación, indican que o foco inicial no monte de Vilamaior emerxeu sobre as 16.00 horas do día tres de agosto. Cómpre indicar, tamén, que esta localización está situada a menos dun quilómetro da base de helicópteros. Aínda tendo en conta o vento que se estaba a dar no momento e que favoreceu a rápida propagación, non deixa de sorprenden que o incendio fora alertado, segundo fontes oficiais da Consellaría de Medio Rural, ás 16.36 h. momento en que se activou o dispositivo de extinción. É obvio, polo tanto, que houbo máis de media hora en demora en detectar e comunicar ao distrito correspondente a aparición do lume. Finalmente, a primeira actuación efectiva de descarga de auga mediante medios aéreos produciuse arredor das 17:00 horas, é dicir, case unha hora despois do inicio do incendio ao que se suma a tardanza dos medios terrestres que denuncia a veciñanza, así como unha evidente falta de coordinación entre o Parque de Bombeiros Comarcal e o SPDCIF.

Todos estes elementos constatan que as actuacións levadas a cabo por parte da Xunta de Galiza tanto para a prevención como para a pronta detección e extinción non son suficientes e teñen grandes deficiencias que fan que adoeza dunha falta de vixilancia preventiva, demora na intervención, falla de previsión sobre o estado dos depósitos e balsas de auga e escaseza de medios dispoñíbeis en plena tempada de alto risco nunha comarca que xa ten protagonizado importante danos particulares, públicos, forestais e ambientais.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13818
Data envío: 08/08/2017 13:01:11.638

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Interpelación:

Que medidas tomou ou vai tomar a Xunta de Galiza para corrixir os erros de actuación no incendio de Vilamaior (Verín) e evitar que volte acontecer algo semellante?

Considera o goberno galego que os protocolos se seguiron de forma axeitada?

A que se debe a demora en detectar o inicio do incendio?

Coñece o goberno galego as deficiencias materiais do dispositivo de extinción de incendios? Como as vai mellorar?

Que políticas específicas vai desenvolver o goberno galego para previr e extinguir os lumes de zonas de alta incidencia como a comarca de Verín e Monterrei?

Que medidas compensatorias vai desenvolver para os grandes lumes do verán de 2017?

Considera o goberno galego que cumpriu os seus obxectivos?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2017 13:01
Nº Rexistro: 13818
Data envío: 08/08/2017 13:01:11.638

Xosé Luis Rivas Cruz
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/08/2017 12:59:58

María Montserrat Prado Cores na data 08/08/2017 13:00:04

Ana Pontón Mondelo na data 08/08/2017 13:00:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/08/2017 13:00:08

Olalla Rodil Fernández na data 08/08/2017 13:00:10

Xosé Luis Bará Torres na data 08/08/2017 13:00:13

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia. Este anteproxecto inclúe unha serie de modificacións sobre a citada lei de moito calado, e con moita relevancia para o sistema sanitario galego, en termos de participación, de organización do mapa sanitario e os seus recursos, de formación, investigación e outras áreas.

A intención por parte do Goberno de Galicia de iniciar este proceso de reforma da Lei de saúde de Galicia de forma oscurantista en pleno mes de agosto, supón de por si un problema grave en canto ás formas. Os 15 días de achegas e participación a través do portal de transparencia quedan reducidos ás dúas semanas de menor actividade social, profesional e cidadá de todo o ano (a primeira quincena de agosto). O nulo coñecemento previo por parte de asociacións de pacientes, sindicatos, partidos políticos e cidadanía en xeral das intencións de levar adiante este procedemento neste momento evidencian a intención de esconder as propostas coa vontade de ser ocultadas e non debatidas.

No referido ao fondo da proposta de reforma, resulta sorpresiva a atribucións de funcións á acción directa do Consello da Xunta de Galicia vía decreto. De entrada así se inclúe no caso da participación cidadá, anteriormente canalizada a través dos Consellos de Saúde de Galicia e de Área, cuxa conformación quedaba perfilada na Lei de 2008 e incluía a representantes das administracións locais correspondentes, representantes de traballadores/as, rede social e económica das áreas sanitarias correspondentes, etc. No intento de modificación dos artigos 23.3 e 26 que propón o anteproxecto se delimita que a conformación dos Consellos de Saúde se determinará “por decreto do Consello da Xunta”. Retíranse as referencias explícitas a que os Consellos de Saúde puideran obter e solicitar información relevante de carácter sanitario para interese xeral, o que supón

Grupo Parlamentario

a non participación dos representantes políticos e sociais nas decisións estratéxicas que afecten ás comarcas.

A reorganización do mapa sanitario de Galicia é outra das cuestións fundamentais que inclúe o anteproxecto de lei, pois reformula a ordenación actual cara un modelo máis concentrado e que perde atención ás comarcas e áreas sanitarias rurais e semiurbanas. A proposta pretende retirar da lei as delimitacións sobre áreas sanitarias, e as especificacións sobre funcións, características e fundamentos da súa relevancia, creando unha nova división entre áreas, distritos e zonas que, como se apunta na propia proposta de modificación, quedarán a expensas de ser determinadas “por decreto do Consello da Xunta” (modificación dos artigos 67 e 70). Ao fío desta nova delimitación do mapa sanitario, quedan no aire as áreas sanitarias especialmente sinaladas, que son as de O Salnés, Mariña Lucense, Monforte e Valdeorras, por ser áreas comarcais ás que se abre a porta da perda de servizos a favor das concentracións de servizos nos Centros Hospitalarios das grandes urbes. Esta concentración, que xa foi iniciada coa implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, foi sinalada xa dende entón como un erro por parte da meirande parte dos profesionais do sistema sanitario, e constatada polos usuarios coa perda progresiva de servizos nos hospitais comarcais. No caso de actual anteproxecto, a modificación dos artigos 68 e 69, que determinan a referencia aos Hospitais, quedaría a expensas dun decreto do Consello da Xunta que puideran perder, incluso, a atribución dun hospital. Segundo a normativa que se pretende impor, existiría a posibilidade de que un decreto deixara ser servizos sanitarios mínimos dun hospital aos centros das áreas sanitarias comarcais. A perda da condición de área sanitaria nas zonas referidas anteriormente afondaría na rebaixa de servizos, na dependencia do persoal dos grandes hospitais, e na constatación dura e imposta dun modelo de hospitais de segunda que se converterían en grandes ambulatorios, mais que non terían a capacidade sanitaria que precisan.

A gravidade das propostas de modificación en participación e definición do mapa sanitario, así como noutras áreas como inspección ou investigación, fai necesario abrir un debate profundo na busca do acordo sobre as modificacións deste nivel sobre unha lei de tal relevancia. Por esta cuestión, resulta imprescindible que este procedemento modifique o camiño iniciado neste pasado 2 de agosto.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que o Goberno galego inicia un procedemento deste nivel de relevancia de maneira oscurantista?
2. Que datos e informes fundamentan a necesidade de reformar a Lei 8/2008 no sentido en que se propón neste anteproxecto?
3. Con que colectivos de profesionais, persoas usuarias, traballadores e traballadoras, políticos ou de outro eido se consultou e consensuou este anteproxecto de lei?
4. Que motivacións levan ao Goberno galego a iniciar este procedemento de reforma da Lei 8/2008?
5. Como valora o Goberno da Xunta de Galicia a contestación que se ven producindo de diferentes colectivos e representantes públicos a este anteproxecto de lei?
6. Por que o Goberno galego considera necesario reducir tantos aspectos da Lei a ser decididos “por decreto do Consello da Xunta”?
7. Que motiva o cambio do mapa sanitario en Galicia?
8. En que necesidade se fundamenta a inclusión de novos niveis e estruturas no mapa sanitario? Que melloras considera que traería esta modificación?
9. Que previsión ten a Xunta de Galicia sobre o futuro das áreas sanitarias de Salnés, Mariña lucense, Monforte e Valdeorras?

Pazo do Parlamento, 8 de agosto de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/08/2017 10:40:27



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 09/08/2017 10:40:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O artigo 36 da Lei 7/1985, reguladora de bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Por iso, e en coherencia coa lexislación vixente nesta materia, é polo que as deputacións aproban anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

A Deputación de Ourense ten previsto no ano en curso a colaboración cos concellos a través de varios instrumentos: o Plan provincial de cooperación, dotado con 5.308.500 euros, o Plan da Rede Viaria, presupostado con 2 millóns, o plan de emprego, con 910.000 euros (a razón de 10.000 euros por concello), o de cooperación vía convenio con concellos cun orzamento total de 1,3 millóns de euros, o plan termal e o de acción social dotados cada un deles con 1,2 millóns de euros. Deles, tan só o plan provincial, o de emprego, e o de acción social, se distribúen a todos os concellos en función de criterios predeterminados de antemán, aínda que discutibles, ao facerse de xeito lineal, con independencia do tipo de concello e das súas características. Esta achega, en relación cos 77 millóns de orzamento provincial, apenas supón un investimento de pouco máis do 6 % do total. Trátase dunha partida cativa, que non permite abordar as moitas e cada vez máis crecentes necesidades que teñen nos concellos.

Estes datos contrastan co esforzo que estean a facer as demais deputacións galegas, con cifras con enriba dos 25 % do total do orzamento (ate o 43 % no caso da Deputación da Coruña); agrupando todas as subvencións aos concellos nun plan único que permite, ademais de simplificar a burocracia e axilizar as achegas, repartir de xeito obxectivo os cartos públicos en función de criterios ponderados, reducindo drasticamente a discrecionalidade na asignación de fondos públicos provinciais, afondando

 Grupo Parlamentario

así nas políticas de equidade, obxectividade, e transparencia nas accións de cooperación dos concellos.

Asemade, dende hai varios anos, unha vez feita a liquidación anual, a Deputación de Ourense vén arroxando un superávit importante que se distribúe case exclusivamente con criterios subxectivos e discrecionais, mecanismo que impide que moitos concellos poidan percibir achegas á marxe das establecidas nas subvencións mencionadas con anterioridade.

É preciso que nunha provincia que lidera os peores indicadores socioeconómicos e poboacionais, con máis de 300 núcleos deshabitados, se creen as condicións axeitadas para que os cidadáns e cidadás poidan vivir nunhas condicións dignas, con servizos e infraestruturas do século XXI, para o cal resulta imprescindible que os concellos poidan dispor de recursos, e dentro da súa autonomía municipal, destinalos aquilo que consideren perentorio e necesario.

Do mesmo xeito, é necesario respectar as decisións que se toman no seno da Fegamp, así como dos acordos que esta establece coa Xunta de Galicia. Así pois é preciso que se implementen os criterios obxectivos acordados por unanimidade na Federación Galega de Municipios e Provincias, que son os de superficie, poboación, entidades de poboación, e índice de envellecemento, e ofrecerlle aos concellos equidade e transparencia a través dun plan único. As afinidades políticas non deben influír en ningún caso na dotación de recursos para os veciños e veciñas, estes deben poder escoller democraticamente ao seu alcalde ou alcaldesa, con independencia de que vaian a recibir máis ou menos recursos para financiar os servizos municipais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego do reparto de fondos entre os concellos que realiza a Deputación de Ourense?
2. Considera a Xunta de Galicia que o reparto de fondos que leva a cabo a Deputación de Ourense se está facendo baixo criterios de equidade, obxectividade e transparencia?

 Grupo Parlamentario

3. Cre o Goberno galego que se están a respectar por parte da Deputación de Ourense, os criterios obxectivos para o reparto de subvencións entre os concellos acordados por unanimidade na Federación Galega de Municipios e Provincias?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha medidas para garantir o reparto de fondos entre os concellos non se realice baixo criterios subxectivos e discrecionais?
5. En caso afirmativo, qué medidas ten previsto poñer en marcha?

Pazo do Parlamento, 10 de agosto de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 11/08/2017 10:18:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/08/2017 10:19:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/08/2017 10:19:07

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/08/2017 10:19:13

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. E a Xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta.

Esta loita precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei orgánica de 2004, que o Goberno galego ten discriminado orzamentariamente ano tras ano. Hai menos dun mes, no Congreso dos Deputados acadábase un gran Pacto contra violencia de xénero, que ha de alumear as políticas de todos os gobernos, tamén do de Galicia, que presume de apoiar todas as reivindicacións que sexan necesarias (ata a secretaria xeral de Igualdade dicía hai ben pouco que “as mulleres que sofren violencia han de saber que contan con recursos e co apoio de toda a sociedade”).

Os xulgados galegos reciben ao día unha media de 15 denuncias por maltrato contra a muller, pero en Galicia só hai 2 xulgados específicos, en Vigo e en A Coruña, e os 2 necesitan máis medios, máis funcionarios/as e novas instalacións que impidan que vítimas e maltratadores se crucen.

O de A Coruña resolveu o ano pasado arredor de 1200 asuntos (a cifra máis alta dende 2009), tanto penais como civís, número de procedementos que xa se viu incrementado neste ano 2017, pois no primeiro trimestre, segundo datos do propio Goberno do Estado, houbo 290 denuncias na cidade. E todo o mundo sabe que, estatisticamente, no verán aumentan os episodios de violencia de xénero.

Pois resulta que en A Coruña un dos xulgados de garda está a asumir os asuntos que se tramitan no de Violencia porque o seu titular marchou de vacacións en agosto, non sen antes solicitar o nomeamento dun substituto,

 Grupo Parlamentario

petición que lle foi denegada. En concreto, a negativa do Ministerio de Xustiza a proporcionar ao TSXG fondos para nomear un substituto provocou xa o aprazamento de medidas civís relacionadas coa violencia de xénero, como gardas e custodias, visitas ou pensións de alimentos. A única xustificación do Ministerio, a través da Dirección Xeral de Xustiza, foi que xa se ten superado nun 106 % o orzamento para contratar xuízas e xuíces de substitución para 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Comparte o Goberno galego que a loita contra a violencia machista ten que alumear as políticas de todos os gobernos?
2. Ten coñecemento o Goberno da situación do Xulgado de Violencia contra a Muller na cidade de A Coruña no mes de agosto?
3. Que lle parece ao Goberno que un dos xulgados de garda estea a asumir os asuntos que se tramitan no de Violencia porque o seu titular marchou de vacacións?
4. Parécelle correcto ao Goberno que esta situación teña provocado o aprazamento de medidas civís relacionadas coa violencia de xénero?
5. Que ten dito o Goberno, a través da Dirección Xeral de Xustiza, á negativa do Ministerio de Xustiza de contratar xuízas e xuíces de substitución?
6. Concorde o Goberno en solicitar ao Goberno do Estado a creación dunha partida específica reservada en exclusiva a contratar xuízas e xuíces de substitución?
7. Vai esixir o Goberno galego ao Goberno do Estado a creación de novos xulgados de Violencia contra a Muller para Galicia en 2017?
8. Vai levar a cabo o Goberno, de maneira inmediata, reformas nas dependencias xudiciais para evitar o cruce entre vítimas e agresores?
9. Vai dotar o Goberno, de maneira inmediata, de persoal necesario a estes xulgados?
10. Vai incrementar o Goberno a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da Xustiza en Galicia?

Pazo do Parlamento, 10 de agosto de 2017

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/08/2017 10:36:04

María Luisa Pierres López na data 11/08/2017 10:36:10

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/08/2017 10:36:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/08/2017 10:36:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:46
Nº Rexistro: 14320
Data envío: 11/08/2017 12:46:58.720

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Combater a violencia machista é ou debera ser un dos obxectivos fundamentais das institucións. Dentro dos ámbitos que deben mellorar a súa actuación para traballar no obxectivo de erradicala salienta a Xustiza. Organizacións feministas, colectivos profesionais e partidos políticos teñen demandado a corrección das súas deficiencias así como a mellora dos medios e recursos da xustiza, concretada a través de elementos fundamentais como por exemplo a dotación dos recursos necesarios para mellorar os recursos humanos e materiais das dependencias xudiciais. Neste sentido, ocupa un lugar importante a creación e mantemento de xulgados específicos en materia de violencia contra as mulleres.

Cómpre recordar que segundo datos oficiais do Informe anual sobre violencia de xénero en Galiza, ao longo de 2016 denunciaron ser vítimas de violencia machista no noso país até 5.683 mulleres, tendo a segunda maior cifra na provincia da Coruña, con 2.193, cunha cifra moi similar á provincia pontevedresa que lidera con 2.210 casos. Ademais, foi na Coruña onde máis ordes de protección se demandaron, cun total de 614.

Neste contexto, desde o Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación a nova coñecida a comezos do verán de 2017 de que o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña sería administrado durante as vacacións estivais polo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:46
Nº Rexistro: 14320
Data envío: 11/08/2017 12:46:58.720

xuíz ou xuíza de instrución que se atopara de garda en cada momento e non por unha persoa substituta específica. Alén das dificultades evidentes de compatibilizar os traballos derivados do xulgado de garda cos derivados do xulgado de violencia contra a muller pola alta carga de traballo, as e os nacionalistas vemos nesta situación unha falta de atención por parte dos poderes públicos que deberan garantir tanto o funcionamento operativo do xulgado como a participación nestes procesos de profesionais con formación específica.

As razóns coñecidas para esta decisión estaban fundamentadas na limitación de orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza ao ter superadas as contías destinadas ás substitucións deste tipo. Máis aínda, resulta alarmante que coñecida e advertida esta situación tanto por forzas políticas como por colectivos profesionais como o propio Colexio de Avogados da Coruña, non se teña buscado unha solución e que no inicio de agosto non se conte, efectivamente, cunha persoa substituta específica. A diferenza doutras ocasións, o Ministerio de Xustiza non ten autorizado o adianto de fondos para substitucións, algo que para o Bloque Nacionalista Galego é unha absoluta irresponsabilidade e evidencia a irracionalidade do centralismo xudicial dun Estado español que non ten reparos en dar carta branca para incrementar o gasto orzamentario noutras partidas.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Interpelación:

- Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para impedir que a falta de recursos orzamentarios impida o bo desenvolvemento da actividade dos xulgados específicos de violencia contra a muller?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:46
Nº Rexistro: 14320
Data envío: 11/08/2017 12:46:58.720

- Como valora o goberno galego os problemas derivados da falta dun xuíz ou xuíza substituta para o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña no verán de 2017? cando tivo coñecemento desta situación o goberno galego? Que medidas tomou para evitalo?

- Ten avaliado o goberno galego o funcionamento dos xulgados e departamento específicos de violencia machista galego e as súas necesidades de mellora? En que termos?

- Considera o goberno galego que está garantida a atención xudicial en igualdade de condicións para as vítimas de violencia machista independentemente do seu lugar de residencia e época do ano?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:46
Nº Rexistro: 14320
Data envío: 11/08/2017 12:46:58.720

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/08/2017 12:44:50

María Montserrat Prado Cores na data 11/08/2017 12:44:55

Ana Pontón Mondelo na data 11/08/2017 12:44:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/08/2017 12:44:59

Olalla Rodil Fernández na data 11/08/2017 12:45:02

Xosé Luis Bará Torres na data 11/08/2017 12:45:04

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á vista do anuncio feito polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sobre a creación dunha bolsa autonómica de interinos para interventores e tesoureiros, as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cal é a situación actual de cobertura de prazas de interventores e tesoureiros en Galicia, segundo o Goberno galego?

2ª) Cales van ser os criterios para poder acceder á dita bolsa autonómica de interinos por parte dos e das habilitados/as nacionais?

3ª) Cal é a forma de acceso dos concellos que precisen facer algunha solicitude para poder cubrir as prazas de intervención e/ou tesourería?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/08/2017 10:28:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/08/2017 10:28:13

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/08/2017 10:28:21

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Diario Oficial de Galicia do 10 de xullo de 2017 publicouse a Orde do 7 de xullo de 2017 pola que se establecen as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017.

Na súa exposición de motivos, a Xunta de Galicia establece que “O impulso de medidas incentivadoras da xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos dos municipios galegos é un dos principais obxectivos da Xunta de Galicia, que ten como finalidade contribuír a que os concellos poidan continuar prestando os debidos servizos á cidadanía, mellorando as condicións de vida que satisfagan as súas necesidades á vez que se reducen os custos que a prestación destes servizos traslada á carga impositiva que soporta a veciñanza. Como unha das medidas máis eficaces para acadar estes obxectivos, a Xunta de Galicia pretende promover e apoiar os proxectos de fusión municipal que inicien os concellos da nosa Comunidade Autónoma”.

No artigo 1. Obxecto. No seu apartado 2, establece que “O fondo adicional do Fondo de Cooperación Local para o ano 2017, dotado con 2.236.227 euros, destínase na súa totalidade a aqueles concellos resultantes ou que resulten de procesos de fusión municipal ou de incorporación voluntaria a outros concellos, tendo en conta as particularidades previstas no artigo 5.”

No artigo 2. Beneficiarios. Establece que serán beneficiarios do fondo adicional todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que rematasen un proceso de fusión voluntaria no último ano, así como aqueles concellos resultantes dun proceso de fusión municipal concluído nos cinco anos anteriores.

Á vista da publicación desta orde, as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Grupo Parlamentario

1ª) Considera o Goberno galego que dos 314 concellos existentes en Galicia, só 4 (correspondentes aos concellos fusionados ou en proceso de fusión) precisan de medidas incentivadoras da xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos dos municipios galegos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Considera o Goberno galego que a Xunta de Galicia ten que contribuír a que os concellos poidan continuar prestando os debidos servizos á cidadanía, mellorando as condicións de vida que satisfagan as súas necesidades á vez que se reducen os custos que a prestación destes servizos traslada á carga impositiva que soporta a veciñanza só nos concellos fusionados?

3ª) Considera o Goberno galego que os concellos non fusionados contan co financiamento necesario e suficiente para poder atender as competencias que lles outorgan as leis?

4ª) Considera o Goberno galego que a veciñanza nos concellos non fusionados non merecen a mesma atención que a dos concellos fusionados?

5ª) Se o Goberno galego promove a fusión de concellos como medida de aforro, cal é a razón ou razóns pola que se ten que incrementar o financiamento a estes concellos en detrimento do resto dos concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/08/2017 10:29:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/08/2017 10:29:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/08/2017 10:29:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN, relativa ao Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia.**

Non son poucas as protestas que suscitou a eliminación de Xerencias, no Servizo Galego de Saúde, nos últimos gobernos do PP. A eliminación das xerencias de atención primaria unida á absorción de varias xerencias de hospitais comarcais deviu nunha realidade na que os grandes hospitais iniciaron a concentración do investimento sanitario.

Esta situación ten causado dificultades enormes para a atención primaria, desprovista de capacidade decisoria en canto a xestión se refire e nos pequenos hospitais, nos que a burocracia se ten incrementado e a imposibilidade de ofrecer algúns servizos tamén.

A pesares da oposición que no seu momento tivo esta circunstancia, a Xunta de Galicia decide, en pleno verán, iniciar a modificación da lei de Saúde de Galicia para suprimir, de esta vez, catro áreas sanitarias. É dicir, pasamos de eliminar xerencias a eliminar tamén as áreas que dan sentido a unha planificación sanitaria descentralizada.

A presentación do anteproxecto que modifica a Lei 8/2008 de Saúde de Galicia realizouse sen negociación algunha de xeito previo, advertindo ás centrais sindicais de esta situación o mesmo día que se publicaba o texto.



Esta situación resulta unha mostra de elevada opacidade, incompatible ademais cos principios da Lei de Transparencia e Bo Goberno e coa mínima ética agardable por parte da administración.

Sobre todo, porque esta proposta de modificación abrangue aspectos moi relevantes para a sanidade pública e a cidadanía, como o é tamén os órganos de participación (Consello Galego de Saúde) que sofren un fondo recorte e mudanza.

Esta situación, na que un ataque tan relevante á sanidade se fai de xeito sibilino, tivo unha resposta pronta de sindicatos e plataformas, iniciándose unha ampla proposta de alegacións vía web. Sen embargo, unha vez máis, sobra dicir que a publicidade para realizar estas alegacións foi case nula por parte da Xunta, incrementándose así o escurantismo, nunha sorte de proceder antidemocrático.

Por todos estes feitos, **En Marea interpela para coñecer:**

- 1.- Os motivos polos que a Xunta de Galicia non negociou previamente á súa publicación cos axentes sociais o contido do Anteproxecto.
- 2.- Os motivos polos que a Xunta realizou esta proposta de modificación en pleno verán e case sen publicidade.
- 3.- Os motivos polos que a Xunta non retira o anteproxecto e abre un proceso participativo de debate.
- 4.- Os motivos polos que a Xunta quere eliminar catro áreas sanitarias recentralizando a planificación cando no referente á xestión os resultados non son positivos.
- 5.- Se non valora a Xunta de Galicia as condicións perniciosas que pode ter para a atención primaria este Anteproxecto.
- 6.- O motivo polo que recortan de maneira substancial as ferramentas participativas coma o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área.



7.- O motivo polo que non blindan a investigación sanitaria pública e abren a porta á privada.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do GP. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/08/2017 14:13:29

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodriguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A finais dos anos corenta Venezuela converteuse nun país receptor de inmigración masiva debido á profunda transformación económica impulsada polo auxe petrolífero e pola política inmigratoria de portas abertas do goberno do ditador Pérez Jiménez. Entre 1953 e 1958, entraron arredor de 150.000 españois, sendo, aproximadamente, un terzo deles galegos.

A maioría aséntase na capital, onde os que xa estaban instalados infórmanos sobre os posibles postos de traballo e aloxamento, contando tamén co asesoramento dos centros galegos (Lareira Galega e Centro Galego), fundados en 1945 e 1948 respectivamente, por exiliados republicanos, entre cuxos obxectivos está o socorro mutuo e a asistencia ao emigrante recentemente chegado o país, normalmente sen familia e sen recursos económicos.

A crise en Venezuela fai referencia á crise económica que desde 2013 sofre o país, e que estendida durante anos mostrou que non soamente é unha crise económica, senón tamén unha crise institucional, política e social.

O informe anual *Venezuela 2016/2017* de Amnistía Internacional é especialmente preocupante.

Segundo este informe, o Goberno declarou o Estado de excepción e prorrogouno catro veces. A maioría das persoas sospeitosas de ser responsables de crimes de dereito internacional e violacións de dereitos humanos cometidos durante as protestas de 2014 aínda non compareceron ante a xustiza. Continua a violencia e o amontoamento nos cárceres. As sobreviventes da violencia de xénero enfrontábanse a considerables obstáculos para acceder á xustiza. Buscando o seu descrédito, lanzábanse frecuentes campañas de discriminación contra periodistas e defensores e defensoras dos dereitos humanos, que tamén sufrían agresións e intimidación. Seguiuse encarcerando a persoas críticas co Goberno e a membros

Grupo Parlamentario

da oposición política. Denunciouse o uso excesivo da forza por parte da policía e das forzas de seguridade.

A maioría das sentenzas e das ordes sobre Venezuela ditadas pola Corte Interamericana de Dereitos Humanos aínda non se cumpriran ao rematar o ano 2016.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A escaseza de alimentos e medicamentos intensificouse de xeito alarmante, o que desatou protestas en todo o país.

En outubro, o alto comisionado das Nacións Unidas para os dereitos humanos declarou que varios relatores especiais tiveran dificultades para visitar o país porque o Goberno non lles concedía os permisos pertinentes.

En contra do disposto polas normas internacionais de dereitos humanos, xulgase a civís perante os tribunais militares. As forzas policiais negábanse a cumprir as ordes de posta en liberdade ditadas polos tribunais.

O Tribunal Supremo de Xustiza limitou drasticamente mediante resolucións ás facultades da Asemblea Nacional, con maioría da oposición, o que entorpecía a capacidade dos deputados e deputadas para representar aos pobos indíxenas. O Tribunal Supremo tamén anulou unha declaración parlamentaria sobre a non discriminación relacionada coa orientación sexual e a identidade de xénero, e unha declaración que pedía o cumprimento das decisións adoptadas polas organizacións intergubernamentais.

A retirada do país da xurisdición da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (efectiva desde 2013) continuou privando do acceso á xustiza, á verdade e á reparación ás vítimas de violacións de dereitos humanos e as súas familias.

Segundo o Observatorio Venezolano de Conflitividade Social, durante o ano 2016 rexistráronse aproximadamente 590 manifestacións ao mes. A maioría estaban relacionadas con demandas de dereitos económicos, sociais e culturais, en particular co acceso a alimentos, saúde e vivenda.

Grupo Parlamentario

Seguiuse a encarcerar a persoas que se opoñían politicamente ao Goberno. Segundo o Foro Penal Venezolano, máis dun cento de persoas estaban retidas por razóns políticas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Comité de Dereitos Humanos da ONU expresou preocupación sobre os informes de abusos cometidos polo exército contra os pobos indíxenas establecidos na Guajira, Estado Zulia, na fronteira con Colombia.

A crise económica e social no país seguiu empeorando. Ante a falta de estatísticas oficiais, axencias privadas e independentes, como o Centro de Documentación e Análises para os Traballadores (Cenda), informaron de que desde novembro de 2015 ata outubro de 2016 houbo unha inflación do 552 % nos produtos alimentarios, o que dificultaba enormemente á poboación a compra de alimentos, incluso cando os encontraban. Segundo o Observatorio Venezolano da Saúde, o 12,1 % da poboación comía unicamente dúas veces ao día. A Fundación Bengoa para a Alimentación e Nutrición estimaba que o 25 % dos nenos e nenas padecían malnutrición.

Estas son algunhas das dramáticas conclusións do informe.

Neste difícil contexto político, social e económico, dende comezos de 2016, o Goberno de Venezuela non está facendo fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social ou vendo retirados os complementos de mínimos da Seguridade Social.

A situación dos galegos que residen en Venezuela están loxicamente a sufrir a situación descrita.

Estamos así diante dun grave deterioro do Estado de dereito na República de Venezuela. Este proceso acadou unha situación crítica o mércores 29 de marzo, cando o Tribunal Supremo de Xustiza venezolano asumía as competencias da

Grupo Parlamentario

Asemblea Nacional, limitando a inmunidade aos seus deputados e outorgándose poderes extraordinarios en materia penal, militar, económica, social, política e civil. Este intento de abolición da máis básica das regras dun réxime democrático, o respecto á lei, que foi rectificado grazas á presión internacional, levou a que numerosos países e organismos falaran de ruptura da orde democrática en Venezuela.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dezanove países aprobaron na OEA o pasado 3 de abril unha resolución denunciando unha “violación da orde constitucional” en Venezuela, esixindo a reinstauración da separación de poderes.

O 1 de maio o presidente venezolano, Nicolás Maduro, anunciou de forma unilateral a convocatoria dunha “assemblea nacional constituínte”. A pesar das reiteradas resolucións, ditames e declaracións, provenientes da Unión Europea, así como as do presidente del Parlamento Europeo, Antonio Tajani, de organismos rexionais como Mercosur ou a Organización dos Estados Americanos (OEA) e o seu secretario xeral, Luis Almagro, ou das principais organizacións non gobernamentais encargadas de velar polos dereitos humanos, e do intento de mediación promovido por Unasur coa participación dos 3 ex presidentes e o Vaticano, o Goberno venezolano mantén o seu rumbo, ignorado sistematicamente as chamadas á sensatez e ao diálogo.

É necesario así adoptar todas as medidas precisas, no ámbito das relacións exteriores e sen deixar de confiar nas manifestacións de diálogo e mediación en marcha, para avanzar decididamente na paz social, a estabilidade política e institucional en Venezuela, con pleno dereito á democracia e respecto aos Dereitos Humanos. Os lazos entre Galicia e Venezuela, a situación dos galegos que residen naquela república e a dos emigrantes retornados, esixen que por parte da nosa Comunidade se tomen todas as iniciativas posibles.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Vai o Goberno galego establecer medidas urxentes e extraordinarias para a atención dos galegos residentes en Venezuela coa finalidade de establecer unha liña de axuda humanitaria para a consecución de medicamentos e artigos de primeira necesidade ante a situación de dramatismo que se está a vivir?



Grupo Parlamentario

2ª) Vai o Goberno galego habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición de material farmacéutico e de necesidades básicas para a colonia galega en Venezuela?

Pazo do Parlamento, 21 de agosto de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/08/2017 12:59:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/08/2017 12:59:18

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/08/2017 12:59:34

Julio Torrado Quintela na data 22/08/2017 12:59:41

Noela Blanco Rodríguez na data 22/08/2017 12:59:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 10:37
Nº Rexistro: 14466
Data envío: 23/08/2017 10:37:06.913

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**.

A día de hoxe o acceso a unha boa comunicación telefónica e por internet é un pilar fundamental para o desenvolvemento persoal e profesional de calquera veciña ou veciño. Tanto é así, que as propias Nacións Unidas adoptaron no 2016 unha resolución para a promoción, protección e desfrute dos dereitos humanos en Internet no que se considera, entre outros, o acceso a internet como un dereito básico para calquera persoa. Paralelamente a este importante fito simbólico, as propias demandas sociais repercutiron en que as diferentes administracións do territorio tiveran que facer esforzos investidores para a universalización destes servizos.

Así as cousas, diferentes Plans e diagnoses do goberno galego, como é o Plan de de inclusión dixital márcanse obxectivos para tales efectos, con desigual cumprimento, comprometendo que os axentes públicos e privados participen na evolución dixital da cidadanía, en calquera parte do territorio galego buscando a universalización do servizo e marca como obxectivos, literalmente “conseguir unha sociedade plenamente dixital en 2020, unha sociedade cohesionada, sen desigualdades dixitais, con pleno acceso e coñecemento das tecnoloxías”. Neste



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 10:37
Nº Rexistro: 14466
Data envío: 23/08/2017 10:37:06.913

camiño, alén das propias políticas e investimentos emanados das administracións públicas, é preciso tamén que estas actúen a respecto das responsabilidades que as empresas teñen para cos seus usuarios, tanto a nivel de atención ao consumidor, como de desenvolvemento e coidado das infraestruturas técnicas que fan que teñan tantos beneficios.

Neste sentido, este Grupo Parlamentar tivo coñecemento dunha situación que indica a desatención por parte de grandes empresas como Telefónica, cuxos beneficios se incrementaron no pasado 2016 nun 3,8%, na calidade da atención ao consumidor e na calidade da prestación do servizo en termos técnicos e a necesidade de que a administración galega se implique para evitar abusos e desigualdades sobre os consumidores galegos.

O pasado 23 de xullo de 2017, domingo, tivo lugar un pequeno incendio forestal que afectou á parroquia de Queirugás no concello de Verín e que afectou a uns poucos metros de tendido entre dous postes telefónicos. Desafortunadamente, os incendios no noso país non son un acontecemento extraordinario e teñen ocasionado avarías como a mencionada ou de maior gravidade. Porén, chama a atención que unha avaría relativamente menor tivera un prazo de resolución que chegou aos nove días, deixando durante este tempo a toda a zona sen acceso telefónico nin de internet. Un exceso de tempo motivado pola desorganización entre a empresa auxiliar, Montelnor, e a propia telefónica ao que se engadiu a falta de previsión ao non ter dispoñíbel o cable necesario, cuestión tamén grave tendo en conta tanto a tempada de alto risco de incendio como as posibilidades de que calquera incidencia meteorolóxica, como un grande temporal, poidan degradar a instalación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 10:37
Nº Rexistro: 14466
Data envío: 23/08/2017 10:37:06.913

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta situación non é de recibo, tendo en conta tamén as escasas informacións facilitadas ás persoas usuarias, e que desvela o escaso compromiso da multinacional co mantemento duns servizos que deben ser garantidos nunhas condicións mínimas e cun prazo de resolución de incidencias menor cando non se trata dunha circunstancia excepcional. As posibilidades de que este tipo de situacións sexan máis habituais do que pode ser coñecido, a indefensión das e dos usuarios diante das grandes multinacionais e as dificultades para levar a cabo un contacto e resolución axeitados con este tipo de empresas fan necesaria a implicación dos poderes públicos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- É coñecedor o goberno galego desta situación ou outras semellantes?
- Que actuacións tomou ou vai tomar o goberno galego para garantir que as grandes empresas de telecomunicacións cumpran co mantemento e resolución de avarías nun prazo non lesivo para as persoas consumidoras?
- Tense dirixido ao goberno do Estado para garantir o cumprimento da normativa? Ten pensado establecer actuacións propias desde o goberno galego a efecto das súas competencias en consumo?
- Considera o goberno galego que están garantidos os dereitos de atención das e dos consumidores galegos por parte das grandes empresas de telefonía?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 10:37
Nº Rexistro: 14466
Data envío: 23/08/2017 10:37:06.913

- Ten avaliado o goberno galego o tempo medio de resolución de incidencias deste tipo?

- Demandará o goberno galego a asunción de meirandes competencias para poder fiscalizar a calidade do mantemento das liñas de conexión?

- Considera o goberno galego que está garantido o cumprimento das franxas de protección da normativa de incendios? En que se basea?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/08/2017 10:26:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 10:37
Nº Rexistro: 14466
Data envío: 23/08/2017 10:37:06.913

María Montserrat Prado Cores na data 23/08/2017 10:26:50

Ana Pontón Mondelo na data 23/08/2017 10:26:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/08/2017 10:26:53

Olalla Rodil Fernández na data 23/08/2017 10:26:55

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2017 10:26:57

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727